

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18.

SESION ORDINARIA DO 27 DE DECEMBRO DE 2017

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Regades Fernández, David
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena (incorpórase ás 10,25 h.)
Muñoz Fonteriz, Elena (incorpórase ás 9,25 h.)
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día vinte e sete de decembro do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López

Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz e Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello número 18 convocado para o día de hoxe ás nove horas, orde do día en poder de tódolos membros, persoas integrantes deste Pleno, constatamos quórum, abrimos sesión pública e iniciamos a orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(198).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 25.10 E EXTRAORDINARIAS DO 16.11.2017).

(No momento da votación atópanse ausentes a Sra. González Sánchez e Muñoz Fonteriz)

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse ás actas do Pleno da Corporación correspondentes á sesión ordinaria do 25.10 e extraordinarias do 16.11.2017.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(199).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA O ANO 2018. EXPTE. 49/142 (REXISTRO PLENO 1673/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 18 de decembro de 2017, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite a seguinte proposta,

“O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 16 de novembro 2017, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2018.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 222 do día 20 de novembro, comezando a súa exposición o día 21, e rematando o prazo da mesma o 13 de decembro de 2017.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados 6 alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2018. Todas e cada unha delas foron resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou rexeitamento das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan no informe que se achega, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Todas as alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a reclamación/alegación non estivese en algún dos supostos previstos no artigo 170 do TRLRFL como causas obxectivas para establecer alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Referenciase en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de documento do Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, así como a identidade de quen a presentou, aínda que as mesmas forman parte do expediente. A contestación que en cada caso motiva a estimación ou rexeitamento figura no informe que conforma o expediente administrativo. Na identificación do alegante analízase a lexitimación en cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada, así mesmo en cada caso avalíase se se dá cumprimento as causas obxectivas que regula o artigo 170.2 do TRLRFL.

En consecuencia co anterior, emitíuse informe segundo ao contido das alegacións, pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

Tendo en conta o informe que figura no expediente identificado como de Alegacións e reclamacións, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno e logo do Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO...

En consecuencia do anterior o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 18.12.2017, o Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario, emite o seguinte informe.

"Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2017, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local para o ano 2018.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en xuntanza celebrada o día 6 de novembro de 2017, en aplicación do previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado definitivamente polo Pleno en sesión do 30 de maio de 2016 e publicado no BOP de 15 de xuño, no 114, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas aos Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2017. O prazo fixado comezou o día 6 de novembro e rematou o día 10 do mesmo mes ás 13,00 horas.

As emendas presentadas co número de Rexistro do Pleno 1647/1101 e 1648/1101, polos voceiros dos Grupos Políticos Municipais do Partido Popular e da Marea de Vigo, foron informadas con data 13 de novembro e polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, formulouse nova proposta coa mesma data.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión do 13 de novembro de 2017, ditaminou favorablemente a proposta formulada do Orzamento para o ano 2018.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 16 de novembro 2017, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo, para o ano 2018.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a

disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 222 do día 20 de novembro, comezando a súa exposición o día 21, e rematando o prazo da mesma o 13 de decembro de 2017.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta e incorporada ao expediente electrónico emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, 6 alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2018.

Achéganse para informe, aquelas que solicitan cambios, anulacións, creación ou alteracións de aplicacións orzamentarias.

Normativa de aplicación

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, po la que se aproba a estrutura dos orzamentos dás entidades locais.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local .

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En relación coa lexitimación activa para formular reclamacións en vía administrativa á aprobación do orzamento, os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, prevén tres categorías de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da respectiva Entidade local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL).
- b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC).
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC.

As reclamación e alegacións presentadas, incorporáronse ao expediente electrónico e físico. Da súa avaliación, todas cumprirían o requisito de lexitimación activa, xa que os reclamantes atópanse nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Ademais da lexitimación activa, deben concorrer as causas. O apartado segundo do citado artigo 170 do TRLRFL, así como o mesmo apartado do artigo 22 do R.D. 500/1990, enumeran os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

- ✓ Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio TRLRFL.

- ✓ En segundo lugar, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.
- ✓ En terceiro lugar, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

A doutrina maioritaria soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

O artigo 85.3 do Regulamento Orgánico do Pleno, establece que as reclamacións serán informadas, no prazo dos quince días seguintes ao de finalización do prazo de reclamacións, polo órgano municipal competente en materia de orzamentos, se existira, ou, no seu caso, pola Intervención Xeral que formulará proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao proxecto inicial coma consecuencia da estimación de reclamacións abrirose aos grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só poderán referirse a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno

Unha vez que queda tipificada a lexitimación activa e as causas polas que se poden formular reclamacións e alegacións ao Orzamento Municipal, as que se someten a informe son as seguintes:

Alegacións presentadas

Alegación presentada por D. Fernando Moreiras Corral, DNI: 36130927C, co número de documento do Rexistro Xeral 170166954 de data 29/11/2017, en representación da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello, CIF G36645885.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado, polo que cumpre o requisito subxectivo.

A alegación propón incrementar e crear as seguintes aplicacións:

3380.4800001, Convenio Reconquista AA.VV Casco Vello, suplementar en 30.000,00 euros.

4320.2279910, Convenio Casco Vello declaración festa de interese turístico, de nova creación, cunha dotación de 10.000,00 euros.

Diminución das aplicacións:

3260.4890010, Becas estudos internacionais, 10.000,00 euros.

3380.2260904, Festas de Vigo, 10.000 euros.

4320.2279904, Actividades de Promoción Turística, 5.000,00 euros.

4320.2279906, Plan de Actividade Turística, 10.000,00 euros.

4320.2279907, Plan de Promoción Turística, 5.000,00 euros.

A aplicación que se propón incrementar, foi obxecto dunha maior dotación, pasando dos 40.000,00 euros do ano 2016 aos 60.000,00 para o ano 2017, que se manteñen para o ano 2018.

En relación coa creación da nova aplicación 4320.2279910 por unha contía de 10.000,00 euros, a AV. Casco Vello nun principio non podería ser suxeito do contrato por non ter capacidade para contratar coa Administración, e non estar nos seus fins de actividade a execución dos devanditos traballos, polo que non se podería dotar unha aplicación ao Capítulo 2 do estado de gastos. En todo caso, o programa orzamentario 4320, no seu artigo 22, dispón de créditos para desenvolver todo o proxecto de trámite de declaración de festa de interese turístico cunha contratación directa do Concello se o goberno o considerase oportuno.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación obxectiva de alegación, tratase dunha aplicación alternativa de empregos, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento. .

Alegación presentada pola A.V.C.D SAMPAIO, CIF: G36648103, co número de documento do Rexistro Xeral 170174156 de data 12/12/2017

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado, polo que cumpre o requisito subxectivo.

No emprego alternativo proposto non se fai referencia a diminución de outras aplicacións, considerándose polo tanto, que a alegación non respecta o principio de equilibrio, tan so propon incrementos.

Proponse aumentar a aplicación 1710.6190003, Recuperación de zonas verdes e P. Públicos, sin especificar o importe necesario.

En relación coa alegación, a devandita aplicación forma parte dunha bolsa de vinculación xurídica de créditos (1710.619), cunha contía de 1.505.000,00 euros, polo que, será unha decisión que corresponda ao goberno establecer as prioridades en canto á execución das aplicacións orzamentarias que conforman a devandita bolsa de vinculación xurídica dos créditos.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación obxectiva de alegación, tratase dunha aplicación alternativa de empregos, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Alegacións presentadas por D. Antonio Collazo Collazo, cos números de documento do Rexistro Xeral 170174574, 170174577 e 170174580 de data 13/12/2017, en representación da Asociación Veciñal de Teis, CIF. G36646545.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado, polo que cumpre o requisito subxectivo.

As alegacións propón incrementar e crear as seguintes aplicacións:

Alegación co nº de rexistro, 170174574.

Dotar unha nova aplicación con 764.000,00 euros, para acondicionamento do edificio do antigo centro de saúde para biblioteca, ludoteca e local xuvenil de Teis.

Diminuír a aplicación 3260.2279917, programa educativo aulas internacionais na mesma contía.

Esta dotación está destiñada a dar cobertura ao novo contrato de prestación deste servizo tomando en consideración a demanda de prazas do ano 2017, polo que o seu incremento en relación co orzamento do ano 2018 foi unha decisión do goberno para dar cobertura as demandas non satisfeitas.

Alegación co nº de rexistro, 170174577.

Dotar unha aplicación para construción de beirarrúas no barrio de Teis por unha contía de 300.000,00 euros.

Diminuír a aplicación 4320.2279901, promoción turística Air Nostrun na mesma contía.

En relación coa alegación, a aplicación 1532.6190002, dispón dunha dotación para infraestruturas en parroquias, que de considerarse a oportunidade e preferencia neste investimento polo goberno, podería imputarse o gasto a esa aplicación, por ter a condición de xenérica.

Se no proceso de execución do orzamento, tendo en conta as baixas que se produzan nos proxectos que figuran no programa 1532, cabe a posibilidade de tramitar modificacións orzamentarias por transferencias de crédito (arts. 179 e seguintes do TRLRFL), para dotar con maior contía a devandita aplicación ou dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos (1532, 61), para acometer as obras que xurden dunha necesidade preferente no transcurso do ano.

En relación coa baixa proposta, os créditos están asociados a un futuro contrato, polo que non serían reducibles.

Alegación co nº de rexistro, 170174580

Dotar unha aplicación para construción dun novo parque infantil en Teis por unha contía de 250.000,00 euros.

Diminuir a aplicación 4320.2279902, promoción turística destinos rotas aéreas Ryanair na mesma contía.

En relación coa baixa proposta, os créditos están asociados a un futuro contrato, polo que non serían reducibles, sendo un obxectivo estratéxico para o goberno a de manter este tipo de servizo polo valor engadido que supón para economía da cidade.

En relación coa dotación dunha aplicación para un parque por 250.000,00 euros, a bolsa de vinculación xurídica de créditos (1710, 61), dispón dunha contía de 1.505.000,00 euros, polo que, será unha decisión que corresponda ao goberno establecer as prioridades en canto á aplicación das partidas que conforman a devandita bolsa de vinculación xurídica dos créditos.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación obxectiva de alegación, tratase dunha aplicación alternativa de empregos, non dunha alegación, procede o seu rexeitamento.

Don Xabier Pérez Iglesias , DNI531851185P, en calidade de responsable de Acción Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Vigo, presenta alegación co número de documento do Rexistro Xeral 170174914 de data 13/12/2017.

O documento no que se relacionan as emendas, está asinado por Don Serafín Otero Fernández, en calidade de responsábel Local de Vigo do Bloque Nacionalista Galego.

En canto a lexitimación activa, o artigo 170.1.c) do TRLRFL lle outorga a condición de interesado, polo que cumpre o requisito subxectivo.

A alegación desagrégase en 46 emendas.

Creación de novas aplicacións orzamentarias: 24 emendas, contía das 24 emendas, 4.970.000,00 euros.

Aumento de dotación en aplicacións: 12 emendas, contía das 12 emendas, 4.232.000,00 euros.

Total aumentos por novas aplicacións e por aumentos 9.202.000,00 euros.

Anulacións: 6 emendas, contía das 6 emendas, 5.363.615,47 euros.

Diminucións: 4 emendas, contía das 4 emendas, 3.838.384,53 euros.

Nun primeiro orde de competencias, a formación do Orzamento e unha prerrogativa outorgada polo artigo 168 do TRLRFL ao Presidente da Corporación, sendo

o proxecto presentado o formado por quen lle corresponde legalmente ou por quen obstenta a delegación da competencia.

Sen entrar na oportunidade dos empregos orzamentarios tanto nas aplicacións a crear como nas que se propón un suplemento, o financiamento está a cargo de baixas doutras aplicacións, que en determinados casos, están asociadas a contratos asinados, polo que non sería posible minorar a dotación sen previamente rescindir o contrato ou minorar a súa contía. De non facelo, a prestadora do servizo estaría no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, xa que o orzamento non tería dotado os créditos para atender aos compromisos adquiridos, neste caso contractuais que teñen a súa orixe nunha relación xurídica certa.

Os contratos que se verían afectados, entre outros, son os de tratamento do lixo na contía de 2.851.776,53 euros (verquidos en Sogama), cuxa dotación é necesaria para atender as necesidades de tratamento dos residuos sólidos urbanos. Os dos servizos complementarios de educación por unha contía de 1.764.000,00 euros (aulas internacionais) e 350.000,00 euros (Programa de medianeras), que a emenda propón a súa anulación, o que suporía rescindir o contrato vixente ou paralizar o proceso de contratación. Diminuír 350.000,00 euros do contrato de alugueiro das instalacións da UNED, ou supresión da contía destinada ao convenio de promoción cultural do Auditorio do Mar.

En relación coa diminución da aplicación destinada ao alumeado de nadal, suporía a resolución do contrato vixente, coas indemnizacións legais que correspondesen segundo o RDL 3/2011.

En relación coas dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, supón deixar de prestar os servizos de promoción da cidade nos destinos aéreos das operadoras actuais. Tamén se propón diminuír as contías dos contratos de subministro eléctrico das instalacións deportivas, ou dar de baixa para o financiamento da alegación, a subvención da Excma. Deputación de Pontevedra para a promoción turística, que ten a cualificación de financiamento afectado, o cal suporía a perda automática da mesma por destinala a un fin distinto do considerado no convenio asinado.

En todos os casos, as dotacións que se reflicten para os contratos en vigor, son as necesarias, non sendo posible a súa anulación ou diminución, sen que previamente se faga a preceptiva modificación ou rescisión do contrato coas indemnizacións que procedan. A modificación de contratos ten que axustarse ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, nos casos que nos ocupa, como a contía da modificación supón unha modificación substancial, require a rescisión do mesmo.

Ademais, propónse a baixa de certas aplicacións orzamentarias que non poden conformar fonte de financiamento, por estar asociadas a contratos en vigor.

O documento presentado ten un carácter de emenda parcial aos orzamentos máis que o de unha alegación. A emenda é unha institución reservada aos grupos

políticos con representación municipal, que teñen os seus prazos delimitados polo acordo da Comisión Informativa, aínda así, foi obxecto de estudo e avaliación. No caso de emendas, os grupos políticos con representación municipal, non están sometidos as limitacións contidas no artigo 170.2 do TRLRFL, podendo ser parciais ou a totalidade.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, a alegación conformada por 46 emendas, non concorre ningún dos supostos previstos no precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa dos empregos orzamentarios, non dunha alegación, polo que procede o seu rexeitamento.

Conclusión

As alegacións presentadas por: D. Fernando Moreiras Corral, DNI: 36130927C, co número de documento do Rexistro Xeral 170166954 de data 29/11/2017, en representación da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello, CIF G36645885. Alegación presentada pola A.V.C.D SAMPAIO, CIF: G36648103 co número de documento do Rexistro Xeral 170174156 de data 12/12/2017. Alegacións presentadas por D. Antonio Collazo Collazo, cos números de documento do Rexistro Xeral 170174574, 170174577 e 170174580 de data 13/12/2017, en representación da Asociación Veciñal de Teis, CIF. G36646545. Alegación presentada por Don Xabier Pérez Iglesias, DNI: 531851185P, en calidade de responsable de Acción Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Vigo, co número de documento do Rexistro Xeral 170174914 de data 13/12/2017, tendo en conta os supostos que en cada caso se reflicten neste informe, non responden aos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, que teñen que ter algunha das seguintes causas:

Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL.

Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

As alegacións presentadas representan unha opción de aplicación dos recursos públicos a outros empregos distintos dos propostos polo goberno e aprobados inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 16 de novembro de 2017, supón unha alteración das decisións dos órganos que teñen competencia na formación do orzamento, non constituíndo en ningún caso un dos supostos de alegación regulados no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que non se poden tramitar como alegacións nin ser aceptadas como tales por non cumprir cos supostos obxectivos regulamentados no devandito precepto.

En consecuencia co anterior, procede o rexeitamento das alegacións presentadas por non estar nos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL e non deben ser consideradas como alegacións, xa que as mesmas tan só poden ter o contido do previsto no artigo 170.2 da norma citada.

En todo caso, o órgano competente no proceso anual de execución do orzamento, pode adoptar acordos en execución do orzamento de gasto en relación con algunha das alegacións, ven dentro da bolsa de vinculación xurídica dos créditos que delimita a Base 4ª das de Execución do Orzamento, ven tramitando modificacións orzamentarias ou con cargo á mesma aplicación orzamentaria cando esta teña un carácter xenérico e exista equivalencia na natureza económica do gasto da alegación.

Non se altera o contido do orzamento aprobado inicialmente nin en termos cuantitativos nin cualitativos, polo tanto, non se require achegar informe adicional algún.

En canto á proposta, unha vez que se reflicta a desestimación das alegacións, o contido será o mesmo que o aprobado polo Pleno en sesión do 16 de novembro de 2017, que se corresponde coa aprobación inicial do Orzamento, non requirindo a incorporación de ningún informe adicional.

En canto á resolución das alegacións, o Pleno dispón do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP). Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento ata o día 18 de decembro, foron avaliadas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente, do 28 de decembro presta conformidade á precedente proposta.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 21.12.2017, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

PRESIDENCIA: Faremos quendas de 10 minutos e 5 finais por parte do goberno.

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste Pleno do mes de decembro confirmamos a aprobación definitiva do Orzamento deste Concello de Vigo para o ano 2018, Orzamento que é o máis elevado presentado por este goberno cumprindo coa nosa

obriga de presentar un Orzamento cada ano, Orzamento que ascende a 256 millóns e medio de euros. Un Orzamento caracterizado polo seu carácter social e polo seu carácter inversor, que adica tódolos seus recursos á cidadanía, a satisfacer as necesidades da cidadanía, feito exclusivamente con recursos propios. Esta é a distribución principal das principais partidas de gasto deste Concello como dicía é un Orzamento social, porque adica á política social máis dun 4,2% do que facía no ano 2017, adicamos partidas importantes ao Servizo de Axuda no Fogar, con máis de 4 millóns de euros, unha partida tamén moi importante de 1,8 millóns de euros a bolsas de libros e de comedor para os rapaces/as que así o precisan, axudas para alimentación e para a pobreza enerxética, axudas tamén para o fondo antidesafiuamentos, Programa de Menores para o Albergue, para o Centro de día, para axuda aos drogo-dependentes, para o Centro de Emerxencia, canguros para as persoas que sofren maltrato da violencia machista, axuda tamén para a rede de mulleres contra os malos tratos, e convenios con asociacións, e tamén dicía hai un momento que se trata dun orzamento claramente inversor e que neste documento orzamentario, no Orzamento, no plan político de actuación para o 2018 están moitas dos grandes investimentos da cidade, comezando pola humanización e pola reforma do proxecto da área de Gran Vía entre o cruce de Urzaiz e a Praza de España, a remodelación da Porta do Sol para facer esa gran praza pública no centro da cidade, na Porta do Sol, os ascensores que unen Isabel a Católica e a rúa Pizarro, os ascensores tamén do Vigo Vertical que unen a rúa Juan Ramón Jiménez, Marques de Valterra, Torrecedeira con Pi e Margal e co ascensor xa instalado en Camelias, as partidas precisas para a remodelación dos accesos á estación do tren de Alta Velocidade, as partidas tamén precisas para a remodelación da Avenida de Europa e para a instalación da cidade do carril bici, a mellora no río Lagares, por suposto, a Panificadora e as humanizacións das rúas desta cidade, tanto no centro como nas distintas parroquias, como poden comprender son uns orzamentos que presentan ese claro carácter inversor, transformador para a cidade e que pretenden mellorar as condicións de vida das persoas que vivimos en Vigo e tamén das que nos visitan en Vigo. Tódolos estes proxectos investimentos xeran por si mesmos emprego pero é que ademais as partidas do Plan de Emprego crecen máis dun 6% neste Orzamento para o 2018, con programas como Vigo Emprega, cun proxecto europeo xuvenil coa creación de empresas, cos convenios

cos sindicatos e cos axentes sociais, co apoio decidido deste goberno a feira Conxemar e tamén a feira Xifes. Polo tanto, partidas importantes para a cidadanía e para o tecido socioeconómico e do tecido económico desta cidade, pero é que ademais continuamos tamén coa liña de adicar tódolos recursos ás persoas e as persoas que máis o precisan, en educación crecen os orzamentos para o 2018 máis dun 5%, un 5,83% para ser exactos, adicamos importantes partidas a facer o que outras administracións non fan ou non queren facer, como son a cubrición dos patios dos colexios e que ademais de todo isto adicamos recursos a unha sala de usos múltiples en Navia, importante para ese barrio da cidade e continuamos coa política de inmersión lingüística en inglés, incrementan a partida de becas máis do 15% de bolsas en inglés chegando a unha partida de 1,9 millóns de euros que van permitir que todo a poboación escolar de Vigo poida gozar dunha bolsa en inglés, para coñecer este idioma que sen dúbida mellora a súa empregabilidade e a formación dos nosos estudantes, adicamos tamén importantes partidas á Universidade Nacional de Educación a distancia para que as persoas que así o precisan, que así queren poidan estudar os seus graos, carreiras universitarias nesta cidade e tamén apoiamos á Universidade de Vigo cunha partida para accións dos estudantes da Universidade de Vigo. Por suposto, mantemos as escolas municipais de teatro, danza, música e como non tamén as escolas infantís municipais cunha importante achega que permite que máis de 600 rapaces/as desta cidade poidan tamén participar ou gozar das escolas infantís municipais, a uns prezos por certo moito máis baixos dos que fixa a Xunta de Galicia na súas escasas escolas infantís, nós temos escolas infantís espalladas por toda a cidade que permiten a conciliación da vida persoal e laboral das persoas na nosa cidade. Pero é que ademais da Educación tamén como unha forma de facer cidade, unha forma precisa de facer cidade están as cuestións do deporte, no deporte incrementamos máis dun 31% o Orzamento e cumprimos un dos obxectivos da lexislatura, porque melloramos instalacións deportivas, adicamos recursos á cubrición das pistas de tenis de Samil, partida tamén importante do pavillón de Quirós, o pavillón de Romil, o céspede nos campos fútbol e a mellora nos vestiarios dos campos de fútbol, adicamos tamén recursos á mellora das pistas que están baixo da grada de Río e o proxecto de Gol e Marcador, pero é que ademais adicamos tamén 850.000 euros de axudas ao deporte de base que permite que os

clubs deportivos que están na cidade poidan gozar de axudas para que os rapaces/as poidan practicar o deporte nunhas condicións dignas e xunto co deporte de base tamén a axuda aos equipos de elite da cidade, aos 15 equipos de elite da cidade e os deportistas individuais que temos na cidade.

Mellorando polo tanto, as condicións de vida da cidade tamén coa mellora dos parques que temos na cidade, crecemos neste Orzamento de parques un 8% para o 2018 e adicaremos importantes recursos a parques como o da rúa Coruña, en Candean e outros que se irán desenvolvendo ao longo do 2018, xunto cos parques que están en marcha en Navia, en Barreiro, na rúa Venezuela e que permitirán confeccionar unha nova estrutura da cidade para que as persoas poidan gozar desta cidade.

Polo tanto, uns orzamentos para 2018 que avanza nesa liña de mellora constante da cidade, de satisfacción das necesidades da cidadanía e que se fan, hai que dicilo, con recursos propios, exclusivamente con recursos propios do Concello, como é sabido estamos nunha situación de débeda cero, polo tanto faise exclusivamente cos ingresos correntes que temos neste Concello e adicando importantes recursos como dicía a esas necesidades da cidade, tamén para satisfacer as necesidades das asociacións e dos colectivos adicamos máis de 33 millóns de euros a subvencións, incrementando un 3% esa partida de subvencións todo elo sen contar co que se chama orzamentos de gastos fiscais, é dicir, o importe das bonificacións que temos tamén previstas nas ordenanzas do Concello de Vigo e que rondan os 8 millóns de euros, polo tanto, son uns orzamentos claramente inversores, sociais, que atenden ás necesidades da cidadanía e que así o reflicten as alegacións presentadas pola cidadanía que confirman esa proposta.

Polo tanto, neste caso, no caso da cidade de Vigo a presión fiscal tamén máis baixa das cidades de Galicia permite que a cidadanía goce dos recursos que achega o Concello para obter a satisfacción da súas necesidades, todo isto faise tamén nun escenario no que a solvencia económica do Concello de Vigo está máis que referendada pola autoridade fiscal independente, na que tamén o período medio de pago á provedores é o máis baixo das cidades de Galicia, non só das cidades de Galicia senón das principais cidades de España e polo tanto nun contexto no que as contas públicas deste Concello son unhas contas solventes, equilibradas e que permiten facer estas políticas de gasto que atenden ás necesidades da cidadanía.

Polo tanto, Orzamentos centrados no benestar da cidadanía, en facer unha cidade habitable, en garantir os servizos públicos fundamentais e de calidade para os residentes e para os cidadáns desta cidade e uns orzamentos tamén claramente inversores que melloran as condicións de vida dos cidadáns, de hoxe e tamén do futuro desta cidade.

SR. PÉREZ CORREA: Nós entendemos que este non é o debate que tivemos hai un mes, hai un mes apenas tivemos un debate precisamente nos mesmos contidos, creo que a intervención do concelleiro de Facenda era exactamente a mesma, entre a aprobación inicial do Orzamento hai un mes, na que vostedes presentaron un proxecto de Orzamento, nós presentamos naquela altura unha emenda á totalidade, e o grupo Popular presentou emendas parciais ao Orzamento, houbo un informe tamén desestimando esas emendas e o debate que tivemos naquela altura é exactamente o que vostede está a trasladar pero é que agora hai algo novo, ou polo menos entendemos que hai algo que debería centrar este debate que son as alegacións que presentaron diversos colectivos, asociacións de veciños, algún partido político desta cidade sen representación institucional pero que nós consideramos que debería estar precisamente nesta Corporación senón existira unha lei electoral totalmente inxusta que para nós son suficientemente ou teñen unha entidade suficientemente importante como para que foran tomadas en conta ou polo menos que a intervención do concelleiro de Facenda se centrara nesas alegacións, porque non imos repetir o debate da aprobación inicial do Orzamento, xa debatemos e creo que está expresada publicamente a posición dos grupos, podemos volver a falar do que consideramos que forma parte do spoiler que vostede sempre fai da política orzamentaria deste Concello e o que nós consideramos que ao final queda nun quero e non puido.

Imos falar e queremos falar dunha cuestión de eiva democrática que ten este orzamento que aquí se demostra de novo que volve a fallar unha das cuestións centrais para case tódolos concellos de España pero non só para estes, senón tamén para a FEMP que recomenda certo protocolo ou polo menos certas medidas de participación cidadá. Nós dicíamos cando vostedes presentaron o proxecto de Orzamento, en que momento un colectivo social, unha asociación de veciños, unha organización política que está fora da Corporación en que momento poden

presentar achegas, vostedes deixaron claro que antes de presentar o proxecto orzamentario non, vostedes deixan claro que abrir unha vía do que se chama orzamento participativo cun mecanismo, regulamento, cunha metodoloxía, xa dixeron que non, que non fai falla, que os veciños se teñen que decatar por un medio de comunicación incluído este grupo municipal de que se vai presentar un Orzamento, incluso as cifras as coñece antes ese medio de comunicación que este grupo municipal, vostedes xa deixan claro que a política de abrir o Orzamento á cidadanía de Vigo, cero, pero que tampouco despois, é dicir, nun momento que se publica no Boletín Oficial da Provincia que algunhas asociacións e logo nos minutos que podamos falaremos destas propostas, se desestiman todas aplicando o criterio de que o artigo 170 da Lei de facendas locais, pois ningunha asociación está lexitimada ou polo menos cumpre os requisitos e os motivos taxados nos que esa asociación podería presentar unha reclamación por vía administrativa, entón nós dicimos en que momento chegan as propostas da cidadanía? Xa sei que me van dicir que o Alcalde escoita á cidadanía e que fan propostas e se recollen, supoño que será nunha “libretiña” que leva algún asistente do Alcalde, iso non é un Orzamento participativo, non é que o digamos nós é que o di a propia Federación Española de Municipios e Provincias que o mecanismo de participación ten que ser un mecanismo regulado, transparente, o propio Código de Bo Goberno da FEMP introduce o criterio de que ten que ser mediante ferramentas informáticas que permitan incluso votar as propostas e nós dicimos en que momento vaise poñer iso enriba da mesa porque vendo estas series de alegacións que presentan as asociacións de veciños de Teis, de Saiáns e do Casco Vello, o Bloque Nacionalista Galego, e creo que me deixo algunha máis por aquí, vendo estas alegacións a nós parécennos alegacións polo menos que deberían ser tida en conta se ben, vostedes non o queren facer no que é o inicio do exercicio Orzamentario, como ben recolle o informe, hai algunhas cuestións de oportunidade política ou algunhas cuestións que recolle o propio informe que poderían ser tomadas en conta ao longo de desenvolvemento do exercicio orzamentario, hai lugares comúns nalgunhas alegacións que nós compartimos, hai lugares comúns, o tecido asociativo de Vigo é capaz tamén de analizar un Orzamento e ven eivas que nós tamén vemos, entre elas por exemplo, eles consideran que determinadas partidas de gasto como son as subvencións a liñas aéreas, como son as bolsas de inglés,

que suman un importe importante de recursos económicos dun concello e que non son competencias municipais, cando levamos a batalla competencial, as bolsas de educación non son competencias municipais agás que vostedes me digan que a Xunta de Galicia non ten competencia en educación ao Ministerio de Educación, eles din reducir esas partidas para poder empregar eses recursos en outras cousas que si son competencias municipais e creo que están ben fundamentadas algunhas das propostas que fai por exemplo o Bloque Nacionalista Galego, que fai a asociación de veciños de Teis, ou que fai os veciños/as do Casco Vello con respecto á Reconquista, polo tanto, cal é o mecanismo no que unha asociación ou un colectivo social ou algunha entidade pública, pode facer algunha achega a este Orzamento, en que momento, a parte publicamente porque non é unha reunión bilateral no despacho do Alcalde, en que momento iso é visible calquera cidadá pode avaliá-lo, calquera asociado desa asociación pode opinar e polo tanto tamén que mecanismos se poden artellar para que as decisións ou as propostas se poidan votar e vinculen, sempre e cando cumpran a legalidade obviamente e os criterios de estabilidade orzamentaria e os criterios que marca o Ministerio de Facenda para presentar un Orzamento pero se non é antes nin é despois, gustaríanos que nos dixera en que momento se pode facer porque os concellos deste país están facendo este mecanismo con toda naturalidade sen ningún tipo de problema, o esta facendo Madrid, Barcelona, A Coruña, Santiago de Compostela, con realidades orzamentarias moito máis difíciles que a nosa e sen ningún problema, no caso de Santiago de Compostela un millón de euros de investimentos que polo menos os veciños poden decidir en canto a prioridade, porque sería bo tamén preguntar nas parroquias cales son as prioridades dos investimentos porque moitas veces dánse por feito que as prioridades dos investimentos son as que di un concelleiro, un alcalde e moitas veces cando baixamos a realidade dos barrios as prioridades da xente son outras.

Polo tanto, nós que xa defendemos unha posición contraria a este orzamento, nos vemos ratificados no momento en que nin sequera as alegacións que poida presentar a cidadanía son tidas en conta e se resolven coa vía do artigo 170 e tomando como referencia pois que nos colectivos sociais de Vigo pois non son ou non teñen lexitimidade para alegar unha proposta orzamentaria. Aquí hai propostas interesantes, hai eivas de dotacións e infraestruturas nas parroquias que

veñen de vello, hai unha reclamación da Asociación de Veciños do Casco Vello do que ten que ver coa mellora e coa extensión internacional case da festa da Reconquista, está ben fundamentada, ademais nos consta que algunhas destas cuestións xa foron presentadas nun documento, no caso da Asociación de Veciños do Casco Vello, un documento ben argumentado de porque a partida da Reconquista debería aumentar, aquí hai dotacións que teñen reclamado dende vello pola Asociación de Veciños de Teis e que cremos que melloraría a cuestión dotacional do barrio, é certo que algunhas dependen doutras administracións que deberían ceder edificios, pero polo menos aquí o que se está a propoñer é a apertura dun estudo para saber cales poderían ser os usos que se lle poderían dar eses edificios en propiedade da Tesourería da Seguridade Social ou do SERGAS, dependendo dos edificios propostos, nós pensamos que nos teñen que dicir como a cidadanía de Vigo como pode participar neste Orzamento, se non pode participar que se diga, pero entón retiremos a aprobación do Código do Bo Goberno da FEMP que di: “se implementarán los presupuestos participativos como instrumentos de mejora en la participación de la ciudadanía en la asignación de los recursos públicos y en la definición de objetivos prioritarios de gestión”, branco e en botella.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Unha vez máis o Sr. Aneiros ven aquí a darse golpes no peito, a dicir que ben o fai, agora descubrimos unha nova técnica que mentres nos mostra o “quesito” do Trivial, por detrás vai contándonos toda a retaila de cousas que din que van facer pero ao final nunca acaban facendo porque ano tras ano o Orzamento serve para nada, para pagar os gastos correntes e despois para moi pouco máis, dende logo vostedes están moi afastados do que é a realidade de Vigo do día a día, demostran ter cero autocrítica a pesares de ser un dos concellos de España que máis soben os impostos, Vigo é un dos Concellos de España que máis sobe os impostos municipais ano tras ano e é ademais un dos concellos de España que peor xestiona eses impostos, non hai case novos investimentos e os novos proxectos case que nada, o ano pasado os dous proxectos estrela para este ano eran a Panificadora e a remodelación do centro deportivo municipal das Travesas, á vista está un ano despois que hai deses dous proxectos, a Panificadora igual, só hai que correr a cortiña para saber como está e o Centro Deportivo Municipal só

hai que darse unha volta para ver por exemplo como está o frontón que da pena velo cando falan de investimentos en deportes.

Porque saben o que queren oír os vigueses do seu goberno municipal? Os vigueses o que queren escoitar porque din que hai cartos en caixa, que temos unha saúde económica boa, pois o que queren escoitar os vigueses é que lle baixen os impostos e as taxas municipais, iso é o que queren escoitar, que non segan pagando ano tras anos máis cartos porque son os seus cartos, son os cartos dos vigueses e senón ao menos que cos seus cartos que se fagan cousas que vaian en beneficio da cidade de Vigo, do pobo de Vigo e non só en beneficio do señor que está ostentando a Alcaldía de Vigo, que non só serva para pagar os seus chascarrillos e a propaganda do Sr. Alcalde, ou o que é o mesmo, recadar para fanfarronear que é o que pasa no Concello de Vigo.

Por iso o Orzamento debería de ser o documento máis importante que se debata en Vigo durante o ano, debería de ser un elemento indispensable para o funcionamento do día a día da cidade, debería de marcar as liñas xerais do que pretende Vigo para os próximos anos, debería marcar as liñas xerais pero aquí en Vigo non hai proxecto de cidade, levamos dez anos e medio e aínda non sabemos que quere o Sr. Alcalde que sexa Vigo nos próximos dez e quince anos, tería que ser Vigo e este Orzamento unha ferramenta para impulsar o desenvolvemento da cidade, para impulsar o seu crecemento económico, para xerar emprego e non un obstáculo para conseguir eses obxectivos; porque o Orzamento municipal é unha oportunidade e por iso dende o Partido Popular de Vigo facemos unha chamada ao sentido común, sexan conscientes vostedes do que teñen entre mans, 256 millóns de euros para impulsar e apoiar o futuro de Vigo e non para malgastalo en fotos, en propaganda e en portadas de xornais, pero lamentablemente despois de dez anos de política populista, personalista e oportunista o documento que hoxe presentan é máis do mesmo, xa ninguén se sorprende, vostedes non teñen un proxecto para Vigo, non o teñen e ano tras ano o seguen a demostrar, seguen demostrando que os vigueses non podemos contar co noso Concello para ter unha cidade aberta, unha cidade con boas infraestruturas, unha cidade que debería estar na primeira liña da cultura, do deporte, do comercio ou do turismo ou do emprendemento por poñer algúns exemplos. Este documento, polo tanto, só lles serve para unha cousa, para que o Alcalde o Sr. Caballero, fillo adoptivo da cidade

de A Coruña, sega mantendo a poltrona, manexando os cartos da cidade ao seu antollo, para iso é para o que serve estes 256 millóns de euros. Este Orzamento só lle serve a un señor que leva en política dende o ano 1982, cando se presentou de candidato a deputado pola provincia de A Coruña, que xa choveu dende 1982, para seguir sendo o Alcalde de Vigo, aquel que se presentaba por A Coruña para ser o Alcalde de Vigo, e isto é moi triste que o Orzamento non lle serva á cidade e só lle serva a un señor porque a receita é mesma de sempre, subir os impostos municipais o máis que se poda, temos o triste record de ser dos concellos de España que máis soben os impostos, pagar os impostos máis altos de Galicia, o IBI máis alto de Galicia, a auga máis alta de Galicia, unha auga pola que non se consume e pola que se que paga, o imposto de circulación máis alto de Galicia, o Vitrasa máis alto, somos os campións do mundo en impostos altos, o do IBI é un escándalo, e machacar a multas de tráfico, iso tamén para facer caixa, o máis posible e logo con todo iso vender o fume, o fume véndeno moi ben empaquetado, con "lacitos" de cores, con música, con villancicos e con guitarra, o fume véndeno moi ben pero proxectos novos res de res, nada de nada, nin están nin se lles esperan, e isto é o que lles quedan, non quedan 17 meses, para finalizar o mandato e o que nos espera é, un Alcalde que nunca ten a culpa de nada, nos espera un Alcalde cuxa forma de facer política basease sempre na bronca permanente, nos queda un Alcalde que lle da sempre as costas aos vigueses e sempre as costas ao consenso, ao consenso en Vigo cando foi o tema da sanidade e do novo hospital, que agora xa non fala do novo hospital, ao consenso coa Área Metropolitana e ao consenso tamén agora co tema da auga para os vigueses, é moi triste, por iso tamén o que nos queda é un Alcalde que ultimamente está a cometer moitos erros e moitas imprudencias, refírome sobre todo á xestión dos incendios pola que quixo pasar correndo e de puntillas e tamén á xestión da auga, non da seca que non ten a culpa, pero si da calidade da auga, porque estas contas son unhas contas falsas, e este orzamento fáltalle moitas cousas, fáltalles a indemnización de máis de 70 millóns de euros que haberá que pagar polo rescate do Auditorio Palacio de Congressos, fáltalles os cartos da potabilizadora que tiña que poñer en marcha xa no ano 2010 e que o Plan Xeral, ese marabilloso, que despois falaremos un pouco de Urbanismo dicía que había que pagar entre Xunta de Galicia, Concello de Vigo e concesionaria, fáltalle, e tamén o que si que temos e

o que nos queda nestes 17 meses é un Alcalde que segue entregado as concesionarias, Aqualia, Vitrasa, FCC, Imesapi, Dornier, un Alcalde con moitos problemas á hora de contratar, un Alcalde con incapacidade para quitar adiante cuestións importantes para Vigo como as oposicións municipais, como os contratos mal xestionados de Parques e Xardíns, que é unha vergoña como está a cidade ou como por exemplo, os aparcadoiros de Praza de Portugal ou Porta do Sol; un Alcalde que é incapaz de quitar adiante eses proxectos de cidade como o Plan Xeral, como o novo Balaídos, a ver se o quita desta vez, como infraestruturas importantes que xa desapareceron do Orzamento como o do túnel de Julián Estévez, a biblioteca do estado, o transporte metropolitano, un Alcalde que non quere un Vigo aberto e un Vigo conciliador, un Alcalde que non ten proxecto cultural para a cidade, non o hai, non hai proxecto deportivo, non hai proxecto turístico, non hai proxecto comercial, agora si, agora non, Porto Cabral, Recaré, Valladares, Inmochan, que queremos para a cidade de Vigo? Que proxecto comercial, cultural, turístico, deportivo temos. Un Alcalde que por moito que mintan Vigo segue a estar moi lonxe da media nacional en gasto por habitante en Benestar Social e Emprego, e non hai máis que correr esta cortina e ver persoas que levan acampadas un ano, persoas sen teito e sen fogar que levan un ano esperando ao Alcalde ou a algún concelleiro que se digne a escoitalos. Por iso, o que non queda tamén é un Alcalde que trata de instalar e pensamento único e a ameaza a todos os que discrepan deste réxime establecido en Vigo, iso é o que nos queda en 17 meses, un Alcalde mais adicado a entreter e a buscar un aplauso fácil que a resolver os problemas dos vigueses, por iso nós cremos dende o Partido Popular, que é perfectamente compatible gobernar e ser respectuoso, ser correcto, educado co resto dos grupos, escoitalos, porque somos representantes públicos, democraticamente e libremente elixidos, e por iso o Partido Popular quere unha cidade respectuosa, e un Alcalde respectuoso, digno para os cidadás que representa, para todos, e queremos unha cidade libre na que se poida falar, que se poida tamén discrepar e non aplicar o rodillo ás emendas, ás alegacións porque non temos nada de nada, só hai un pensamento único e unha visión única, o que teremos serán máis impostos e máis propaganda.

SR. ANEIROS PEREIRA: Se tivera que resumir as intervencións da oposición, o exemplo máis gráfico sería este, nada por aquí, nada por alá, este é o exemplo das intervencións do Partido Popular e do grupo de Mareas, porque se a cidadanía de Vigo estivese escoitando este debate que o escoitará, ten clara unha cousa, o Partido Popular vive afastado da realidade, parece que vive digamos rodeado dun muro de catro metros que non lle deixa ver o que está afora, porque a pouco que saiamos da cidade, a pouco que camiñemos por esta cidade, veremos que nos rodean rúas humanizadas, onde melloramos as canalizacións de auga, a recollida da auga, o transporte, a mobilidade urbana sostible, melloramos a cidade. Rúas tamén que acollen á xente, que sabe que este Concello defende os intereses da cidade, rúas tamén que atraen a viaxeiros non só do entorno metropolitano, non só da comunidade autónoma de Galicia, senón doutras partes de España porque este é un Concello que apoia entre outras cousas o comercio de Vigo, o turismo de Vigo, a cidadanía de Vigo e que apoia como non o fai a Xunta de Galicia ao Aeroporto de Vigo e iso é o que permite que o turismo en Vigo repunte, que Galicia repunte en turismo, que a xente veña de fora de Vigo a ver ata o alumeado de Nadal, iso é o que se ve cando un sae a rúa Sr. Fidalgo, eu entendo que vostede queira facer méritos, non sabemos moi ben para que, pero non sabemos se para o Club da Comedia ou para ser candidato nas próximas eleccións, pero propostas cero, propostas fixo cero, así que non sei a que ven consumir cinco minutos de tempo para non dicir nada porque mire se de algo sabe a cidadanía Sr. Fidalgo, é que a Xunta de Galicia en Vigo cero, non vemos a Xunta de Galicia apoiando a cesión da autopista do Atlántico e como vía urbana dende Teis ata Vigo, non vemos á Xunta de Galicia facendo investimentos en Vigo, non vemos á Xunta de Galicia facendo investimentos en política social, vemos a Xunta de Galicia facéndonos pagar aos vigueses as competencias da Xunta de Galicia porque nos obriga por lei de orzamentos a cofinanciar servizos que ten en competencia exclusiva a Xunta de Galicia, diso vostede no fala Sr. Fidalgo, non fala de que a Xunta de Galicia estableceu un imposto ao Concello de Vigo como ao resto dos concellos para cofinanciar servizos sociais, servizos educativos que temos que pagar nós cando son competencias da Xunta de Galicia, iso vostede non o ve, non ve tampouco que a Xunta de Galicia non apoie ao Aeroporto de Vigo, non ve que a Xunta de Galicia no apoia a sanidade de Vigo, ao benestar da cidadanía de Vigo como nós, é o

Concello de Vigo, é o goberno de Vigo o que apoia a cidadanía de Vigo. Pero mire, son tamén uns orzamentos, respondendo en parte tamén ao Grupo de Marea que teñen en conta as necesidades da xente, cando a xente reclama que se lle humanice a súa rúa ou reclama que unha partida de parques infantís se concrete na súa parroquia ou se concrete nos seu barrio, está aportando en positivo un apoio aos orzamentos do Concello de Vigo, un apoio aos orzamentos deste goberno, pero mire, iso de orzamentos participativos eu non sei se se refire aos orzamentos participativos de Ferrol onde goberna Marea, de A Coruña onde goberna Marea, de Santiago de Compostela onde goberna Marea, son tan participativos que dende o ano 2015 seguen sendo participativos porque non presentaron un novo proxecto de orzamento, nós cumprimos coa obriga e coa necesidade de presentar un proxecto de Orzamento que pretende satisfacer e que satisface as necesidades da cidadanía, pero tampouco sabemos se vostede quere defender aqueles que din que temos que adicar menos a bolsas de inglés para que os rapaces de Vigo, para que un si e outros non, é dicir, para que os fillos dos ricos poidan pagar cursos de inglés ou non, se quere tamén restrinxir os voos ao Aeroporto para que a xente non poida viaxar e o tecido económico de Vigo non poida viaxar, ou se defende tamén aqueles que din que temos que rescindir contratos como o do reciclaxe de residuos en Sogama, por exemplo, ou a enerxía eléctrica nas instalacións deportivas, non sabemos se se refire a iso ou o mantra do rescate das concesionarias, ou cortar o alumeado de Nadal, iso é o que din o que vostedes defenden, se queren defender esas propostas díganlo claramente, se queren defender o santicidade, díganlo claramente, porque se hai un documento claro no último trimestre do ano é o Orzamento municipal para o vindeiro ano, ese é o momento de facer propostas e non hai ningún modelo alternativo de cidade, nin de propostas, nin de políticas de gasto.

PRESIDENCIA: Por undécima vez consecutiva esta cidade ten Orzamentos en tempo e en forma.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

- a) Desestimar a Alegación presentada por D. Fernando Moreiras Corral, DNI: 36130927C, co número de documento do Rexistro Xeral 170166954 de data 29/11/2017, en representación da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello, CIF G36645885, de acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, non concorrendo os supostos obxectivos do davandito precepto.
- b) Desestimar a alegación presentada pola A.V.C.D SAMPAIO, CIF: G36648103, co número de documento do Rexistro Xeral 170174156 de data 12/12/2017, a mesma non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- c) Desestimar as alegacións presentadas por D. Antonio Collazo Collazo, cos números de documento do Rexistro Xeral 170174574, 170174577 e 170174580 de data 13/12/2017, en representación da Asociación Veciñal de Teis, CIF. G36646545, de acordo ao informe da Dirección superior Contable e Orzamentaria, a alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

As alegacións reflectidas nos apartados a), b) e c), tendo en conta que fan referencia a obras ou gastos adicionais dentro das bolsas de vinculación xurídica dos créditos que regula a Base 4ª das de Execución do Orzamento con contía superior que a que representan en cada caso as alegacións, no proceso de execución do orzamento, tendo en conta as baixas que se produzan nos procedementos de contratación, poderíanse acometer algunha das solicitudes propostas se se consideran de preferencia. Tendo en consideración as necesidades e empregos a satisfacer, e a insuficiencia dos recursos para facer fronte á totalidade das mesmas, os empregos que figuran no proxecto de Orzamento en trámite, foron os considerados polo goberno como preferentes, aínda que na procura da maior eficiencia posible dos recursos, os excesos que se produzan polos procedementos de contratación, poderán destinarse a este tipo de finalidades.

- d) Desestimar a alegación presentada por Don Xabier Pérez Iglesias , DNI: 531851185P, en calidade de responsable de Acción Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Vigo, co número de documento do Rexistro Xeral 170174914 de data 13/12/2017, con 46 emendas asociadas.

Creación de novas aplicacións orzamentarias: 24 emendas, contía das mesmas 4.970.000,00 euros.

Aumento de dotación en aplicacións xa dotadas: 12 emendas, contía das 12 emendas, 4.232.000,00 euros.

Total aumentos por novas aplicacións e por aumentos 9.202.000,00 euros.

Anulacións: 6 emendas, contía das mesmas, 5.363.615,47 euros.

Diminucións: 4 emendas, contía das 4 emendas, 3.838.384,53 euros.

Da avaliación feita, ponse de manifesto a imposibilidade de tomala en consideración por afectar en gran medida a contratos en vigor ou en fase de licitación. Entre outros, os contratos que se verían afectados, son os de tratamento do lixo na contía de 2.851.776,53 euros, cuxa dotación é necesaria para atender as necesidades de tratamento dos residuos sólidos urbanos da cidade, afectando ao contrato vixente con Sociedade SOGAMA. Os dos servizos complementarios de educación por unha contía de 1.764.000,00 euros e 350.000,00 euros respectivamente, que afectarían as prestacións a cargo do contrato de Aulas internacionais ou ao desenvolvemento do programa cultural urbano de medianeras, que a emenda propón a súa anulación, o que suporía rescindir o contrato vixente ou paralizar o proceso de contratación.

En relación coa diminución que se propón da aplicación destinada ao alumeado de nadal, suporía a resolución do contrato vixente, coas indemnizacións legais que correspondesen segundo o RDL 3/2011.

Propónse igualmente dar de baixa unha aplicación que reflicte o convenio en vigor coa Excmá Deputación de Pontevedra para o financiamento de promoción turística, sendo este un gasto con financiamento afectado, polo que de non ter a aplicación destes recursos aos empregos afectados, o axente financiador non quedaría suxeito aos compromisos que reflicte o convenio, en consecuencia, suporía a perda automática deste recurso, polo que tampouco cabería a posibilidade legal de alterar o destino deste recurso.

En canto as dotacións que se corresponden coa promoción turística, de atender a alegación, suporía deixar de prestar os servizos de promoción da cidade nos destinos aéreos das operadoras actuais. Tamén se propón diminuír as contías dos contratos de subministro eléctrico das instalacións deportivas, o cal ten unha avaliación técnica.

A modificación de contratos ten que axustarse ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, nos casos que nos ocupa, como a contía das modificacións supón unha modificación substancial, require a rescisión dos mesmos.

En relación cos supostos taxados no artigo 170.2 do TRLRFL, non concorre ningún dos supostos previstos no precitado precepto, polo que, non ten a cualificación de alegación, tratase dunha aplicación alternativa do gasto, non dunha alegación, non se cumpren as causas obxectivas que establece o ordenamento xurídico para tomar en consideración a alegación.

En todos os casos, as dotacións que se reflicten para os contratos en vigor, son as necesarias, non sendo posible a súa anulación ou diminución, sen que previamente se faga a preceptiva modificación ou rescisión do contrato coas indemnizacións que procedan. A modificación de contratos ten que axustarse ao previsto no artigo 107 do TRLCSP, nos casos que nos ocupa, como a contía da modificación supón unha modificación substancial, require a rescisión do mesmo.

Ademais do anterior, estase a propor un uso alternativo dos recursos que tan só podería tramitarse cunha enmenda parcial aos orzamentos, institución esta reservada aos grupos políticos con representación municipal, que teñen os seus prazos delimitados polo acordo da Comisión Informativa.

En resume, todas as alegacións presentadas dan cumprimento aos supostos de lexitimación activa, aínda que ningunha delas dá cumprimento as causas obxectivas, sendo esta a causa pola que o informe técnico propón o seu rexeitamento.

- e) Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2018, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo, non habéndose producido ningunha alteración en relación co Proxecto aprobado polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de data 16

de novembro de 2017, polo que, non se incorporan máis informes cos contidos inicialmente, coas excepcións dos relativos á resolución das alegacións.

O Proxecto de orzamento está integrado por:

Orzamento da Entidade Local.

Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.

Reflictese nesta proposta o resume por Capítulos da clasificación económicas de gastos, ingresos e por Áreas de Gastos, tanto para o Orzamento da Entidade como o do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo así co os estados Consolidados. En relación con este últimos, os estados orzamentarios que conforman o expediente do Orzamento, inclúen unha consolidación a todos os niveis (Capítulos, Áreas, Aplicacións, Programas....)

A estrutura orzamentaria que se presenta axústase ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e a Orde 419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde 3565/2008.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DO ESTADO GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE E COMPARATIVO 2017-2018

CAPÍTULO	Gastos Entidade			Ingresos Entidade		
	Importe 2017	Importe 2018	Variación %	Importe 2017	Importe 2018	Variación %
1	64.636.637,38	65.770.783,38	1,75%	105.386.182,34	107.973.311,88	2,45%
2	118.126.501,49	119.979.042,90	1,57%	7.871.804,00	8.435.311,27	7,16%
3	7.030,00	3.530,00	-49,79%	37.245.569,63	38.467.338,63	3,28%
4	32.884.979,13	33.926.225,42	3,17%	77.338.950,03	76.526.805,07	-1,05%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.168.000,00	2.393.000,00	10,38%
Op. Corr.N.F.	216.255.148,00	220.279.581,70	1,86%	230.010.506,00	233.795.766,85	1,65%
6	13.528.498,00	31.130.357,41	130,11%	,00	,00	0,00%
7	305.000,00	931.069,50	205,27%	80.000,00	18.545.241,76	23081,55%
Operac. Non F.	230.088.646,00	252.341.008,61	9,67%	230.090.506,00	252.341.008,61	9,67%
8	647.860,00	646.000,00	-0,29%	646.000,00	646.000,00	0,00%
9	,00		0,00%	,00		0,00%
Total	230.736.506,00	252.987.008,61	9,64%	230.736.506,00	252.987.008,61	9,64%

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS DOS ESTADOS CONSOLIDADOS E COMPARATIVO 2017-2018

	Gastos dos estados consolidados		Ingresos dos estados consolidados
--	---------------------------------	--	-----------------------------------

CAPÍTULO	Importe 2017	Importe 2018	Variación %	Importe 2017	Importe 2018	Variación %
1	68.531.459,73	69.712.103,38	1,72%	105.386.182,34	107.973.311,88	2,45%
2	119.645.166,67	121.690.910,43	1,71%	7.871.804,00	8.435.311,27	7,16%
3	7.030,00	3.530,00	-49,79%	38.326.169,63	39.812.438,63	3,88%
4	27.061.579,13	28.102.825,42	3,85%	76.081.437,56	75.402.392,60	-0,89%
5	600.000,00	600.000,00	0,00%	2.178.000,00	2.403.000,00	10,33%
Op. Corr. N.F.	215.845.235,53	220.109.369,23	1,98%	229.843.593,53	234.026.454,38	1,82%
6	16.221.498,00	34.781.257,41	114,41%	2.500.000,00	3.300.000,00	32,00%
7	355.000,00	981.069,50	176,36%	80.000,00	18.545.241,76	23081,55%
Operac. Non F.	232.421.733,53	255.871.696,14	10,08%	232.423.593,53	255.871.696,14	10,09%
8	672.860,00	671.000,00	0,28%	671.000,00	671.000,00	0,00%
9	,00		-100,00%	,00	,00	0,00%
Total	233.094.593,53	256.542.696,14	10,06%	233.094.593,53	256.542.696,14	10,06%

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL DE GASTOS E COMPARATIVA 2017-2018

Área	Descripción	Entidade		% var.	Consolidado		% var.
		2017	2018		2017	2018	
0	Débeda Pública	,00	,00	0,00%	,00	,00	0,00%
1	Servizos Públicos básicos	115.904.718,25	128.643.501,40	10,99%	118.262.805,78	132.199.188,93	11,78%
2	Actuación de protección e promoción social	20.564.950,32	21.492.546,72	4,51%	20.564.950,32	21.492.546,72	4,51%
3	Producción B. públicos carácter preferente	40.120.794,86	46.842.455,92	16,75%	40.120.794,86	46.842.455,92	16,75%
4	Actuacións de carácter económico	18.380.632,18	18.391.100,59	-0,06%	18.380.632,18	18.391.100,59	-0,06%
9	Actuacións de carácter Xeral	35.765.410,39	37.617.403,98	5,18%	35.765.410,39	37.617.403,98	5,18%
Total		230.736.506,00	252.987.008,61	9,64%	233.094.593,53	256.542.696,14	10,06%

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS DA XMU E COMPARATIVO 2017- 2018

CAPÍTULO	Estado de Gastos			Estado de Ingresos		
	Importe 2017	Importe 2018	Variación %	Importe 2017	Importe 2018	Variación %
1	3.894.822,35	3.941.320,00	1,19%			
2	1.518.665,18	1.711.867,53	12,72%			

3				1.080.600,00	1.345.100,00	24,48%
4	1.325.512,47	1.325.512,47	0,00%	5.891.400,00	6.024.500,00	2,26%
5				10.000,00	10.000,00	0,00%
Op.Corr. Non F	6.739.000,00	6.978.700,00	4,53%	6.982.000,00	7.379.600,00	5,69%
6	2.693.000,00	3.650.900,00	35,57%	2.500.000,00	3.300.000,00	32,00%
7	50.000,00	50.000,00	0,00%			0,00%
Op. Cap. NF	2.743.000,00	3.700.900,00	34,92%	2.500.000,00	3.300.000,00	32,00%
T. Op. N.F	9.482.000,00	10.679.600,00	12,63%	9.482.000,00	10.679.600,00	12,63%
8	25.000,00	25.000,00	0,00%	25.000,00	25.000,00	0,00%
Total	9.507.000,00	10.704.600,00	12,60%	9.507.000,00	10.704.600,00	12,60%

f) Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e supletoriamente á Xerencia Municipal de Urbanismo.

g) Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

h) Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local.

i) Aprobar o cadro de persoal do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

j) Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2018-2021, que quedará sometido aos axustes que cada no se estableza, producíndose a revisión do mesmo en cada ano.

k) En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

l) Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.

m) En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2018, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

n) O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e terá os seus efectos dende o un de xaneiro.

o) De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición (artigos 45 e 46 da Lei 29/1998). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

p) Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 ou outra norma de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2018, procederáse a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

q) Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación ou polo órgano que teña a competencia, acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral, se das mesmas se puxese en perigo o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentario ou da regra de gasto.

r) Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento ata o día 18 de decembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

3(200).- MODIFICACIÓN DO USO DOTACIONAL DUNHA PARCELA MUNICIPAL (NÚM. INVENTARIO PROVISIONAL 4352 NA RÚA ROMIL NÚM. 77 DE DOTACIONAL ESCOLAR A DOTACIONAL DEPORTIVA PARA A REMODELACIÓN CUNHA NOVA INSTALACIÓN DEPORTIVA. EXPTE. 16241/411 (RELACIONADO EXPTE. 4849/440). REXISTRO PLENO 1662/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 27 de novembro de 2017, a técnica de Admón. Xeral co conforme do Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

Con data do 26.10.1995, o Pleno do Concello de Vigo, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, prestar aprobación con carácter definitivo ao PERI I-06 Hispanidade (Exp. 3656/401).

O proxecto de compensación do referido eido, foi aprobado definitivamente polo Pleno da corporación con data do 17.10.1996 (Exp. 3987/401).

Posteriormente, con data 08.05.1997 o Consello desta XMU acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización (exp. 3989/401).

Con data 11.09.2017 foi recibida nesta Xerencia municipal de urbanismo solicitude da Área de Fomento da Concellería de Fomento do Concello de Vigo, para o cambio do uso dotacional dunha parcela municipal sita na rúa Romil nº 77 (núm. 79 segundo o catastro) pertencente ao Inventario municipal de bens, cun uso escolar, para proceder a tramitación do cambio de uso para poder adicala a uso deportivo, á que se xunta memoria xustificativa de data 07.09.2017 que se incorpora ao presente expediente, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

O 22.09.2017 a arquitecta municipal xefa do departamento de planeamento e xestión subscribiu informe favorable á proposta da modificación de uso que nos ocupa, co contido que se extracta a continuación,

“(…) O PERI I-06 Hispanidade foi aprobado definitivamente por Acordo Plenario sesión de 26 de outubro de 1995 (expte nº3656/401). O Proxecto de Compensación acadou a aprobación definitiva o 17 de outubro de 1996 (expte nº3987/401) e o Proxecto de Urbanización foi aprobado definitivamente o 8 de maio de 1997 (expte nº3989/401), por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

A parcela, cedida coa aprobación definitiva do Proxecto de Compensación ao Concello de Vigo para uso escolar, tiña orixinariamente unha superficie de 4.478 m² (segundo o PERI e o Proxecto de Compensación), que se dividen en tres zonas, unha baixo o vial, 1.730 m²; outra zona libre de 1.230 m² e unha, onde se atoparía a edificación (agora mesmo unha estrutura de formigón), de 1.528 m². Unha parte desta superficie foi ocupada polo edificio do colexio Doutor Fleming. A outra parte, a que é obxecto deste expediente, está ocupada, en parte, por unha estrutura de formigón, sen uso. A parcela ten como referencia catastral: 2553034NG2725S, pero non coincide coa descrita no proxecto de compensación. Definida como sigue:

“PARCELA PARA USO ESCOLAR

Con la configuración que resulta del plano nº2 del presente Proyecto de Compensación correspondiente al P.E.R.I. I-06 HISPANIDAD. Situada entre las calles Hispanidad y Romil, término municipal de Vigo. Tiene una superficie de CUATRO MIL, CUATROCIENTOS SETENTA Y OCHO METROS CUADRADOS (4.478 m²). Linda: Norte, zona verde que la separa de Don Manuel Pazó Alvarez; Sur, parcela-A, parcela-B, colegio Dr.Fleming y resto de la nueva calle en proyecto de 16 mts. De ancho; Este, zona verde que la separa de edificios con frente a Vía Hispanidad, Vía de la Hispanidad, parcela-B y parcela-C y Oeste, calle Romil y Colegio Fleming.

De esta superficie total, se encuentran bajo/rasante de la nueva calle, 1.730 m². (D-1) dedicándose el resto, a zona libre en 1.230 m². (D-2) y a edificación, 1.518 m². (D-3).


Edificabilidad: Conforme al P.E.R.I. I-06 HISPANIDAD, le corresponde una edificabilidad de CUATRO MIL, SETECIENTOS SESENTA Y SEIS METROS CUADRADOS (4.766 m².) que se concreta en un sólido con frente a calle Romil de dos plantas y 1.518 m²./por planta, y el espacio bajo/rasante de la calle elevada de 1.730 m².

Le afecta la cesión para zonas libres de uso de público, y/ó viales, con carácter de “uso de superficie”, la parte del vial de 1.730 m²., y la parte superior de la edificación con frente a calle Romil, de 1.518 m².

Constituye esta parcela, la de cesión prevista para uso escolar de carácter público, y para ampliación del Colegio Municipal Dr. Fleming.

Estando comprendida dentro de los gastos de urbanización del polígono será entregada al Excmo. Ayuntamiento juntamente con todo el resto de las obras, y en las condiciones establecidas en el P.E.R.I. aprobado.

Cargas: Libre de cargas”.



Na imaxe insertada pódese ver unha representación de parte do PERI I-06 HISPANIDADE, na zona da parcela dotacional escolar, sobre a cartografía municipal.

A zona correspondente á parcela dotacional D, descrita no proxecto de compensación, é o conxunto formado polas tramas amarela (D-1), rosa (D-2) e azul (D-3). A zona verde se corresponde cunha parcela de Zona Verde (680 m², segundo o PERI) cedida tamén no proxecto de compensación do PERI I-06 HISPANIDADE, con destino a zonas verdes públicas.

Unha parte da parcela D-2 (907 m²), foi cedida para a ampliación do Colexio Doutor Fleming, quedando dentro da parcela dotacional a parte máis próxima á D-3. Tamén


unha parte da parcela D-1 (876 m²), a situada baixo o vial, foi cedida para a ampliación do colexio.

A parcela que resultou tras esta cesión para o colexio é:

- Parte da parcela D-1: 854 m².
- Parte da parcela D-2: 323 m².
- Parcela D-3: 1.518 m².

TOTAL SUPERFICIE: 2.695 m².

O único uso que contempla o PERI para toda a zona é o escolar. Non establecendo o PERI a posibilidade de usos compatibles. Polo que, para poder levar a cabo a construción dunha instalación de carácter deportivo é necesario proceder a un cambio de uso, segundo se establece no apartado 5 do artigo 42 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).



Representación da parcela dotacional tras a cesión para ampliación do colexio Doutor Fleming.

MODIFICACIÓN DO USO DOTACIONAL ESCOLAR A USO DOTACIONAL DEPORTIVO.

Segundo se recolle da “MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A SOLICITUDE DO CAMBIO DE USO DA PARCELA PROPIEDAD MUNICIPAL CON NÚMERO DE INVENTARIO 4352, EQUIPAMENTO ESCOLAR NA RÚA ROMIL, PARA REMODELACIÓN COMO UNHA NOVA INSTALACIÓN DEPORTIVA”, redactada pola Concellería de Fomento, e recibida na Oficina de Planeamento e Xestión, preténdese modificar o uso desta parcela dotacional escolar, de xeito que sexa posible a realización de obras para adaptar a estrutura existente ao uso deportivo que se describe na citada memoria.

Como xa se dixo, as zonas que teñen uso escolar (exceptuando a zona xa ocupada polo colexio Doutor Fleming) serían a D-1 (parte), D-2 (parte) e D-3. Esta parcela, formada polo conxunto das tres zonas, pasaría, despois que o Pleno do Concello acorde a súa modificación, a ter **uso deportivo**. As condicións de edificación serán as recollidas no PERI e no Proxecto de Compensación.

Segundo establece o apartado 5 do artigo 42 da LSG: “O Concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos públicos”.

Neste caso, para poder adicar esta parcela a uso deportivo, é necesario tramitar o correspondente cambio do uso dotacional escolar á dotacional deportivo.(...)”

Mediante Resolución da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do 25.09.2017 incoouse o procedemento para a modificación do uso dotacional dunha parcela sita na rúa Romil núm. 77 (núm. 79 segundo catastro) pertencente ao inventario municipal de bens (núm. de inventario provisional 4352) de 2695 m² de superficie, sita no ámbito do PERI I-06 Hispanidade, de dotacional escolar a dotacional deportivo.

Resolución da que tomou coñecemento o Consello da XMU na sesión ordinaria que tivo lugar o 28.09.2017, en cumprimento das súas funcións de control de conformidade co previsto no artigo 10.3 dos Estatutos da XMU.

En cumprimento do disposto na amentada resolución de incoación, e continuando coa tramitación do procedemento, deuse traslado do adoptado aos departamentos municipais de Deportes, Benestar Social e Educación, recadando deste último o seu preceptivo informe.

Así as cousas, con data 21.11.2017 o Técnico medio de actividades culturais e educativas co conforme da Xefa do servizo e da concelleira do servizo de educación, emiten informe favorable á modificación instada, informe que se incorpora e forma parte do presente expediente, e a cuxo íntegro contido nos remitimos por mor das necesarias concisión e brevidade, no que entre outras consideracións e no que aquí nos ocupa conclúen que, *a modificación proposta de cambio de uso dotacional educativo a uso dotacional deportivo da citada parcela municipal, non semella impedir que se garanta atender e dar resposta axeitada ás necesidades actuais e futuras de escolarización nesa zona, e tamén pode resultar convinte dar resposta á demanda deportiva existente nunha zona da cidade con alta densidade de poboación, coa construción dunha nova instalación deportiva cuberta.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

- Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia”, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia con data 29.04.1993 (DOG 10/05/1993)- (PXOU/93),
- Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana (TRLS/2015),
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG),
- Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP),
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, coas súas diversas modificacións (LBRL),
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL),
- RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL),
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das administracións públicas (LPAP),
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA),
- O Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,
- Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data 06.09.2010 (BOP núm. 193 do 6/10/2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II. Modificacións de usos dotacionais

De conformidade co establecido no artigo 42.5 da vixente LSG- (e nos mesmos termos que o artigo 65.7 do seu Regulamento)-O Concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do Plan, poderá acordar o cambio de uso de terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo, entre outras, Sentenza do 03.03.2015, expresa que o feito de que o artigo 47.4 da Lei 9/2002 permita que o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto pódase acordar por acordo plenario municipal, adoptado por maioría absoluta, sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, non significa que dito cambio non sexa unha modificación do plan, senón que cabe realizala sen seguir a tramitación establecida para os demais supostos de

modificación; é máis, o establecer expresamente tal excepción reforza o carácter de modificación do plan que ten dito cambio, pois se non o fose non sería necesario establecela, xa que non lle afectarían as normas que regulan a modificación do plan. En consecuencia, considerando o exposto, en aplicación da LSG, remitirase un exemplar dilixenciado do acordado á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

En similares termos, se expresan senllas sentenzas do TSX de Galicia, da Sala do Contencioso-administrativo, sección 2ª, entre outras, de datas 25.03.2010 e 08.01.2015, ao confirmar que o referido precepto da nese intre en vigor LOUG *está regulando un procedemento especial (aprobación polo pleno, por maioría absoluta) de cambios de usos dotacionais que exige tramitar modificacións puntuais de plan.*

Á presente proposta de cambio de uso dotacional, de escolar a deportivo, se sitúa sobre a parcela propiedade municipal con núm. de inventario provisional 4352, sita na rúa Romil núm. 77 (núm. 79 segundo catastro), descrita no informe técnico transcrito na súa literalidade nas alíneas precedentes, co obxectivo de atender á necesidade de construción dun novo equipamento deportivo cuberto na zonza centro de Vigo, para dar resposta a demanda deportiva existente nesta zona da cidade, por mor de que a alta densidade de poboación aconsellan a definición de novos espazos deportivos cubertos.

Dita modificación suporía o cambio do uso dunha parcela municipal destinada a uso dotacional público escolar, de 2.695 m² (superficie da parcela dotacional tralas cesións efectuadas para a ampliación do colexio doutor Fleming, tal e como se reflicte no informe técnico da xefa de planeamento e xestión de data 22.09.2017) á que lle resulta de aplicación as determinacións do PERI I-06 Hispanidade, que contempla como único uso posible para toda a zona o escolar, co obxectivo de asignarlle novamente un uso dotacional público neste caso deportivo, sendo o Pleno da corporación o órgano competente para adoptar o acordo que proceda, previa a tramitación do procedemento previsto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG). O acordo que se adopte publicarase no DOG e no BOP (segundo o “iter procedimental” dos acordos plenarios de modificación de uso de datas 26.05.2008 , 25. 04.2016 e 25.10.2017 entre outros) e será remitido á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, na forma regulamentariamente prevista para o seu coñecemento e efectos.

III. Órgano competente

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno da Corporación (artigo 42.5 da LSG e artigo 65.7 do seu Regulamento) por maioría absoluta legal dos seus membros, previo informe da Secretaría xeral (arts. 122.5.e) 2ºda LRBRL, 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF) e fiscalización da Intervención (arts. 54.1.b) do TRRL e 173.1.b) do ROF), por proposta do Consello da XMU (art.10.1j) dos Estatutos da XMU).

Xa que logo, visto o que antecede e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, de datas 22.09.2017 e 21.11.2017, que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte...

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 30.11.2017, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que hoxe estamos a celebrar unha boa noticia para cidade, Vigo segue facendo unha cidade fermosa, Vigo segue dotando de espazos públicos e Vigo segue dotándose de infraestruturas deportivas, unha antiga estrutura de formigón, abandonada dende hai décadas vaise a converter nun pavillón deportivo de uso para o barrio, non só dándolle dinamismo a unha zona senón dotando de espazos públicos e facendo unha zona que nestes momentos está abigarrada a unha zona de esparcemento e de lecer. Unha zona que vai conseguir unha harmonía xeral que configura un espazo urbano xerando tamén aparte dese espazo deportivo, xerando unha zona amable, cálida, unha pequena praza pública e unha rúa Romil desa forma máis despexada e máis humanizada, cunha calidade arquitectónica espectacular, un novo espazo público, unha altura nunha das instalacións deportivas centrais de mais de sete metros, isto vai a permitir actividades deportivas de ximnasia acrobática e non só iso senón que vai ter tres espazos deportivos anexos polivalentes para a práctica doutras actividades deportivas, unha grande transformación de case 3.000 metros cadrados no centro da cidade que van a transformar esta antiga estrutura de formigón abandonada dende hai décadas que facía que a rúa Romil tivese sombras para converterse nunha zona chea de luz, nunha instalación polideportiva para ximnasia acrobática de gran calidade e onde se xerará tamén unha ampla transformación da rúa cun espazo polideportivo, non só neste espazo central senón tamén na súa terraza onde vamos a facer unhas instalacións deportivas para o uso do alpinismo, da escalada aberta a tódolos cidadáns/ás; hoxe é un día de celebración e queremos traer a este Pleno esta consolidación deste cambio de uso e que en breves días traeremos tamén a sinatura do convenio coa Deputación de Pontevedra para levar a cabo esta gran instalación deportiva.

SR. PÉREZ CORREA: Nós coincidimos en darlle un uso a unha das eivas dos mamotrecos arquitectónicos que quedaron dende hai décadas en Vigo, ese espazo aparte case insalubre que existe na rúa Romil, estamos de acordo en que a iso hai que darlle un uso, tamén nos gustaría saber algunhas cuestións que por iso imos a preguntar neste Pleno, en primeiro lugar porque é un cambio de uso escolar a deportivo e cando hai un cambio de uso escolar a deportivo a nós gusta tamén que se acompañe pois polo menos de algún escrito ou algún debate amplo, polo menos no Consello de Educación desta cidade, non nos vale a consulta telefónica, gustaríanos que isto formara parte dun punto ou polo menos dunha convocatoria dun Consello porque cambiar dun uso escolar a deportivo, primeiro, porque no seu día no 2010 tres colexios o Villa Laura, Doutor Fleming e o IES do Castro pedían que aí fora un centro cívico, no seu día propoñía a comunidade escolar, polo menos as AMPAS que aí fora un centro cívico que entendían que poderían dar servizo ao ámbito do barrio dun proceso de rexeneración, agora pode ser que iso cambiara e se considere que un espazo deportivo é mellor que educativo, é certo, aí nós tamén consultamos non só a pirámide demográfica senón tamén as liñas educativas dos colexios e parece ser que non necesitamos un colexio en si e está cuberta o que son as liñas educativas, iso está garantido, pero a consulta das AMPAS moitas veces un espazo escolar a parte ocupado por tres centros escolares, moitas veces hai outro tipo de usos que non son necesariamente dotacionais educativos, poden axudar tamén á comunidade escolar como é un centro cívico, é a última reclamación que polo menos nós coñecemos que se fixera pública no ano 2010. Segundo, tamén está a cuestión do modelo porque está moi ben presentar infografías pero a nós nos gustaría saber que modelo de xestión se propón para isto, porque se isto é para poñer un Máis que Auga e que Movexvial xestione outra peza máis da torta que se está levando esta cidade, discrepamos porque para poñer un ximnasio privado e logo xustificar como se xustifica, xa non fai falla escolar, porque como pasa no Colexio Altamar van poder utilizar os alumnos do colexio este espazo, lémbrolles tamén que dicían vostedes o mesmo de Navia e agora temos un mamotreco privado que os veciños de Navia se queren utilizar teñen que pagar porque é un espazo dotacional deportivo privado, e como tamén temos o antecedente de buscar a xestión privada das piscinas, ximnasios municipais entendendo que non tiñamos recursos para poder acometer as

reformas, pois dende logo nós poñemos a nosa dúbida porque nos gustaría saber exactamente cal vai a ser o modelo de xestión deste novo equipamento deportivo, se estivera no expediente pois poderíamos ter un voto afirmativo ou negativo, como no expediente non se nos propón nin como vai a ser o modelo, se vai a ser ao final efectivamente un modelo que para nós non nos gusta nada que é o modelo de xestión dos Mais que Auga que ao fin e ao cabo é un modelo de xestión privada que incluso vai a través do sistema no que a empresa construtora que constrúe e logo xestiona a infraestrutura, non nos gusta, creo que é notorio e é sabido que non nos gusta ese modelo, pois imos absternos porque descoñecemos porque nos pode poñer un universo de actividades deportivas pero se é para facilitar o negocio de Movexvial, xa lle digo que con nós non conten.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Debátese agora en Pleno o que xa se levou á Xerencia de Urbanismo e o cal nós xa manifestamos o noso voto a favor, nós todo o que sexa deporte imos estar sempre a favor, e evidentemente nos entran dúbidas, hai cuestións que hai que resolver e por iso ese voto de confianza ao goberno para que quite adiante un proxecto deportivo. Nós sempre imos estar a favor de facer infraestruturas deportivas na cidade porque Vigo ten bastante poucas infraestruturas deportivas e ten unhas grandes necesidades en canto a infraestruturas deportivas, sabémolo é moi paradigmático e á vez moi triste, eu son un firme defensor do Vigo metropolitano e o Partido Popular de Vigo é firme defensor do Vigo metropolitano porque pensamos en grande pero é bastante triste que ao final, despois de tódalas promesas incumpridas do Sr. Alcalde, o Celta teña que facer e construír a cidade deportiva fora de Vigo, vaino facer cerca de Vigo pero fora de Vigo, e co risco incluso de que se houbera levado o estadio para xogar fora de Vigo, é moi triste e iso o que da a entender é que este goberno municipal non apoia as infraestruturas e non ten tampouco un proxecto deportivo para Vigo porque fanse cousas que son paradigmáticas, cousas que non se viron en ningún lugar do mundo, ou sexa por exemplo, tapar unha piscina como a que había no pavillón de Teis, da Etea, iso non se viu en ningunha parte do mundo, unha piscina que cumpría unha serie de requisitos para waterpolo, natación sincronizada, etc. e que non a hai na cidade de Vigo, unha piscina na cal cando o Sr. Caballero era presidente de Autoridade Portuaria, lembramos como cando estaba a facer esa

campaña en 2007 chegou a prometer ata dúas piscinas olímpicas, dez anos e medio despois os nosos deportistas en natación teñen que irse a peregrinar a Ourense, Pontevedra, a Ferrol ou A Coruña porque Vigo non ten unha piscina para facer campionatos a nivel de España, é triste como unha cidade como Vigo non ten infraestruturas deportivas e moitos outros exemplos que lle podería dar, son parches, este tema de Romil é outro parche máis, parécenos que pode ser interesante porque no centro da cidade fan falla infraestruturas deportivas pero claro, non sabemos que xestión vai ter, vostedes criticaron moito os Máis que Auga, criticaron moito un modelo que implantou o Partido Popular co de Barreiro e co da Miñooca, e logo casualidades da vida vostedes fan e replican o mesmo modelo para facer un Máis que Auga en Navia, pero criticaron os dous proxectos e os dous centros que construíu o Partido Popular, tanto en Barreiro como na Miñooca, vostedes os criticaron, por iso, a súa política e en infraestruturas deportivas é moi errática e é moi triste que vaíamos a parches, a salto de mata e sobre todo moi triste ver como o Celta ten que construír a súa cidade deportiva fora de Vigo.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O Sr. Feijóo estaría encantado seguramente de que o Celta xogara fora de Balaídos pero non, a realidade é que o Celta vai seguir xogando en Balaídos polos investimentos que está a facer esta cidade polo empeño que está facendo, pero non me estraña, vostede, Sr. Fidalgo, seguramente está mareado, como onte tiveron unha cena do parto do Partido Popular, hoxe teñen outra, andan despistados non saben a que cena vai, entón por iso di que as instalacións dos Máis que Auga de Navia e de Barreiro que as fixo o Partido Popular, pero se cando chegamos a primeira pedra púxo a o Sr. Caballero e que eu saiba o Sr. Caballero non é do Partido Popular. Imos intentar clarear algunha dúbida que teñen algúns compañeiros de Marea, isto non é unha infografía, este é un proxecto e xa lle digo este é un proxecto porque está dentro da rede de pavillóns municipais, vai ser un pavillón municipal, hai outros modelos, hai noutros momentos que os quitamos a concesión, eu creo que están mal xestionados pero este non, vai estar dentro da rede de pavillóns municipais e vai ser unha obra que como dicía antes, financiada, está nos Orzamentos que antes presentou o Sr. Aneiros e que están compartidos cun convenio que se vai asinar neste días coa Deputación de Pontevedra; obra absolutamente pública e unha rede de concellos,

pero aposta, o Sr. Fidalgo e que non leu os orzamentos, eu non sei como debateu Os orzamentos se non os leu, a aposta deste Concello polas instalacións deportivas e amplísima, neste ano que ven están aprobados nos orzamentos municipais un novo pavillóns en Quirós, na zona de Sárdoma, un novo pavillón en Matamá que leva dous meses na Xunta de Galicia, tic, tac, conte o tempo que falla, en catro meses espero que contesten á Lei 3 da Xunta de Galicia, está na Xunta de Galicia, de todas formas eu espero e confío que o peso que ten o Partido Popular de Vigo na Xunta de Galicia faga que non tarde seis meses en chegar a resposta, que chegue de forma inmediata. Pavillón de Quirós, pavillón de Matamá, pavillón de Doutor Fleming, todas estas novas instalacións deportivas que se van a facer o ano que ven. E a verdade nos dicían que isto era un parche, non isto non é un parche, isto é un proxecto integrado, imos ser a única cidade de Galicia que teña un pavillón de uso exclusivo para a ximnasia, para os ximnastas e a especialidade de ximnastas na cidade de Vigo e dicíamos máis, esta é unha instalación que ten a posibilidade e así se falou co colexio de uso compartido co colexio, porque os horarios son compatibles co cal é unha instalación deportiva que vai poder usar tamén o colexio para o esparcemento dos alumnos, e teñen unha conexión permanente, imos deixar unha conexión permanente dende o Colexio do Doutor Fleming con esta instalación deportiva para que os nenos non teñan que saír á rúa para utilizar esta instalación deportiva, co cal isto é un complemento máis da instalación deportiva e é unha demanda máis que fai efectivo educacional na cidade.

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e tres

abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e en similares termos no artigo 65.7 do seu Regulamento, o cambio do uso dotacional dunha parcela sita na rúa Romil núm. 77 (núm. 79 segundo o catastro) pertencente ao inventario municipal de bens (núm. de inventario provisional 4352), con referencia catastral declarada 2553034NG2725S, de 2.695 m² de superficie, sita no ámbito do PERI I-06 Hispanidade, de dotacional escolar a dotacional deportivo.

Segundo.- Publicar o presente acordo no BOP e no DOG, e notificalo para o seu coñecemento á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Remitir o presente acordo, xunto con dúas copias debidamente dilixenciadas do aprobado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e efectos. No anuncio de aprobación, referido no apartado dispositivo segundo do presente acordo, farase constar dita remisión.

Cuarto.- Notificar este acordo ao departamento municipal de Deportes, Benestar Social e Educación, así como ao Servizo de Cartografía, á Oficina de Licenzas e á Oficina de Información da XMU.

Non obstante, o presente informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estimen máis conveniente.

4(201).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO INVENTARIO DOS BENS INTEGRANTES DO PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO. EXPTE.1900/433. REXISTRO PLENO 1674/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de decembro de 2017, a técnica de Admón. Xeral co conforme do Secretario e do Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

"ANTECEDENTES

Os concellos e a Administración autonómica, en colaboración con eles, deberán constituír os seus respectivos patrimonios públicos do solo coa finalidade de obter reservas de solo para actuacións de iniciativa pública, contribuír á regulamentación do mercado de terreos destinados ao desenvolvemento urbanístico e facilitar a execución da ordenación territorial e urbanística no marco das súas competencias respectivas (art 132 Lei do solo de Galicia, en adiante LSG).

Segundo o establecido no artigo 134 LSG, os bens do patrimonio público do solo constitúen un patrimonio diferenciado dos restantes bens da administración titular e deberán ser destinados a algún dos fins establecidos polo art 134.1 da dita lei.

O art. 32.1 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas (básico ao abeiro da súa Disposición Final segunda) establece a obriga das Administracións Públicas de formar inventario dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio. Do mesmo xeito o art. 86 do Texto Refundido de Réxime Local (TRRL) establece que as entidades locais teñen a obriga de formar inventario valorado de tódolos bens e dereitos, que deberá retificarse anualmente e sempre que se renove a Corporación. Engádese polo art. 17 do RBEL, que se comprenden todos os bens e dereitos “calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición”.

Mediante acordo plenario do 29.10.2012, o Concello de Vigo aprobou inicialmente o Inventario do Patrimonio Municipal do Solo. Este acordo, tras ser sometido a información pública (BOP núm. 228, 27.11.2012), entendeuse aprobado con carácter definitivo por non terse presentado reclamacións.

Ao longo destes últimos anos, este inventario do patrimonio municipal do solo do Concello de Vigo, veuse alterado por mor da adquisición e venda de diferentes inmobles. A data de hoxe é necesaria a súa actualización e ao abeiro do artigo vixésimo dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, a Xerencia realizará e manterá actualizado permanentemente un inventario dos elementos integrantes do seu patrimonio, no que se fará constar a súa natureza, situación xurídica, valoración actualizada anualmente e o destino. O seu inventario será remitido anualmente ó Concello para a súa integración no Inventario de Bens do Concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Bens integrantes do PMS:

Segundo o disposto no artigo 133 LSG, integran o patrimonio municipal do solo os seguintes bens:

a) Os terreos e edificacións obtidos en virtude das cesións correspondentes á participación da Administración no aproveitamento urbanístico e os adquiridos cos ingresos derivados da substitución de tales cesións con pagamentos en diñeiro ou en especie.

b) Os terreos e edificacións adquiridos, en virtude de calquera título e, en especial, mediante expropiación, pola administración titular co fin da súa incorporación ao correspondente patrimonio público do solo.

c) Os ingresos obtidos mediante o alleamento de terreos incluídos nos patrimonios públicos do solo.

d) O equivalente económico da cesión relativa ao aproveitamento correspondente á Administración.

Incorpóranse nesta modificación puntual, inmobles que se atopan nestes supostos, segundo así se desprende dos antecedentes de cada un deles.

II. Aprobación da actualización do Inventario de bens integrantes do PMS:

a) Natureza do inventario

O inventario de bens constitúe un instrumento de garantía do patrimonio das administracións públicas, que debe servir para a súa conservación e defensa, facilitando ao mesmo tempo o exercicio de distintas potestades administrativas sobre os bens das administracións.

Respecto da natureza do inventario, a xurisprudenza tense pronunciado rotundamente respecto do carácter non constitutivo do mesmo. Neste senso, o Tribunal Supremo sinalou que o Inventario Municipal é un mero rexistro administrativo que, por sí só, nin proba, nin crea, nin constitúe dereito algún a favor das Corporacións, sendo máis ben un libro que serve de recordatorio constante para que a Corporación exercite as facultades que lle correspondan (Sentencia de 9 de xuño de 1978). Aunque a constancia dun ben no inventario “pode constituir e de feito constitúe un feito, un principio de proba da súa posesión por ente público, así como da súa titularidade” (STS de 20/06/2007 e 21/05/08).

Isto é, o inventario é un rexistro interno, un medio cualificado de concreción e actualización de bens dos que é titular a entidade local, sen que se lle poda outorgar similar entidade á que posúe o rexistro da propiedade, que consonte co art. 605 do Código Civil e do art 1 da Lei Hipotecaria, ten por obxecto a inscrición e anotación de actos e contratos relativos ao dominio e demais dereitos reais sobre bens inmobles, e serve ao tráfico xurídico de bens inmobles dando seguridade xurídica e publicidade coa fe publica rexistral. Os asentos rexistrais producen tódolos seus efectos mentres non se declare a súa inexactitude: presúmese que o inscrito no Rexistro da Propiedade se corresponde coa realidade mentres non se demostre o contrario (art. 38 e 198 a 220 da Lei Hipotecaria, e artigos 173 e ss. do Regulamento Hipotecario).

Nembargantes, o Inventario pode e debe ser utilizado como medio de proba documental, dado o singular valor de proba dos documentos elaborados polos funcionarios ([art. 1216 CC](#)). Tampouco debe olvidarse que a certificación do/a Secretario/a, con referencia ao Inventario de bens, serve para que os bens naquel inscritos accedan ao Rexistro, constituíndo un medio excepcional de inmatriculación (art 36.2 RB).

b) Regulación xurídica

A presente modificación puntual do IPMS consiste na incorporación (altas), baixa e retificacións, sobre o inventario xa aprobado no ano 2012; non se inclúe a actualización xeral dos datos das parcelas xa inventariadas no ano 2012, que esixe un traballo máis polo miúdo a realizar na correspondente revisión xeral do mesmo.

A obriga de formar inventario de todos os bens e dereitos que lle pertencen a este concello, ven imposta pola lexislación indicada nos antecedentes deste informe.

O inventariado de bens inmobles debe realizarse co contido mínimo do art 20 do RB.

A retificación do inventario verificarase anualmente (art 33 RB), recolléndose as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa, consignándose ao efecto adquisicións, alleamentos, permutas, servidumes, etc. Como é natural, esta retificación anual ou ordinaria en nada impide as posibles retificacións que podan proceder en virtude dos procedementos de revisión que deban de incoarse en cada caso.

Segundo o art 82 da LPAP, os actos de afectación, mutación demanial, desafectación, adscrición, desadscrición e incorporación faranse constar no correspondente inventario patrimonial.

O artigo vixésimo, apartado terceiro da modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa adaptación a lexislación vixente aprobada polo Concello-Pleno de Vigo o 6/09/2010 (BOP 6/10/2010) establece, en concreto, que a Xerencia realizará e manterá actualizado permanentemente un inventario dos elementos integrantes do seu patrimonio, no que se fará constar a súa natureza, situación xurídica, valoración actualizada anualmente e o destino. Engade o citado precepto que o referido inventario será remitido anualmente ao Concello para a súa integración no Inventario de Bens do Concello.

O Inventario debe actualizarse continuamente, sen prexuízo da súa retificación anual.

c) Procedemento

En canto ao procedemento de elaboración, retificación anual e incorporacións puntuais, nada dí nin o TRRL nin o RB. Non existe un procedemento específico para as incorporacións puntuais, xa se trate de bens patrimoniais, xa de bens de dominio público.

É por isto que, se acudimos as regras xerais de procedemento administrativo (Lei 39/2015) e por mor da propia natureza do expediente, podemos establecer o seguinte esquema procedimental:

- a) Inicio mediante acordo plenario (art 34 RB) da modificación puntual que vai a realizarse sobre o IPMS.
- b) Información pública consonte o establecido polo art 83 da Lei 39/2015.
- c) Aprobación definitiva mediante acordo plenario da actualización do IPMS. No caso de non presentarse alegacións dentro do período de información pública, entenderase aprobada con carácter definitivo.

III. Inscripción Rexistral:

O art. 36 de la LPAP (lexislación básica) dispón a obriga das administracións públicas de inscribir nos correspondentes rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio susceptibles de inscrición.

Conforme á lexislación de Réxime Local (artigo 279 LALGA e artigo 36 RB) os Entes locais inscribirán no Rexistro da Propiedade os seus bens inmobles e

dereitos reais, sendo título suficiente a certificación que ao abeiro do inventario aprobado pola respectiva corporación, expida o Secretario, co visto e praxe do Presidente da Corporación. Se non existise título inscribible de dominio estarase ao disposto nos artigos 206 da Lei hipotecaria e 303 a 307 do seu Regulamento.

IV. Competencia:

Consonte co disposto na lexislación de réxime local e nos artigos 2.B), 10.1.j) e 20 da modificación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo para a súa adaptación á lexislación vixente aprobada polo Concello-Pleno de Vigo o 6/09/2010 (BOP 6/10/2010) é competente para a aprobación do inventario do PMS o Concello-Pleno a proposta do Consello da Xerencia municipal de urbanismo.

De conformidade co antedito propónse que ó Consello da Xerencia eleve ó Pleno (competente conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f) dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo e co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) a adopción dos seguintes acordos...

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 21.12.2017, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. FIDALGO IGLESIAS: Non sei se quere intervir o goberno, hoxe esperábase cando viamos urbanismo, cando viamos a aprobación inicial, sinceramente esperábase outra cousa, esperábase polos documentos polos que leva esperando Vigo durante moito tempo, por unha banda a aprobación inicial da ordenación provisional e tamén que nos falaran ou nos dixeran algo sobre o concurso para a redacción, aínda que non se vai a levar a Pleno porque ten que ir á Xunta de Goberno Local, que nos dixeran algo sobre o concurso para a redacción do novo Plan Xeral. Lamentablemente non hai nin unha cousa nin outra porque decembro soe ser un mes propicio para vostedes para falar de urbanismo e para

traer aquí ao Pleno, dentro de dous días fará dez anos, ou sexa, practicamente hoxe fará dez anos que aquel 29 de decembro de 2007, foi un día que pasará sen dúbida á historia da cidade de Vigo, o 29 de decembro de 2007, aquel foi un día en que había un Pleno como este, cando chegamos os corporativos xa había unha serie de palmeiros do Partido Socialista sentados nas butacas, non sei por onde entraran porque antes de abrir sesión pública xa estaban aí e aí se perpetró o maior ataque non só a transparencia senón o maior ataque ao urbanismo da cidade do que aínda hoxe, dez anos despois, non nos recuperamos, un 29 de decembro, hoxe hai dez anos daquel atraco, daquela burla e por iso convén lembrar a historia para non volver repetir os mesmos erros, falaban naquel Pleno a Sra. Silva, concelleira de Urbanismo e vostede Sr. Font, voceiro do goberno e dicían que defendían a aprobación dun documento que cumpre coa legalidade, que cumpre coa seguridade xurídica, blindado, estamos aquí para resolver os problemas herdados de anteriores gobernos, dicía vostede Sr. Font, todo circunspecto.

PRESIDENCIA: Non estamos co punto da orde do día de por que a Xunta de Galicia atrasou o procedemento de resolver o Plan Xeral de Vigo, estamos nun punto que pon, quérolle lembrar, “aprobación inicial da modificación puntual de Inventario de Bens integrantes do patrimonio municipal do solo”, vostede pode falar do que queira que non serei eu o que llo prohiba, pero eu crin que estabamos a falar doutra cousa, cando vostede queira falar disto presente unha moción e podería falalo, dános igual a vostede a súa forma de proceder xa estamos acostumbrados.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Moitas grazas Sr. Alcalde, se me di que podo falar do que queira estaba falando do que lle interesa a Vigo, porque estou a falar de Urbanismo, non estou a falar de asuntos sociais, nin de parques e xardíns entón, traemos unha aprobación.

PRESIDENCIA: Si señor voceiro, pero trátase da modificación puntual de Inventario de Bens non de Plan Xeral de Ordenación Municipal, quérollo lembrar porque é o que pon aquí, seguro que o leu e se lembra, pero era para recordarllo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Pois xa falaremos entón do que pasou hai dez anos, xa sei que non lles gusta recordar aquel episodio e por iso naquel Pleno nós votamos en contra, dicíamos que era inviable, dicíao o Sr. Figueroa e dez anos despois estamos aquí coas migallas, falando da aprobación inicial da modificación puntual, nós imos a votar a favor e aínda un primeiro paso desta modificación inicial pero o que esperamos e que traían xa aquí a ordenación provisional porque é un instrumento que xa hai dous meses que o enviou a Xunta de Galicia ese expediente que ía levarlles un mes e parece que como mínimo vaille levar tres meses e por iso nin sequera se apuran para facer o que teñen que facer que é darlle un mínimo de vida ao urbanismo de Vigo que está na UCI pola súa única e exclusiva responsabilidade.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: O primeiro de todo co bo clima desta semana desexarlles a todos un Feliz Nadal e neste senso de desexar un Feliz Nadal, desexar que o Sr. Fidalgo, pois o novo ano lle traia ao menos un pouco máis argumentación en temas de urbanismo porque Sr. Fidalgo, sabe vostede porque non podemos traer a este Pleno a aprobación inicial da ordenación provisional, non porque estea pendente dun trámite do Concello senón porque enviamos os informes sectoriais preceptivos e vinculantes do Ministerio de Fomento, Estradas, Ferrocarrís, Ministerio de Agricultura, Dirección Xeral de Costas para que emitan os informes que son precisos obter antes de facer esa aprobación inicial, polo tanto, o documento de aprobación inicial, por certo, pasámosllo nun cd, vostede teno, igual que o grupo de Marea tamén o ten polo tanto, téñeno a súa disposición só estamos pendentes de que contesten aqueles organismos que de xeito preceptivo e vinculante teñen que informar antes da aprobación inicial.

Con respecto ao Inventario do Patrimonio Municipal do Solo, como poden vostedes ver só é un exercicio de transparencia, un exercicio que pon polo tanto enriba da mesa cales son as distintas altas, baixas e corrección de erros dos últimos anos e en particular dentro desas baixas, dentro do patrimonio municipal do solo si que me gustaría salientar que dúas das baixas máis importantes, son a cesión á Xunta de Galicia, ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, de parcelas tanto en Cambeses como en Chantada, para a construción de vivenda sometida a algún réxime de protección, onte estaba aquí a conselleira de Infraestruturas anunciando que ían

executar por fin esa obra, unha obra que foi preciso que o Concello de Vigo cedera esas parcelas por valor de 3,3 millóns de euros para que a Xunta de Galicia puidera executar esas vivendas, por certo, as únicas que a Xunta de Galicia vai executar, e tamén hai unha alta importante no patrimonio municipal do solo vinculado con esas parcelas que tivemos que comprar para que se puidera executar a Cidade da Xustiza que tivo que expropiar o Concello de Vigo e que obviamente agora son de titularidade municipal, onde tivemos que investir máis de 2,3 millóns de euros, polo tanto, para clarificar esa situación das altas e baixas no patrimonio municipal, do solo, tráese este documento que só é a aprobación inicial porque agora hai que sometelo a información pública e se ese proceso de información pública non ten alegacións, que esperamos que así sexa porque non hai digamos demasiadas cuestións que discutir neste procedemento, se procederá a súa aprobación definitiva.

(No momento da votación atópase ausente a Sra. Gonzalez Sánchez)

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobación inicial da modificación puntual do Inventario dos bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo, coas altas e baixas dos inmobles descritos nos Anexos I e Anexo II e as retificacións de erros indicados no Anexo III.

SEGUNDO: Someter o presente acordo a información pública de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) e anuncio no Taboleiro de Anuncios da Xerencia Municipal de Urbanismo e páxina web do Concello de Vigo, durante o prazo de vinte días hábiles a contar dende o seguinte á publicación no BOP, durante os cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente na Xerencia Municipal de Urbanismo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presentasen reclamacións, o presente acordo entenderase definitivamente aprobado.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Patrimonio do Concello de Vigo e aos Servizos centrais da Xerencia municipal de urbanismo, aos efectos oportunos.

CUARTO: Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade de todos aqueles bens que non se atopen inscritos.

QUINTO: Remitir copia á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma unha vez que o acordo sexa definitivo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

5(202).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA A QUE REMITA O ESTUDO DA ZONIFICACIÓN ESCOLAR DA CIDADE DE VIGO PARA SER DEBATIDO POLA COMUNIDADE EDUCATIVA E POR TÓDOLOS SECTORES REPRESENTATIVOS. REXISTRO PLENO 1677/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de decembro de 2017, número 1677/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A comunidade educativa de Vigo, ás portas das vacacións de Nadal, está véndose inmersa nuns cambios no proceso de zonificación escolar.

Ditos cambios afectan a todas as áreas educativas non universitarias, educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato.

Estamos a falar de 38.061 alumnas e alumnos afectados na nosa cidade, as súas familias e o correspondente profesorado.

Ao Concello, neste proceso, están sendo trasladadas preocupacións polo documento de diversas comunidades educativas.

O proceso de racionalizar a escolarización do alumnado vigués non pode realizarse a costa do peche de unidades, da restrición no acceso aos servizos de comedor e transporte, do non respecto á proximidade do domicilio familiar, de prescindir de ningún docente nin dunha oferta de ensino público que garanta a integración social e a igualdade de oportunidades.

O Consello Escolar Municipal de Vigo está a reclamar, dende fai anos, un estudo serio e rigoroso da zonificación escolar da cidade de Vigo xa que o actual está obsoleto e non se axusta á realidade escolar e social dos nosos días.

Pero a realidade é que nin o Consello escolar Municipal nin o Concello de Vigo recibiron aínda ningún documento o cal é preocupante dado que este órgano debe ser consultado antes do informe definitivo.

Tendo en conta que o proceso de adscrición comenza o 1 de febreiro parece demasiado precipitado que esta nova zonificación se leve adiante para o próximo curso 17-18.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

-Instamos á Xefatura Territorial de Pontevedra a que sexa remitido dito documento á maior brevidade para que poda ser debatido pola comunidade educativa e por todos os sectores representativos."

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente)

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Este é un tema moi importante porque afecta a tódolos escolares entre tres e dezaioito anos, afecta aos escolares, afecta ás súas familias e ao profesorado. Para falar destes cambios na zonificación de Vigo trataremos de explicar catro puntos principais desta zonificación, cando se fai, como se fai, por que e para que; empecemos polo cando, despois de máis de 20 anos coa mesma

zonificación, a mesma distribución educativa, despois de ser demandado un estudo serio, rigoroso e participativo polo consello escolar municipal e por FOAMPAS, xusto agora que estamos nun período de vacacións escolares e que comezamos o día 8 de xaneiro, vaise a poñer en marcha un proceso de zonificación cando o día 1 de febreiro hai un montón de nenos que teñen que elixir e preinscribirse nun instituto, neste proceso de zonificación hai como mínimo cinco centros que cambian a adscrición aos institutos, estamos a falar de nenos/as de once, doce anos que neste momento e en xaneiro tampouco saberán a onde teñen que ir, ao mellor é moi fácil dicirlle que despois de que fagan a preinscripción logo terán tempo de acostumarse ata setembro que lle comeza o curso outra vez, como se fan esas cousas, non parece todo moi precipitado? O Sr. Fidalgo dicía fai un rato que decembro era un mes propicio para este goberno, nós en Educación o que temos é a sensación e que coa consellería de educación o máis propicio é aproveitar as vacacións escolares.

Segamos co como, como se fai? É preceptivo que o Consello Escolar Municipal de Vigo sexa consultado e emita un informe aínda que este non sexa vinculante como nos están lembrando en todo momento, pero a estas alturas non deberíamos ter xa esta información? Non temos nada, sabemos do que estamos a falar porque coincide que esta concelleira é directora dun centro de infantil e primaria, pero que o Consello Escolar está formado por 30 persoas, 10 do sector docente, 10 do sector do alumnado de pais e de nais e 10 dos sector social, directores, sindicatos, asociacións, non é lóxico que todos eles sexan escoitados? Nas declaracións na prensa dicíanse que asumían este reto a petición de FOAMPAS, estes xa lle comunicaron o seu total desacordo coa zonificación proposta, fundamentada e rigorosa, tampouco serán atendidos? Pero é que FOAMPAS non é ningunha asociación, FOAMPAS son esas familias afectadas. Pero sigámonos facendo esas preguntas por que? Vou recorrer a estas declaracións, a estas declaracións que se fixeron, aí di “el propósito, reducir los desprazamentos del alumnado hastas los institutos que por zona les corresponderían” pois a min que mo expliquen porque o alumnado do IES San Salvador que ía ao IES de Teis e agora ten que ir ao IES da Guía, vai reducir os seus desprazamentos? Ou o alumnado de Navia que vai a Valadares vai reducir os seus desprazamentos? É difícil de entender, pero sigamos, as declaracións tamén din, “outro propósito tamén é captar maior estudantado na

periferia onde baixa a natalidade”, pois isto para entendelo xa é de nota, Chans-Bembrive por exemplo, este curso pechóuselle unha aula de infantil, cando tiña 26 alumnos matriculados, 25 é a ratio, pois cunha unidade pechada é difícil que poidan captar ao alumnado, o López de Vega está na Avenida de Madrid, un centro de tres liñas, pretenden eliminarlle unha liña completa. Tamén se fala da posibilidade de elección e asignación de centros, pero como? Porque nesta zonificación o que ven asignado é que o transporte para os centros públicos se limita á zona, como van sobrevivir, como van poder unha familia escoller outro centro noutra zona e resulta que non ten transporte? Cal é a liberdade de elección e para que? Normalmente pensas que cando se fai unha cousa é para mellorar, está de acordo que isto non é para mellorar é só unha razón económica, de redución de gastos.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Efectivamente, é increíble que a Xefatura Territorial Provincial a estas alturas aínda non teña remitido ao Consello Escolar e ao Concello de Vigo o documento de zonificación que se pretende poñer en marcha no próximo curso. Nós imos apoiar a medida de que se remita o documento para poder debatelo e que se paralice a tramitación do actual borrador en busca dun maior consenso, pois semella que é un pouco precipitado como ven acaba de dicir a concelleira o de ter un documento consensuado con tampouco tempo, sabendo que o proceso de adscricións comeza o 1 de xaneiro.

o anteproxecto que se enviou a algúns dos sectores implicados, non é un anteproxecto que estea admitido pola gran maioría dos colexios desta cidade, tanto os adscritos a FOAMPAS como os que non o están e tamén os centros de infantil súmanse a esa posición de rexeitamento por diversos motivos, e dende a Marea de Vigo pensamos que levan razón pois semella que as políticas do Partido Popular con respecto á educación, igual que con respecto á sanidade son teimosamente privatizadoras. Primeiro, non se conta con tódolos sectores implicados neste proceso para debater dun xeito sosegado un proxecto que hai vinte anos que non se renova; segundo, non se fai un estudo da poboación rigoroso da cidade senón que se traballa cos datos da matrícula do curso actual sen ter en conta eses cambios poboacionais sufridos pola cidade en vinte anos, así como a valoración dos cambios que se poida seguir tendo no futuro.

Ademais disto, nós pensamos que este documento non só debe conter medidas para racionalizar a escolarización que afecten ao ensino público, senón que teñen que ir acompañadas de medidas que tamén afecten ao ensino concertado de tal xeito que favorecen unha maior redistribución do alumnado que a día de hoxe sofre unha distribución moi irregular. Esta realidade apréciase claramente en barrio como ven dixo a concelleira de Teis, onde unha oferta educativa de escola concertada lastra ao ensino público, e onde as medidas que propón adoptar este documento non fan máis que establecer unha zonificación de servizos creando un agravio comparativo co ensino concertado. Non me quería repetir pero o Plan propón limitar o transporte só na área educativa correspondente, de tal xeito que colexios como o público de Teis con déficit de alumnado non poderían traer nenos/as da zona 1 correspondente ao centro, mentres a escola concertada non ten ningún límite niso e trae alumnos de calquera punto de Vigo, vémonos no caso contrario no que vai ser a nova zona 4, onde un exceso de alumnado fai que os centros de ensino público sobre todo en secundaria, non sexan suficientes obrigando ás familias a desprazarse fora da súa contorna, non existe oferta suficiente dende primeiro da ESO para todo o alumnado que remata a primaria, non obstante atopámonos como se aumentan as prazas ao chegar ao bacharelato xusto cando as familias que apostaron pola concertada, dan o salto á pública.

A oferta educativa debe ser para todos e todas igual, dende primeiro da ESO, dándolle a todo o alumnado, tanto da pública como da concertada, a oportunidade de ter praza nos institutos de secundaria próximos aos seus centros de primaria, superando así a actual proposta que obriga a desprazarse, por exemplo a Valadares a parte do alumnado dende primeiro da ESO, mentres se lle asegura praza próxima á aqueles que aceden ao bacharelato.

No documento tamén se debe incluír medidas activas que apoiem o ensino público, medidas que aumenten as matrículas non centros con déficit delas, medidas como o compromiso de manter liñas e profesorado, dotar de servizos complementarios como a Aula Madruga, actividades extraescolares e outros servizos que algúns centros teñen serias dificultades en ofertar pola baixa matrícula e que a día de hoxe dependen do traballo e esforzo das AMPAS, tódolos centros públicos deben contar con transporte escolar e servizo de comedor para tódalas familias que así o precisen, non ofrecer este servizos nos centros públicos é condenalos a súa

desaparición, se é verdade que existe un déficit de natalidade que afecta á matrícula, esta non se ve reflectida por igual nos centros concertados e nos públicos, non poden manter unha oferta educativa concertada tan ampla en barrios onde hai prazas máis que suficientes no ensino público. A súa normativa defende e permite a libre elección das familias, xustificación que lles serve para manter e potenciar o ensino concertado, mentres tanto a nosa escola, a pública vese discriminada e obrigada a subsistir nunha competencia desigual. Aposten vostedes, señores do Partido Popular, claramente por potenciar o noso ensino, o público, fágano con medidas concretas e con orzamentos, non só de palabra.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que hoxe estamos aquí debatendo un tema que é unha realidade, se é verdade que había 20 anos que non se modificaba o mapa de zonas escolares en Vigo, si é verdade que dende este Pleno municipal se instou á Xunta de Galicia para que realizara ese mapa de zonas, que si é verdade que ademais FOAMPAS tivo moito que dicir porque foi a que tamén propuxo nun primeiro momento que a zonificación tiña que facerse, foi un compromiso do Partido Popular nas eleccións autonómicas, e foi un compromiso que hoxe estamos a debater aquí porque estase a levar a cabo, polo menos iso xa o temos claro e vostede hoxe o que pide é que a Xefatura Territorial de Pontevedra remita o documento para que poida ser debatido pola comunidade educativa e polos sectores representativos, eu vou facer aquí, sinalar un cronograma do traballo que se ven facendo porque este é un traballo arduo, que ademais ten que estar consensuado coa comunidade educativa, é un traballo que fan os inspectores, que fai o corpo técnico de educación para adaptarse a realidade e ao futuro da cidade de Vigo, porque estamos a dicir que tiñamos unha zonificación de hai 20 anos, temos que saber como avanzou e evolucionou o sistema educativo, como está a demografía na cidade e que é o queremos tamén de cara ao futuro.

Digo que é un compromiso que se instou dende este Concello á Xunta de Galicia e se está a facer, non pasa sempre cando se insta ao Concello que se realicen os compromisos, propúxose un corpo de inspectores hai un ano, en decembro do ano 2016, xa en xaneiro comezaron a recoller os datos, xa en marzo amosáronse diferentes clarificacións, o primeiro borrador xa estaba feito en xuño, si é verdade que despois se engadiron e se falou e se modificou por algunhas achegas, e

modificouse o calendario, e despois no mes de novembro os inspectores seguiron traballando e no día de 23 de novembro xa se atenderon alegacións presentadas, houbo contactos directos con diferentes directores, co Consello, vostede ten coñecemento perfectamente dese documento, porque é directora dun centro e non porque sexa concelleira, eu non sei a proposta que ten este Concello de zonificación para Vigo, ten este Concello de Vigo, esta concelleira de Educación unha proposta concreta, unha zonificación por algún tema eu quería dicirlle á Sra. López que aquí non se agravia a ninguén, non se agravia á ensinanza pública, tódolos cidadáns e vigueses/as teñen acceso á ensinanza pública pero hai unha convivencia coa ensinanza concertada, é que non sei que tabú pode haber aquí coa ensinanza concertada porque eu non vexo ao Sr. Alcalde a a vostede fora deste Pleno municipal criticar á ensinanza concertada, todo o contrario, creo que aplaude case máis este Alcalde á ensinanza concertada que nós mesmos do Partido Popular e da Xunta de Galicia. Aquí está garantida e o que queremos para o futuro é que haxa menos diferencias entre a periferia e entre o centro, que a cidade sexa máis integradora, se pode haber maiores infraestruturas, mellor, hai necesidade en Navia, a Xunta de Galicia está a facer un colexio, ampliando o Castelao en Navia, hai necesidades en Teis? A Xunta de Galicia está ampliando o IES de Teis, haberá ao mellor que propoñer un instituto público en Navia? Haberá que propoñelo, por suposto, porque a cidade crece e medra polo sur da cidade, imos ver e facer isto con criterio e con seriedade, nós imos apoiar esta moción porque que é, que lle remita o borrador? Iso é de obrigado cumprimento e a Xefatura Provincial non vai ter ningún problema en remitirlle a vostedes o documento, só fallaría que non lle remitiran o documento, polo tanto, os inspectores están a traballar arduamente, porque isto é un traballo moi meticuloso, ademais se se estivo demorando é porque isto non é sinxelo de facer, están ademais garantindo a ensinanza pública a tódolos vigueses/as que o desexen pero tamén a liberdade de elección coas infraestruturas que temos nesta cidade, se podemos ampliar infraestruturas, benvida sexan, despois falaremos diso noutra moción tamén, pero eu digo unha cousa, os obxectivos desta zonificación, insisto, non se poden ver no curto prazo, temos que saber cara onde queremos ir e como vai ser a modificación e como vai estar estruturada esta cidade a nivel educativo para o futuro e creo que a Xefatura Territorial de Educación, a Xunta de

Galicia e toda a comunidade educativa, porque insisto, as reunións cos directores dos centros, as reunións e as achegas de tódalas persoas que quixeron achegar aportacións para esta zonificación estanse tendo en conta, entón vostedes aquí presentan hoxe unha moción que eu creo que é para falar do tema, para criticar ao Partido Popular, para poñer de manifesto que o Partido Popular está en contra de todo e iso non é certo, a zonificación estase a facer, se está a cumprir un compromiso, estase achegando achegas da comunidade educativa e a Consellería está a ter en conta esas achegas. Así que, vostedes instan á Xefatura Territorial a que envíe o documento, votamos a favor, por suposto que vai enviar o documento, agora o que non podemos aceptar é que vostedes critiquen que a Xunta de Galicia ou esta zonificación agravie a ensinanza pública porque iso non é verdade, mantéñense tódolos servizos educativos e a Consellería de Educación insisto, ten unha comisión técnica de traballo e aí se é verdade que politicamente pode haber criterios porque xa están vostedes en contra de todo antes de que se faga, pero isto é un traballo técnico da Xefatura e dos técnicos de educación.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Remitir o documento cando? Claro, na maior brevidade, pero é que a preinscrición comeza 1 de febreiro, cando se vai dar tempo para facer alegacións? Eu simplemente si que pido unha cousa, pido un exercicio de participación e de transparencia, o que pedimos é que a zonificación de Vigo non supoña nin peche de unidades, nin que no ensino público se restrinxan servizos como os de comedor ou o transporte, que non se respecte a proximidade ao domicilio familiar, e que non se garantan as igualdades de oportunidades porque para que está feita esta zonificación? Pois voulle poñer algúns exemplos, pois por exemplo para recortar o proxecto educativo do IES de Teis, porque vanlle quitar a ESO e o Bacharelato, ou está feita para limitarlle o transporte ao colexio San Salvador, un centro cun proxecto educativo no que está toda a comunidade implicada e que foi premio provincial e premio galego de Voz Natura, un centro de prestixio, ou para que un colexio como o Illas Cíes que estivera adscrito primeiro ao IES Álvaro Cunqueiro, logo ao IES Alexandre Bóveda e agora que vai pasar ao Santo Tomé, estas familias como se organizarán, para iso pedimos a zonificación pero é que vostede falaba dunha cousa importante, falaban de que facían investimentos, eses investimentos nesa cidade son no Alfonso Rodríguez Castelao

de Navia que é un centro dunha liña que se vai ampla a tres, e resulta que eses nenos dese centro se lles manda a 10 quilómetros cando vaian aos institutos, iso é o que vostedes están a traballar? Ou o investimento no IES de Teis que lle quiten a ESO e o bacharelato, resulta que xa lle pediron á dirección que levase os planos para ver se xa os podían acomodar a eses cambios, eses son os investimentos, iso é o que vostedes traballan, é dicir, non pedimos nada máis, claro que a educación pública vexa prexudicada, claro que si, estámolo a ver con que hai colexios en zonas, é que non é que os maten vostedes, é que os están a deixar morrer a eses colexios, iso é o único que pedimos e ademais pedimos que se escoite ás familias, é moito pedir? Bembrive é un colexio que leva 20 anos pagando os pais e o Concello un transporte escolar e nunca se lles escoitou por parte da Xunta de Galicia, nunca, é un colexio público, un colexio cun proxecto distinto.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.12.2017 (Rex. Nº 1677/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(203).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA COMPETENTE A REALIZAR UN PLAN DE INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS ESCOLARES PÚBLICAS PARA MANTER NO ENSINO UNS ESTÁNDARES DE CALIDADE, CONFORTABILIDADE E SEGURIDADE. REXISTRO PLENO 1678/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de decembro de 2017, número 1678/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Pese ás reformas levadas a cabo nalgúns centros de educación pública da nosa cidade, o certo é que dada a antigüedad das infraestruturas as necesidades son moitas, necesidades reclamadas polos centros.

Pero tamén é preciso a adecuación desas infraestruturas aos novos usos e necesidades.

Unha das peticións mais común das comunidades educativas é a cubrición dos seus patios de recreo porque os nosos escolares non poden saír cando chove nin desenvolver as clases de Educación Física.

O Alcalde, a pesares de non ser unha competencia municipal e soamente pensando no benestar das nenas e nenos vigüeses, acadou un compromiso coa comunidade educativa e ese compromiso traducíuse na realización do patio cuberto do Ceip “Alfonso R. Castelao”, na tramitación de tres novos Ceip Virxe Rocío (274.544.-€), Ceip Carballal 355.544.-€ - Ceip Canicouva 277.551.-€, presupostados dous máis para o 2018. Pero 13 centros máis solicitan cubrición patios.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar á Admon Educativa Competente a realizar un plan de investimentos en infraestruturas escolares públicas, que contribúa a manter no ensino público uns estándares axeitados de calidade, confortabilidade e seguridade, garante dun uso satisfactorio por parte de todos os sectores da comunidade educativa (docentes, discentes e familias).”

DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Un centro educativo é moito máis que un espazo edificado, amoblado e ocupado, ten que ser sobre todo un espazo social, un lugar de convivencia, de ensino, de aprendizaxe, nunha contorna concreta e nun período vital como é a infancia e a adolescencia. As instalacións escolares deben de ser unha ferramenta educativa máis.

A administración educativa correspóndelle garantir que quen agora son os escolares e mañá serán os cidadáns de pleno dereito, poidan formarse nas mellores condicións, tanto materiais como persoais e poidan convivir na súa etapa formativa nun espazo seguro, comfortable, habitable, humanizado, que lle axude a crecer en coñecemento e en liberdade e en madurez, o lugar onde se ensina e se aprende condiciona o modo concreto en que se ensina e se aprende, dende logo non imos discutir aquí unha clase ventilada, con luz, da máis gañas de traballar que unha clase, que un zulo pechado, o que é unha biblioteca, un espazo como unha biblioteca, cunhas boas condicións que insta a ler e a participar, ou unha clase de inglés con dotacións para que os nenos poidan aprender, ou un lugar de recreo onde os nenos poidan saír e correr. Esas infraestruturas son moi importantes, cal é o problema? O problema é que as infraestruturas da nosa cidade do ensino público están totalmente abandonadas, se cambiaron pero abandonadas, si que é verdade que se cambiaron algunhas cubertas dalgúns colexios pero é que tiñan amianto, pero aínda hai colexios que nos as cambiaron, é verdade tamén que hai que cambiar as fiestras e ventás porque non son condicións cando entra o frío, hai que cambiar as instalacións eléctricas porque non é un problema de mantemento, é un problema de que esas instalacións son as primeiras, entón como comprenderán o ensino hai trinta anos non é o mesmo que o de agora. Hai que cambiar os canos, pois si que hai que cambialas, hai que investir niso, iso é un investimento, sabe cal é a historia? Que segundo a Lei de administracións públicas aprobada polo Partido Popular, o Concello só ten competencias no mantemento, conservación e vixilancia dos centros educativos, os investimentos quen as ten que facer é a Concellería de Educación, a Xunta de Galicia, iso é o que ten que facer, pero é que non o fai nos colexios públicos. A verdade é que é de vergoña cando algún director solicita que se lle cambie a cuberta e a resposta é que non saben nin de que ano é ese colexio nin cal é a vida útil desa cuberta, esa é a resposta que se lle deu a ese centro, eses investimentos son competencias, pero o que está claro é que o Partido Popular non quere facer iso, porque hai dez días no Parlamento Galego tódalas emendas presentadas de cara aos investimentos nos colexios foron todas rexeitadas, entón o Partido Popular non quere facer iso, pero é que fai falla e fai falla tamén noutro ámbito que é o que están a solicitar agora os colexios que é nos patios cubertos, houbo un

compromiso do Presidente da Xunta de Galicia co Alcalde de que se cubrirían tanto os patios cubertos como cubrira o Concello; o Concello ten un cuberto feito, pero ten dous máis que neste momento xa están aprobados, licitados, eses vanse facer e para o 2018 vanse facer dous máis, cantos vai facer a Xunta de Galicia, porque é cuestión de preguntarse, pregúntanlles aos directores, aos nenos, ás familias se queren un patio cuberto si que é verdade que o piden, pero o que piden é que o ensino público teña unhas instalacións adecuadas que garantan esa liberdade de elección dos pais cando deciden ir ao ensino público e que garanten esa igualdade de oportunidades, iso é simplemente o que piden, non piden moito máis, piden que esas instalacións simplemente sexan as adecuadas e hai que facer, investir en educación, entón cando non se inviste en educación non se está investindo en futuro, entón pensemos en todas esas cousas que hai que cambiar nas instalacións educativos, e outra das peticións porque o dos patios cubertos aínda hai dous meses volvemos a recibir as peticións de dous centros máis solicitando os patios cubertos.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Que os Orzamentos adicados pola Xunta de Galicia á cidade de Vigo na área de Educación e en calquera outra en realidade son ben escasos, esta para nós máis que claro, tema debatido no anterior Pleno, antes falábamos das escandalosamente baixas cifras de investimento por habitante na nosa cidade e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia no campo da educación non invitan precisamente ao optimismo, fora do CEIP Castelao en Navia e o IES de Teis, non hai absolutamente nada, é imposible que alguén poida pensar que estas son as únicas actuacións necesarias nunha cidade co número de habitantes e de centros educativos que ten Vigo, sen ter dúbida de que actuar por exemplo na cobertura de patios é necesario e nalgúns casos imprescindible para adecuada realización de actividades, sinalar que sempre en coordinación cos diferentes axentes implicados, ben sexa a AMPAs, persoal docente e tamén asociacións de alumnos/as onde corresponda, as actuacións deberían ter unha perspectiva non só de cubrir espazos ao aire libre senón unha remodelación dos patios que inclúan unha intervención xeral e transversal que os fagan acordes cun ensino máis igualitario e que potencie outro tipo de xogo máis cooperativo e inclusivo, os tempos nos que os patios eran só para xogar ao balón teñen que

rematar e as actuacións teñen que ter en conta actuacións educativas máis integrais e dentro do que é estritamente a cobertura de patios, non estaría de máis unha revisión de tódalas infraestruturas antigas como ben sinalaba xa a concelleira.

Cando unha administración, neste caso a Xunta de Galicia, non cumpre coas obrigas mais elementais, ás veces por urxencia, outra administración ten que facelo e por suposto que este é un gasto impropio pero o certo é que tanto o Concello de Vigo como moitos outros concellos do Estado español están cheos de gastos impropios, en Vigo un gasto impropio serían os máis de 800.000 euros para Air Nostrum, o millón e medio ben pasado para Ryanair, se nos laiamos por gastos impropios, fagámolo por todos, deixando claro dende a Marea de Vigo que a mellora das infraestruturas educativas sendo un gasto impropio, parécenos máis que xustificable.

E dentro dos gastos impropios en materia de educación, o 1.764.000 euros das aulas internacionais dentro deste programa están incluídas as celebérrimas bolsas inglés, habería bastante que debater sobre as bases de acceso dirixidas ao alumnado de terceiro da ESO, dende o noso punto de vista as circunstancias socio-económicas non pesan o suficiente na puntuación para o acceso, máis independentemente diso se poñemos nunha balanza o día a día das rapazas/es no seu entorno educativo ou unha actividade de tres semanas, a cuestión debería estar bastante clara. En todo caso e con matices sobre a argumentación desta moción, non tanto polo que contén como polo que din os orzamentos deste Concello, o acordo proposto é máis que razoable, as administracións públicas teñen o deber de apostar por un ensino de calidade, con medios tanto humanos como materiais que garantan unha educación inclusiva e que tendan a compensar as desigualdades económicas que poidan ter o alumnado para fomentar a igualdade de oportunidades e que as condicións de estudo das persoas non dependan da súa situación económica.

Quen nos dera a todas que este acordo fose atendido pola administración competente, aínda que moito tememos que a dirección é outra. Imos apoiar o acordo que contén esta moción. Moitas grazas.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade é que lendo esta moción que xa debatemos aquí en varias ocasións e ás veces cun texto ou con outro, comeza hoxe dicindo, “pese as reformas levadas a cabo nalgúns centros de educación pública da nosa cidade” xa é un paso, porque vostede polo menos xa está recoñecendo que se están levando a cabo obras de infraestrutura de mellora nos centros da cidade, fala vostede de orzamentos que se rexeitaron os de infraestruturas educativas, nós presentamos aquí neste Concello, neste Pleno municipal cunha emenda, un plan de accesibilidade que por certo, tamén se presentou no Consello Escolar Municipal e falamos de investimentos e do Concello de Vigo tamén na educación e foi rexeitada, totalmente rexeitada, polo tanto, nós si que apoiamos a cubrición dos patios que normalmente tódolos anos presuposta este Concello pero é que claro vemos a execución e executa 5,3%, se vostedes teñen presupostada unha cantidade xa para designar a eses centros, pois o normal sería que se executase, nós apoiámolo totalmente, o que pasa é que claro queda a medias e despois veñen aquí a pedirlle ás administracións educativas competentes que fagan o que teñen que facer. A verdade é que a Xunta de Galicia leva investido, eu sempre llo digo cando falamos de infraestruturas, teño aquí o cadro e cada vez que pasan os meses van engadíndose necesidades e fala da luz, fala do cambio de fiestras, fala de calefacción, de necesidades que teñen que adecuarse e modernizarse os centros porque si que é verdade que nalgúns casos son construcións antigas e a verdade iso estase atendendo, eu lémbrolle tamén que derivado dos acordos do pacto local asinado no 2006, lembrará vostede tamén e ademais eu farei referencia tamén do bipartito, no que atinxe as obras de reparación, conservación e mantemento son responsabilidade de cada concello, obras tamén de reparación, de mantemento, tubaxe tanto sanitarias como de calefacción ou fecais, fallos no funcionamento da caldeira, etc. é dicir, o Concello tamén ten a súa responsabilidade e a min ademais o que me chama a atención é que presuposten unha cantidade concreta adicada aos centros e non a executen, quédanlles cartos por executar na reparación de moitos centros, polo tanto o primeiro é que executen os cartos que vostedes presupostan. En segundo lugar quería dicir que a Xunta de Galicia, falaba o voceiro de Marea que non inviste en educación, que só no IES de Teis e no Castelao, non, a Xunta de Galicia en educación inviste en primaria, secundaria, centros de FP, escolas de idiomas, conservatorios, etc. varios

temas concretos e despois gustaríame saber e que se atendese, se vostede que tanto fala do Consello Municipal de Educación, eu teño aquí a acta da última reunión de novembro e se solicita un Plan de accesibilidade, se solicita que se mellore a convivencia do alumnado do Picacho e do Albergue, pedímolos xa en varias ocasións, a necesidade dunha biblioteca pública de Teis, o abandono do parque da Riouxa, é dicir, tamén hai moitas obrigas municipais que teñen que facerse para que os centros estean correctamente e funcionen como demandan os pais, a comunidade escolar e quero ademais falar da emenda que fixen pero con extrema preocupación porque vostede aquí insta á administración educativa competente a manter os estándares axeitados de calidade, confortabilidade e seguridade, e temos que falar da auga, porque aquí hai un centro que hai moi pouco tempo tiña serios problemas coa auga e iso si que é unha competencia puramente municipal e hai que manter eses estándares e tamén traballando dende aquí. Polo tanto, o Concello está obrigado a facer un informe técnico de avaliación de riscos que inclúe situación de saneamento e tubaxes cada 5 anos, o último do CEIP de Teis, por poñer un exemplo, foi no 2011 e no Ría de Vigo que é o colexio que nos atinxe agora porque foi a tivo a alarma máis elevada, non se notificou ningún informe polo menos dende o ano 2009; polo tanto, está moi ben que vostede aquí pida á administración competente a realizar as infraestruturas que ten que facer pero nós tamén queremos presentar unha emenda que di “que instamos ao Concello de Vigo e á concesionaria Aqualia, como responsables do servizo de abastecemento do Concello de Vigo a garantir o subministro da auga nas debidas condicións de salubridade e potabilidade a tódolos centros de ensino primario, secundario e universitario da nosa cidade” porque cremos que é de extrema necesidade e cremos que se pode engadir perfectamente ao texto que vostede presenta hoxe aquí, creo que hai representantes da comunidade educativa que compartirán con todos nós, con tódolos concelleiros que estamos aquí hoxe que iso é de extrema necesidade e de moita importancia.

Polo tanto, eu creo que temos que debater tódolos temas referentes a educación pública, por suposto, aos centros, ás infraestruturas dos centros que é o que estamos a falar agora aquí, pero os puntos tamén na acta, aprobada ademais por unanimidade no Consello Municipal de Educación, creo que tamén deberían levarse a cabo, a maioría deles están garantidos ou estarían garantidos nos

orxamentos municipais e terían que facerse por parte deste Concello que tamén ten a súas responsabilidades.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Primeiro, nos orxamentos de Educación, na partida de reparacións non queda nada, está todo executado, o que non está executado son os investimentos que non lle corresponden a este Concello que si hai unha vontade política de facelas, que si que están os proxectos adxudicados definitivamente antes do remate deste ano, ese é o compromiso, pero o compromiso deste Concello vai máis alá porque o compromiso xa o ten tamén no próximo orxamento, no 2018, iso é o que pedimos, iso é o que hai, esa é a vontade, do resto non a hai. Con respecto aos acordos tomados no Consello Escolar Municipal, tódolos acordos do Consello Escolar Municipal son comunicados a cada unha das administracións competentes, tanto as municipais como as demais, o que me parece é que ter que pedir aquí determinadas cousas como é o acceso ao IES de Teis cando o Concello non ten ningunha competencia nos institutos e vostedes din que non hai un acceso, cando dende este Concello se lle pediu permiso, houbo que pedirlle permiso para invadir un espazo do instituto, creo que é moito morro cando por riba non o fan e esixen que este Concello o faga, é que é moito morro, como o tema do Carlos Casares, estamos a falar de institutos, as competencias non son municipais pero o que está claro é que este Concello nunca vaille dar as costas ao ensino, e menos ao ensino público, e vanse facer, como se vai facer o valo doutros institutos pero que vostede teña que pedir esas cousas, que vostede teña que pedir que se fagan esas cousas aquí, eu supoño que porque non as pide na administración que a ten que facer? Porque non as pide no Parlamento galego? Por que non as pide? Porque non lle fan caso, porque nin sequera hai vontade política de facer ningunha cousa, non hai vontade política, entón como non hai vontade política pois xa non o facemos, aquí si que temos esa vontade política, aquí si que a temos e aquí si que estamos a apostando polo ensino público pero estamos apostando polo ensino público porque é o que garante que tódolos cidadáns desta cidade, tódolos nenos teñan igualdade de oportunidades por iso apostamos polo ensino público e seguiremos traballando neses centros e o único que pedimos é que se fagan investimentos, que se faga un Plan, non que se faga de repente, e que polo menos cando se da unha palabra que se cumpra.

PRESIDENCIA: Señora concelleira se pronuncia sobre a emenda presentada polo Partido Popular. Non aceptada a emenda procedemos á votación da moción.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.12.2017 (Rex. Nº 1678/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(204).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL QUE PRESENTE UN PROXECTO DE LEI ANTE AS CORTES XERAIS PARA REFORMAR O IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. REXISTRO PLENO 1679/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de decembro de 2017, número 1679/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Tribunal Constitucional se pronunciou sobre algúns aspectos do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana que obrigan ao lexislador estatal a reformar a Lei de Facendas Locais.

Como é sabido, as Corporacións Locais non teñen competencia lexislativa para tramitar unha Lei e nin sequera para presentar un Proxecto de Lei senón que esta competencia se residencia, basicamente, no Goberno do Estado que é quen pode propoñer Proxectos de Lei.

O silencio do Goberno estatal contrasta coas propostas feitas dende a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e, en particular, polo seu Presidente para conseguir artellar un imposto que non sexa confiscador para os cidadáns e que garanta os recursos para as Corporacións Locais.

A atención aos cidadáns e aos recursos das Entidades Locais demanda acción inmediata do Goberno do Estado para presentar un proxecto de Lei e para aprobar uns coeficientes de mercado xustos que poidan ser tidos en conta na determinación do importe que, no seu caso, deba satisfacerse por este imposto.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO:

- Instar ao Goberno de España para que presente un proxecto de Lei ante as Cortes Xerais para reformar o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, tendo en conta as propostas feitas dende a presidencia da FEMP, para dotar de seguridade xurídica a cidadáns e Corporacións Locais.”

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para instar ao goberno do Estado, para instar ao goberno do Sr. Rajoy, para instar ao Ministro de Facenda o Sr. Montoro, a que presenten dunha vez por todas un proxecto de lei que modifique a Lei de facendas locais, estamos a facer non só referencia aos ingresos de tódolos concellos de España, estamos a facer referencia sobre todo á seguridade xurídica que teñen que ter tódolos cidadáns/ás da cidade de Vigo e do resto dos concellos de Galicia e de España por extensión neste imposto, van xa uns cantos meses dende que o Tribunal Constitucional alá por febreiro de 2017, declarase inconstitucional primeiro a regulación deste imposto na Deputación Foral de Guipuzcoa e despois na Deputación Foral de Álava para concluír coa declaración de inconstitucionalidade condicionada por parte da Lei de facendas locais, di o Tribunal Constitucional que este imposto pode ser inconstitucional só na medida en que fai tributar capacidades económicas inexistentes, polo tanto, compre, é preciso que quen ten a competencia para legislar, para presentar un proxecto de lei ou ben para a vía de decreto lei, reformar ese imposto, exerza esa competencia, é o titular desta competencia non é outro que o goberno do Estado, que é o goberno que preside o Sr. Rajoy, por iso tanto dende os concellos como o Concello de Vigo, como sobre todo dende a Federación Española de Municipios e Provincias que preside o Alcalde de Vigo, se insta ao Ministerio de Facenda a presentar de forma urxente e na maior brevidade posible, un proxecto que remate con esta inseguridade xurídica que afecta aos concellos e aos cidadáns, hai que dicir que dende este Concello, dende esta administración municipal, dende esta concellería de Facenda estase a informar aos cidadáns do que deben ou poden facer nos casos en que teñen que presentar unha declaración, están a recomendar presentar autoliquidacións de cota cero para que naqueles casos nos que se pon de manifesto a inexistencia precisamente deste incremento de valor, non resulta unha cantidade a pagar, polo tanto, dende o ámbito das nosas competencias, das nosas posibilidades estamos axudando aos cidadáns que teñen que asumir o custe de asesoramento, de presentación dunha autoliquidación, da mellor forma posible para facer fronte ao cumprimento das obrigas sen incorrer por suposto en prexuízo para eles.

Pero hai que dicir que o goberno do Estado leva un atraso considerable de facer público dunha vez por todas un proxecto de lei que garanta non só os recursos

necesarios para os concellos senón a seguridade xurídica para os cidadáns, que é o que pretendemos con esta moción. O goberno ten enriba da mesa ata dúas propostas de modificación deste imposto que se lle fixeron chegar por parte da Federación Española de Municipios e Provincias que preside o Alcalde desta cidade, dous proxectos que ata o de agora non recibiron resposta positiva nin negativa, simplemente parece que o goberno do Estado quere esquecer a súa responsabilidades e pretende que sexamos os concellos os que asumamos unha responsabilidades que non nos corresponden, porque hai que dicilo claro, os concellos non podemos regular que supostos deben tributar por este imposto, tampouco podemos regular as exencións neste imposto e tampouco podemos regular a propia contía deste imposto, polo tanto, estamos condicionados a que unha lei do Estado contemple esta reforma do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, o que se coñece popularmente a Plusvalía local. Polo tanto, é preciso que o goberno exerza esa competencia, que nos deixe actuar aos concellos con autonomía, que nos permita ter unhas contas estables e consolidadas en termos de suficiencia financeira e que dote de seguridade xurídica a cidadáns e a concellos na esixencia deste imposto.

Polo tanto, compre instar ao Ministerio de Facenda que presente urxentemente un proxecto de lei, tamén é preciso que o goberno do Estado que é o responsable tanto por acción como por omisión, é dicir, pola omisión de non facer unha regulación deste imposto, por non reformar este imposto para que dote nos Orzamentos Xerais do Estado dunha partida orzamentaria para facer fronte as posibles devolucións que se teñan que facer e que tamén dote dunha partida para compensar da perda de recadación que sofren os concellos por este imposto. Polo tanto, é preciso que o goberno do Estado actúe, por iso presentamos esta moción.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos de acordo con esta moción, entre outras cousas porque parecía que cando chegou esta sentenza do Tribunal Constitucional parecía que ía haber unha resposta rápida do Ministerio e en setembro o Sr. Montoro reuniu aos grupos parlamentarios do Congreso e naquela xuntanza se propuxeron algunhas cuestións, incluso se dixo que había un principio de acordo entre a FEMP e o Ministerio, sobre todo para aquelas cuestións de plusvalía que se devengaban no mesmo ano precisamente para acabar coas cuestións dos

pelotazos urbanísticos, parecía que había acordo, dende setembro non temos nin sequera unha resposta proactiva por parte de Ministerio, sobre todo porque algúns concellos xa fixeron propostas, nós neste caso o grupo de Marea-Unidos Podemos traballamos sobre a proposta que fixo por escrito o Concello de Madrid, por desgracia do exconcelleiro de Facenda o Sr. Sánchez Mato, pero que fixo unha proposta moi interesante que falaba dunha cuestión que estaba enriba da mesa que tiña que ver precisamente coa cuantificación obxectiva, as capacidades económicas potencias, establecendo un baremo e unha táboa e sobre todo o que tiña que ver precisamente con esa cuestión das plusvalías no mesmo ano que a nós nos parecía interesante, se imos reformar todo este imposto, pois obviamente tamén que non sexa a ano pasado senón que esas operacións inmobiliarias que moitas veces se fan nun mesmo ano que quedaban fora do control; o problema? Que cremos que o Ministerio non está disposto a asumir unha responsabilidade que é súa, exclusivamente súa nun imposto que artellou independentemente que os recaden os concellos, esa falla de control ou esa falla de seguimento sobre unha cousa que é evidente, a plusvalía significa que se gaña algo, se unha venda non produce esa plusvalía ou incluso hai unha minoración de recursos non ten sentido cobrar o imposto, era algo que sistematicamente os concellos lle recriminaban ao Ministerio, sobre todo o que ten que ver coa retroactividade da devolución dos importes e outra cuestión que a nós tamén nos preocupa que era o tema da transitoriedade que introducía o ministerio, polo tanto, dende logo se o Ministerio non pensa resolver isto, o que está a pasar é que lle está a pasar a pelota aos concellos, hai concellos que xa decidiron que ata que o Ministerio resolva, ata que se modifique ese imposto, non facer nada, hai outros que si, que xa de maneira proactiva están a facer algunhas medidas no que ten que ver coas autoliquidacións, a nós nos gustaría que polo menos si que aparecera información na web dunha maneira máis clara, digo porque a web do Concello de Vigo está moi ben dentro do que son as web municipais, achega moita información e si que sería bo que houbera unha información de cara a todos eses veciños/as que queren facer a consulta porque nós dende logo o que é a información do proceso a seguir ou a situación en tempo real de como está, como pode reclamar un veciño/a eses cobros que dende logo teñen que volver para atrás, non existe en ningunha parte agás ese formulario para solicitar os ingresos que se consideran indebidos. Polo

tanto, esa información si que debería aparecer nun formulario, polo menos na web municipal, independentemente de que resolva ou non o ministerio de Facenda si que sería bo que esa información fora polo menos clara no que lle corresponde ao Concello de Vigo, en todo caso, nós estamos de acordo e esperamos que sexa unha das tarefas que o Ministro o Sr. Montoro se traia das vacacións de Nadal a principios do ano que ven.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar queremoslle dar as grazas ao goberno municipal para que por propoñer que no Pleno do Concello se fale do imposto de Plusvalía porque espero que tomen nota os medios de comunicación que hoxe están aquí e lle dean publicidade a algo que vostedes non lle queren dar publicidade como o goberno municipal, e que aplicaron absolutamente a lei do silencio, aquí non se fala do imposto sobre plusvalía porque cada día que pasa o goberno municipal afórrase uns cartos de xente que se lles pasa e prescribe a solicitude de devolución duns cartos que ingresaron indebidamente e por iso estamos contentos e lle damos as grazas Sr. Aneiros para que o traia, logo na súa moción parece que se confunde e confunde o goberno central, o goberno de España co Parlamento, o goberno non ten maioría absoluta no Parlamento, entón fala de que o goberno propoña un proxecto de lei, o goberno propuxo un proxecto de lei, está mal informado Sr. Aneiros, non sei se o seu Alcalde que o debe saber, non está hoxe aquí agora, xa se marchou, pero o seu Alcalde sábese porque se falou dende o goberno co Alcalde e o goberno de España tamén falou co tódolos grupos políticos do Congreso, e o goberno de España falou con tódolos partidos políticos do goberno, eu teño aquí o proxecto de lei, se quere lle paso unha copia, téñoa aquí, vostede tamén o ten, entón se vostede tamén o ten e mo ensina porque pide na moción que se presente un proxecto de lei, pero si xa está; por iso o que teñen que facer vostedes dende o goberno municipal, como estamos facendo os que estamos tamén en Madrid, nas Cortes Xerais, no Senado, é propoñer cousas que inflúan e beneficien aos cidadás porque estamos aquí para representar aos que nos votan, e estamos aquí para defender os intereses dos que nos votan e non cando un se sobe ao coche oficial ou cando se sobe ao cargo, pois esquece Sr. Aneiros, de todo o que había dito en campaña e esquecese dos cidadás, que son os que pagan este imposto. Este imposto grava o aumento de

valor que se produce nos inmobles urbanos, nos solares ou vivendas fundamentalmente cando se produce a transmisión da propiedade ou se constitúe ou transmite un dereito real, é importante dicir que este é un imposto potestativo, non tódolos concellos o teñen, pódono ter ou non ter, pódono aplicar ou non aplicar, en Galicia só 115 concellos aplican este imposto, e sabe quen é o número 1, o que máis recada de Galicia? Vigo, Vigo é o Concello que máis esquilma aos vigueses, aos seus cidadáns, aos seus votantes recadando este imposto, o ano pasado de 40 millóns de euros de recadación en Galicia, Vigo 9 millóns e este ano que dicían que o ían quitar ou que ían analizar caso por caso, tiñan presupostado 6,4 millóns de euros e xa a 30 de setembro recadaran 6,8 millóns, a 30 de setembro, falla outubro, novembro e decembro. Por iso o que teñen que facer vostedes é devolverlle os cartos á xente, que lle cobraron indebidamente o que teñen que facer é facilitarlle a devolución duns cartos que ingresaron indebidamente, porque o que está a facer o Concello na recadación do imposto de Plusvalía é un sen sentido, é dicir unha cousa o Alcalde cando se vai a Madrid a facerse fotos pero logo negarlle o pan e o sal aos vigueses que están a reclamar o seu imposto, estalles obrigan a ir ao xulgado e hai unha sentenza de setembro cando vai un cidadá de Vigo que vendeu inmoble a perdas porque durante a crise a maioría dos inmobles se venderon a perdas, e lles obrigan a ir ao Xulgado e neste vostedes en vez de avenirse, se reafirman e obrigan ao xuíz a ditar unha sentenza e agora hai que devolverlle os cartos cos intereses, esa é a realidade, unha cousa é encherse aquí a boca dicindo que hai que resolver este tema que o están resolvendo as autoridades competentes, e outra cousa é a súa competencia que é devolverlle os cartos á xente que cada día está prescribindo esa posibilidade, non o están a facer.

SR. ANEIROS PEREIRA: Pero que insensatez, a verdade que cada vez que fala o Sr. Fidalgo, sobe o pan, o leite, sobe todo menos o que ten que subir. Mire, eu entendo que vostede se alegre, como acaba de dicir, das desgracias dos cidadáns, enténdoo porque o que quere vostede é unha foto, é o que pretende, fíxoo a semana pasada cando saíu en prensa para que lle fagan un posado, debe estar facendo méritos para ser coñecido en Madrid ou en Santiago de Compostela ou non sei onde porque cando vostede fala os cidadáns non o entenden, non saben nin o que quere

dicir, non saben por así dicilo de que parte está, se está de parte dos cidadáns ou se está da súa parte exclusiva. O que non é de recibo é comparar concellos distintos, non se pode comparar ao Concello de Vigo que é o máis poboado de Galicia con outros concellos eu entendo que vostede lle guste a comparación cunha aldea alá nos Ancares por razóns afectivas pode ter ese factor de comparacións, pero Vigo é a principal cidade de Galicia, é a cidade máis poboada de Galicia e é a cidade onde máis actividade hai, tamén actividade inmobiliaria.

Nós o que estamos a facer, dentro das nosas competencias, informar á cidadanía, asesorar incluso á cidadanía, cando ten que presentar ou non unha declaración por este imposto, polo tanto, o que estamos a facer é cumprindo escrupulosamente co que di a lei, por suposto cando hai supostos conflictivos, dubidosos, cando son supostos que poden ser incluso artificiais cada un está en condicións de facer o que estime conveniente, recorrer ou non recorrer pero o cidadán que ven a “ventanilla”, como cada caso é distinto Sr. Pérez, non se pode colgar unha información de carácter xeral, senón que en cada caso hai que facer fronte a esa cuestión singularizada, se lle informa adecuadamente á cidadanía do que ten que facer, do que lle corresponde. Pero o que se pretende poñer de manifesto con esta moción é o deixamento do goberno central en aprobar unha reforma xa, que é urxente, da modificación da Lei de facendas locais, o que se pretende poñer de manifesto é que o goberno do Estado non ten habilitada unha partida orzamentaria para facer fronte a súa responsabilidade como estado lexislador e como estado que responde da regulación deste concello, por iso non podemos aceptar a emenda de substitución que nos presentan porque o único responsable de que non se poda facer, de que non se estea a modificar a lei é o goberno do Estado, por certo, algunhas Deputacións Forais xa actuaron e por certo, critica a presión fiscal de Vigo cando a Xunta de Galicia do Sr. Feijóo sobe os coeficientes de referencia nos impostos de transmisións patrimoniais, polo tanto, a incongruencia do goberno da Xunta de Galicia ponse se manifesto cando non está ao carón dos cidadáns, nós si que estamos ao carón dos cidadáns.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.12.2017 (Rex. Nº 1679/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

8(205).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN S DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 19 de novembro de 2017 e 21 de decembro de 2017.

9(206).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN S ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó

correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 19 de novembro de 2017 e 21 de decembro de 2017.

MOCIÓNS.

10(207).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO CONTRA O PROXECTO URBANÍSTICO COÑECIDO COMO “PORTO CABRAL” E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1669/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de decembro de 2017, número 1669/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

“MOCIÓN CONTRA O PROXECTO URBANÍSTICO COÑECIDO COMO “PORTO CABRAL” E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende os anos 90, sucesivas decisións ligadas ao proceso de redacción do planeamento urbanístico fixeron dos terreos forestais da parroquia de Cabral encadrados no ámbito coñecido como Liñeiriños unha “peza” apetecible para intereses inmobiliarios e especulativos.

A principal evidencia disto é a propia inexistencia de clasificación como reserva forestal ou clasificación equivalente tanto nos intentos de ter unhas normas urbanísticas adaptadas á lexislación antes do ano 1993 como no mesmo PXOM do 93 (actualmente vixente) como no do 98 (anulado en 2015) a pesar de tratarse de terreos pertencentes a unha comunidade de montes e catalogados como comunais dende o ano 1989, estando xa antes da ditadura franquista coa mesma consideración xurídica.

Dende entón sucedéronse varias tentativas de darlle forma a proxectos urbanísticos de todo tipo. Nese sentido en febreiro de 2013 os directivos do fondo de inversión Eurofund, Ian Sandford e Salvador Arenere, reúnen co conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia e posteriormente co alcalde de Vigo Abel Caballero co obxecto de recoller apoios para PortoCabral, o macrocentro comercial e de ocio que presuntamente proxectan desenvolver en Liñeiriños, Vigo, ocupando uns 300.000 metros cadrados de monte comunal.

A receptividade e valoración positiva tanto da Xunta como do Concello de Vigo a PortoCabral son recollidas naquela altura na prensa, así como o total e sospeitoso entendemento coa directiva da comunidade de montes de Cabral a pesar de que o proxecto supoñía a práctica eliminación da maior parte do monte comunal na parroquia.

Para ese fin, era necesario o posicionamento da asemblea de comuneiros e comuneiras, feito que se produce en novembro de 2013, onde, por 344 votos en contra e 297 votos a favor, a expropiación dos terreos e polo tanto o proxecto foi rexeitado a pesar das sucesivas tentativas da xunta reitora de levalo adiante. De saír adiante, Eurofund xustificaría a utilidade pública e faríase cos terreos, que deberían saír a concurso público tras ser expropiados polo concello.

As presas por parte tanto do Concello como de Eurofund para conseguir que os comuneiros de Cabral aprobasen naquela altura canto antes a expropiación dos terreos facíase patente nas súas intervencións recollidas na prensa, onde se chega a falar da creación de 5000 postos de traballo gracias a Porto Cabral (as cifras a este respecto varían segundo a ocasión pero en todo caso superan sempre en varios miles calquera cifra crible), mencionábase o interese de todo tipo de marcas con grande aceptación coma Ikea ou Primark polo proxecto, sen dar en ningún caso ningún tipo de confirmación por parte destas firmas que puidera facer cribles estas afirmacións, e incluso se fala da construción dun lago con olas e dunha pista de neve artificial pero sen referencias concretas que fagan pensar na existencia dun anteprojecto sólido.

Pese a estes anuncios, en ningún momento nin dende a Xunta, nin dende o Concello nin dende Eurofund se transmite aos veciños de Cabral nin ao resto da cidadanía información concreta sobre o proxecto, a pesar de ser solicitada en varias ocasións. Nin planos, nin anteprojecto, nin os requiridos estudos de viabilidade e impacto ambiental. Nada. Pretendíase que os comuneiros de Cabral aprobaran en asemblea a expropiación do monte para a realización dun proxecto do que ninguén tiña (nin ten a día de hoxe) ningún tipo de coñecemento nin dato fiable enriba da mesa.

A anulación do PXOM de Vigo no 2015 supuxo un revés para o proxecto xa que sen planeamento, as expropiacións contidas no ámbito e o proceso de urbanización complicábase polo que para gran parte da sociedade viguesa o proxecto de Porto Cabral morría co plan anulado. Nada máis lonxe da realidade.

As sucesivas medidas promovidas pola Xunta de Galicia para paliar os efectos da anulación do PXOM en Vigo dende a tentativa de modificar a nova Lei do solo mesmo durante o seu trámite parlamentario ate a final decisión de artellar unha lei específica de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia o excepcional interese, pasando pola Lei de acompañamento aos Orzamentos do 2017 para

darlle percorrido a determinados ámbitos urbanísticos contidos nos PXOM's anulado en cidades e vilas non clarifica se determinados proxectos como o de Porto Cabral poden ser reais en base a esta sorte de planeamento especial e mesmo temporal.

Máis recentemente, unha suposta iniciativa veciñal e empresarial alentada dende a xunta reitora da Comunidade de Montes de Cabral pretende que algún grupo do parlamento de Galicia ampare unha Proposición non de lei (con mero valor de declaración de intencións) para darlle adiante ao proxecto de Porto Cabral pola vía de proxecto de interese supramunicipal ou proxecto de excepcional interese público, argumentando os supostos postos de traballo permanentes que crearía o proxecto. O pasado 1 de decembro foron presentadas 70.000 firmas con diversas irregularidades. Irregularidades en canto a censo (figuran mesmo persoas falecidas) ou con firmas de persoas mesmo non residentes no ámbito da comarca de Vigo ou mesmo doutras provincias.

Vigo é agora mesmo unha cidade saturada por centros comerciais presentes ou futuros como o que a propia ADIF artella na estación intermodal de Urzáiz, con un aumento importante de peches de comercios dentro das áreas comerciais existentes. A apertura dun macrocentro de ocio e comercio destas características nas aforas da cidade funcionaria, xa non só como destrutor de pequeno e mediano comercio, senón tamén como barreira disuasoria para a entrada de miles de clientes potenciais na propia cidade.

Este proxecto, que sistematicamente queren rescatar dos sucesivos paros legais que sofre o urbanismo vigués, é lesivo para a cidade de Vigo polas seguintes razóns:

En primeiro lugar, un macrocentro comercial (se fora esta a finalidade dos terreos) construído a expensas dun monte comunal atentaría contra a conservación e protección do medio natural, suporía o beneficio dunhas poucas mans privadas a costa da expropiación dun monte que é de todos.

Segundo, porque afogaríaa ao comercio local. Está demostrado que, debido á liberalización de horarios e a precariedade laboral imposta por este tipo de grandes superficies, os efectos na comarca son a diminución de capacidade adquisitiva e o empeoramento das condicións laborais e polo tanto a destrución neta de emprego a medio e longo prazo.

E en terceiro lugar, o xeito no que Eurofund e Concello de Vigo están levando a cabo a súa folla de ruta, con absoluta falta de transparencia e total opacidade, asinando presuntamente convenios económicos dun xeito completamente arbitrario con asociacións que se verían beneficiadas co desenvolvemento de Porto Cabral.

Polo exposto, o Grupo Municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede o seguintes,

ACORDOS:

- O Concello de Vigo solicita que a Xunta de Galicia estude e de ser necesario estableza unha moratoria sobre calquera solicitude de licenza para a construción de centros comerciais que se presente no Concello de Vigo, moratoria que irá vinculada á redacción do novo PXOM e con vixencia a partir da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

- O Concello de Vigo comprométese a que o ámbito de Liñeiriños presente no anterior PXOM anulado do ano 2008 desapareza e este espazo importantísimo, parte do Monte Comunal de Cabral sexa por primeira vez clasificado como "reserva forestal" e quede fóra de calquera uso residencial, comercial, industrial, etc...

- Non aprobar, en tanto en canto a aceptación da ordenación provisional para o SUC permite un máximo de 3,5 anos de redacción e aprobación do novo PXOM de Vigo, ningunha solicitude urbanística para este ámbito.

- Instar á Consellería de Medio Rural, Dirección Xeral de Montes a garantir o dereito dos comeneiros e comeneiras á participar nas asembleas, a ser parte das decisións que hoxe de xeito ilegal aproba exclusivamente a xunta reitora da Comunidade de Montes e, en definitiva, aplicar a Lei de Montes de Galicia sobre o Monte Comunal de Cabral e evitar a excepcionalidade que se está a producir."

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Traemos aquí unha moción que non é a primeira vez que ven a este Pleno, no ano 2013, este Pleno debateu sobre este proxecto urbanístico que continúa o Plan Xeral anulado do ano 2015. Por que queremos que se fale? Porque a pesares de ser un dos proxectos urbanísticos máis escuros, opacos e menos transparentes que polo menos figura no urbanismo de toda Galicia, entre outras cousas por que levamos moitos anos falando dun proxecto que non existe nin o primeiro papel presentado neste concello máis alá no seu día da ficha existente no Plan Xeral como digo anulado no 2015, é porque consideramos que este é o momento de debater dende o punto de vista do que é unha corporación local que ten que atender tamén aos movementos que se producen na rúa, entendo porque

algúns colectivos sociais recolleron sinaturas, algunhas afortunadamente minoritarias asociacións de comerciantes, supostas asociacións de comerciantes que non deixan de ser asociacións de hostaleiros reconvertidas en comerciantes, quixeron facer unha campaña para defender este proxecto e tamén porque no rexistro da Xunta de Galicia se colocaron 70.000 sinaturas non para unha ILP porque hai xente que recolle sinaturas e non sabe moi ben por que, senón para unha iniciativa de reforzo da acción institucional do goberno que non deixa de ser unha PNL que presenta calquera grupo, cun respaldo mínimo de 2.500 sinaturas. E por que queremos traer isto aquí, porque entre o ano 2013 e a actualidade pasaron cousas nesta cidade, primeiro pasou que xa non temos Plan Xeral e que polo tanto esta ficha que figuraba no Plan Xeral desaparece e porque agora temos vixente un Plan do 93 que é o que fai e o que pon enriba da mesa son as vergoñas históricas do urbanismo con respecto a este ámbito, como non temos moito tempo, aquí fixemos un percorrido histórico de porque existe este ámbito no urbanismo vigués e porque o feito de existir este ámbito significa que ao longo do tempo sempre van aparecendo operacións especulativas sobre un monte de titularidade comunal, cousa que para nós nos parece absolutamente sorprendente porque vendo o Plan do 93, atopámonos que dende os anos efectivamente 90, nunca a ninguén se lle ocorreu a brillante idea de clasificar como reserva forestal un monte comunal e porque dende o ano 93 figura como solo urbanizable non programado, pois o que nós queremos por primeira vez e para non discutir sobre un proxecto como Porto Cabral que está morto, e por que dicimos que está morto? Porque os mesmos promotores de Porto Cabral, a mesma persoa redactora do proxecto de Porto Cabral estaba a semana pasada ofréndolle o mesmo proxecto dentro do paquete da cidade deportiva do Real Club Celta aos comeneiros de Mos, estamos a falar de Eurofund e do Sr. Rivas, que foi xerente de Urbanismo desta casa e que agora é un dos que redacta o proxecto do Porto Cabral, polo tanto, non pode haber dous Porto Cabrales, un en Vigo e outro en Mos a menos que nos volvamos tolos e queiramos definitivamente masacrar o comercio local.

Que pedimos nesta moción? E dígoo por aforrar tempo, primeiro que a Xunta de Galicia asuma as súas responsabilidades como fixo no ano 2010 que considerou que había que abrir unha moratoria sobre centros comerciais en Galicia por un nivel de saturación alta de centros comerciais e naquela altura se puxo enriba da

mesa, pola inexistencia dun Plan Director de centros comerciais e deste tipo de superficies como teñen outras comunidades autónomas, poño o exemplo das Illas Baleares que acaba de aprobar precisamente un Plan director de centros comerciais que evite esta proliferación brutal de negocios que non teñen nada máis que operacións, que a rendibilidade económica está en construílos, independentemente de que logo sexan rendibles ou independentemente de que teñan negocios comerciais dentro, logo haberá un fondo inversor que se pasa. Pedimos que se clasifique definitivamente como forestal este monte que xa desapareza do Urbanismo desta cidade esta ficha, sobre todo que non utilizemos moitas veces falla de democracia en comunidades de montes para xustificar que eses terreos se utiliza despois como moedas de cambio, obviamente económica e operacións inmobiliarias de carácter para nós dubidoso no que ten que ver co interese público; e o que pedimos é que este Concello por primeira vez protexa o seu monte, protexa este espazo e temos moita superficie comercial ociosa como para abrir esta espita, e ademais pedimos que se faga un plano sobre futuros centros comerciais porque imos exterminar gran parte do comercio local que lembro que é a que da o emprego nos tempos da crise, nos tempos no consultorio industrial caía, era o pequeno comercio o que estaba dando postos de traballo nesta cidade. Pedimos un respecto ao sector do pequeno e mediano comercio evitando este centro comercial máis o de Recaré, máis o que vai facer Renfe que vai acabar por abafar o sector comercial.

SR. GAGO BUGARÍN: En primeiro lugar Sr. Pérez, respondendo a súa moción escrita e a súa intervención, dicir que nós estamos totalmente a favor dos parques forestais, estamos totalmente a favor da reserva forestal, da súa preservación, da súa expansión e tamén da súa posta en valor e nos preocupa moito todo o que ten que ver co medio ambiente por iso nas últimas semanas trouxemos a este Pleno moción de máxima preocupación cidadán como foi por exemplo a falla de planificación e execución do Plan de Emerxencia Municipal no día dos incendios ou como debateremos a “posteriori” a ocultación consciente e capciosa de resultados de analíticas feitas polo laboratorio municipal e para a concesionaria da auga Aqualia que demostran un exceso de ferro e outros parámetros na auga que está a

chegar a día de hoxe en fogares e nalgún outro colexio e nalgunha zona de Vigo e que por certos non son bulos.

Dito isto, en relación estritamente xa coa moción sobre os terreos de Liñeiriños e sobre o macro centro de Porto Cabral, convén comezando facendo algunha colación para non profundar no erro Sr. Pérez, en primeiro lugar, precisar que este debate tense que producir aquí no Pleno municipal porque é competencia do Concello de Vigo e non no Parlamento de Galicia e é unha competencia do Concello de Vigo que está estritamente relacionado cun Plan Xeral do ano 2008 que foi anulado no ano 2015 e como vostedes din no propio corpo da moción, un PXOM de Vigo no ano 2015 que fai que o proxecto de Porto Cabral quede anulado. Polo tanto, ese interese de meter ao Partido Popular a través da Xunta de Galicia nesta ecuación carece de fundamento, pois convén precisar que un proxecto desta magnitude, de carácter privado, require da fórmula que lle outorgue a máxima seguridade xurídica que é unicamente a través dun Plan Xeral debidamente aprobado, que require tamén dunha tramitación medio ambiental ordinaria e completa e que ademais como é evidente, é un proxecto de carácter privativo polo que de entrada non ten cabida nin na coñecida como Lei Vigo nin tampouco na Lei de acompañamento dos orzamentos, que regula a ordenación provisional.

Feita esta aclaración, que creo que é importante, e aquí onde hai que focalizar o debate, é dicir, hai que falar do Plan Xeral de Ordenación Municipal e hai que falar do modelo de cidade equilibrado que queremos para a cidade de Vigo. E aí é onde se demostra que esta cidade ten unha falla total de planificación urbanística e comercial na cidade, é un verdadeiro caos, é o maior lastre que lle vai deixar esta etapa do Sr. Caballero ao vigueses/as. Para falar dun gran proxecto comercial, se é propicio ou non é propicio un proxecto comercial na cidade de Vigo, hai que coñecer cales van ser as dotacións comerciais para os próximos anos que vai ter a cidade de Vigo e se esas incorporacións comerciais xeradoras de emprego en Vigo son compatibles co importante comercio local da cidade a quen nos lle brindamos publicamente e institucionalmente todo o noso apoio, por iso aquí fálase de Porto Cabral, dun posible desbloqueamento comercial en Recaré, falase do centro comercial en Balaídos, sen ton nin son, sen planificación e sen proxecto, por iso gustaríanos que estivese o Alcalde agora aquí presente e que nos dixese algo sobre o Plan Xeral pero que nos dixese algo sobre o Porto Cabral, ata agora está

calado, non dixo nada, non se posiciona, entón nós o que lle pedimos ao goberno local é que teñamos un pouco máis de coherencia e por iso tamén Sr. Pérez, eu quero dicirlle que é certo que Marea e as marcas brancas de Podemos, cando hai un problema o mellor é limitar, non? Non analizar e regularizar, senón limitar, pasa en Barcelona, pasa en Baleares co turismo.

Nos por contra somos un partido rigoroso que entendemos que antes de tomar decisións hai que analizar as cuestións, hai que estudar as potencialidades, hai que calibrar as ameazas e despois haberá que tomar a mellor decisión fundamentada en dereito e por iso teñen vostedes enriba mesa unha emenda de substitución que fai unha chamada ao sentido común que o que pretende é emendar e instar ao goberno local a contemplar na redacción deste novo proxecto de organización municipal, unha ordenación de espazos comerciais e de lecer consensuada cos axentes económicos e comerciais da cidade e que permita a coexistencia do comercio tradicional coa necesidade de xerar novas oportunidades empresariais e laborais en Vigo.

Polo tanto, nós deixamos enriba da mesa esta emenda, que o único que pretende é tratar de poñer un pouco de sentido común, de planificación, de visión de futuro e falar con propiedade.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Dende logo, se algo está facendo este goberno municipal é apoiando o comercio local, e creo que ademais neste días en especial, nesta campaña de Nadal temos unha proba bastante evidente disto na rúa, porque que a xente estea na rúa, que visite Vigo e a maior garantía de que os comerciantes, a restauración, en xeral a actividade económica en Vigo vai a ir ben, e ás probas me remito, é dicir, dende Pontevedra, dende A Coruña, dende Santiago de Compostela se reclaman actuacións por parte do goberno local similares á que está a facer Vigo, para apoiar ao seu comercio, non só dos cidadás de Vigo senón de tódolos aqueles que son alleos á cidade pero que veñen a facer as súas compras, visitas, ocio, etc. a esta cidade porque é unha cidade cada día máis atractiva, polo tanto, a aposta polo comercio local é completa.

Dito iso, cando eu leo a súa moción a verdade é que me sorprende que vostede parece que na súa redacción non quere que en Vigo chegue Ikea, Primark, unha nova instalación de Leroy Merlin ou de Decathlon, grandes superficies comerciais

que están intentando implantarse na nosa cidade, que pretendemos que os cidadáns de Vigo segan indo A Coruña a facer as compras? Porque isto de unha moratoria para centros comerciais que significa? Que aqueles que chegaron primeiro van ter unha vantaxe adicional? Pois o certo é que Vigo non defende esa moratoria nin moito menos, porque se entendemos que o centro comercial que vai a facer Adif Immochan neste caso, na Estación, é importante non só pola actividade que aí se poda xerar senón para cubrir un oco urbanístico na cidade de Vigo, proporcionar un espazo público de calidade e polo tanto porque a cidade o necesita para reforzar esa actividade, do mesmo xeito que a actividade económica que se pode xerar nunha instalación como a que se pode habilitar no ámbito de Recaré, tamén é importante, por certo, é que ademais é de moitos menos metros cadrados urbanizables que a que o Plan do 93 permite, polo tanto, substancialmente fronte ao que temos hoxe, melloramos, polo tanto, claro que este goberno municipal vai apoiar, igual que vai apoiar a ampliación do parque tecnolóxico, onde esperamos que se poida instalar unha actividade comercial como a de Ikea que non compite directamente co goberno local pero que si que pode facer que moitos dos hoxe marchan de Vigo para facer as súas compras poidan facela na nosa cidade e ademais atraia a persoas da área metropolitana, polo tanto, apareza como un centro tractor, claro que o contemplamos e o queremos.

Eu a verdade é que non entendo nada da intervención do Partido Popular, nada de nada, porque se alguén promoveu en Liñeiriños foi o Partido Popular ou é que o Plan do 2008 non era o Plan do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego? Pero entón de que estamos a falar, polo tanto, dado que o promoveron agora falan de caos, de caos na actividade económica eu sinceramente cústame entendelo, por certo Sr. Gago, eu espero que tamén no Concello de Mos non exista ningún mecanismo nin vía pola cal se podan arbitrar novos centros comerciais, porque lle lembro que esa actividade económica programada non está prevista no novo Plan Xeral que Mos acaba de aprobar, polo tanto, nin vías express nin proxectos urxentes, nin lei de acompañamento, para tódolos concellos iguais, polo tanto o que non se pode facer en Vigo non se poderá facer tampouco en Mos. E sabe vostede o que se pode facer en Vigo? No solo como o que ten a características de Liñeiriños que un de solo de man común pódese facer o que a lei di, e hoxe a lei di

que nese solo poderanse autorizar determinados usos, usos fundamentalmente compatibles co uso forestal que ese monte ten que ter, por exemplo, campos de fútbol, sen ningún problema, centros comerciais? Xa comezamos a ter algún problema. Polo tanto dende este goberno municipal dende logo imos apoiar a actividade económica en Vigo, utilizando tódalas vías que poidamos, sexa a lei 3, sexa a Lei de acompañamento do orzamento do ano 2017, sexan modificacións puntuais de planeamento, sempre en cando non estamos a falar de solos especialmente protexidos, aqueles chans rústicos especialmente protexidos non se lle aplicarán a mesma vía, para o resto si, porque Vigo necesita a actividade económica, obviamente do comercio local pero tamén de implantación industriais e terciarias que son necesarias na nosa cidade é o certo é que hoxe hai demanda, eu creo que a gran preocupación de moitos de fora de Vigo é porque Vigo é un destino moi atractivo neste momento para as actividades terciarias, e hai algúns que pensan que iso lles vai quitar clientela, pero nós preferimos que os cidadáns de Vigo e a súa área fagan as compras en Vigo e que non teñan que marchar A Coruña ou a Portugal para facelas.

SR. PÉREZ CORREA: Eu creo que hai un mantra e que se repite na intervención da concelleira tamén no discurso dos promotores disto que é unha marca comercial de mobles que parece que é o comodín do público para absolutamente todo, dependendo de Ikea facemos unha cidade, facemos un modelo de desenvolvemento urbanístico, pois falemos con Ikea, alguén falou con Ikea? Alguén sabe cal é estratexia industrial de Ikea en todo o estado español, pois é precisamente non compartir espazo comercial con ninguén, estratexia comercial aprobada por Ikea que queren espazos propios, con dársenas propias, con peiraos de carga propio, con aparcamento propio, que é o modelo que está levando Ikea no norte de Portugal, por exemplo Braga. Falemos con Ikea, alguén falou con outras marcas comerciais que por certo, aparecían no panfleto dos promotores de Porto Cabral, marcas comerciais que non teñen ningún plan de implantación nesta cidade, pero non de agora, dende sempre, algunhas delas porque teñen incluso terreos en propiedade, polo tanto, sería bo que cando se utilizan marcas comerciais falemos con elas porque cremos que hai espazo suficiente, por exemplo no polígono de Valladares para Ikea, e creo que Zona Franca xa está avanzando

nesa situación, é dicir, alguén falou coa marca comercial, polo que vexo é un comodín, vostedes utilizan un comedín falemos abertamente desa cuestión, nos aquí non introducimos quen é culpable, o pai da criatura, o temos claro que non é este goberno local, este goberno local tivo oportunidade de emendalo e por iso dicimos que este goberno local ten oportunidade de emendalo porque vostedes si van ter que facer un Plan Xeral, entendo que en tres anos e medio, e esperemos que é o que di a nosa moción, que neste futuro Plan Xeral, o monte comunal de Cabral, estea clasificado como forestal e non volva estar clasificado como chan urbanizable, se vostedes nos din, que é o que pide a moción, un compromiso de reserva e de defender os dereitos dos comuneiros, pois polo tanto, a maiores nós pedimos unha moratoria, non a pedimos, primeiro o que pedimos nós é que a Xunta de Galicia estude e de ser necesario, é dicir, primeiro hai que estudar, é de feito a Xunta de Galicia debería de ter un plan director de centros comerciais como teñen outras comunidades autónomas, é dicir se hai unha cantidade excesivamente alta deste tipo de negocios que é evidente, que non é compatible co comercio local, discrepamos do Partido Popular, non é compatible moitas veces, moitas veces son unha OPA hostil ao comercio local, e si que nos gustaría clarexar se esta emenda que propón o Partido Popular é unha emenda só ao punto 1 ou a tódolos acordos que poñemos enriba da mesa, porque para nós é importante mantelos e se é unha emenda só ao punto1, estaríamos dispostos a aceptada, se é a todo non estamos de acordo con esta emenda.

PRESIDENCIA: Non aceptada a emenda pasamos á votación.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores

e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.12.2017 (Rex. Nº 1669/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(208).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A COMPARECENCIA DO ALCALDE PARA DAR EXPLICACIÓNS SOBRE A XESTIÓN QUE SE ESTÁ A FACER DA POTABILIDADE DA AUGA NA CIDADE E EN ESPECIAL NOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO. REXISTRO PLENO 1675/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de decembro de 2017, número 1675/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado día 13 de decembro, as análises da auga realizadas pola empresa concesionaria de Vigo, Aqualia, arroxaban niveis de ferro de 833 microgramos por litro, cifra moi superior aos 600 microgramos por litro que delimitan o máximo permitido para garantir a potabilidade da auga.

Un dato que, aínda que mitigado en días posteriores, leva semanas sen situarse por debaixo dos 200 microgramos recomendados, o que fala claramente da escasa calidade da auga de Vigo nestes momentos.

O Goberno municipal, como administración competente no subministro da auga na cidade, é coñecedor desta realidade, do mesmo xeito que tamén sabe das necesidades que presenta nestes momentos a rede de abastecemento de Vigo, os depósitos municipais e, o máis importante, a potabilizadora do Casal.

Moito mais grave é o feito de que o pasado 12 de decembro o laboratorio municipal efectúa análises no CEIP Ría de Vigo que arroxaron datos de contido de

ferro na auga que superan amplamente o valor de referencia para a consideración de auga non apta para consumo humano.

A raíz destes alarmante resultado obtido nun colexio público non existe constancia de que se realizasen análises de confirmación nin que se comunicasen os mesmos ás autoridades sanitarias.

Lonxe de tomar as medidas necesarias para a vixilancia da saúde dos nenos e nenas deste Colexio, o Concello de Vigo tarda 10 días en comunicarlle ao Centro educativo que a auga procedente da rede de abastecemento municipal xestionada por AQUALIA-FCC VIGO UTE non é apta para o consumo humano.

Polo anteriormente exposto e ante a extrema gravidade destes feitos o grupo municipal do Partido Popular ao abeiro do disposto no artigo 67 do regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo solicita:

Instar ao Alcalde de Vigo a comparecer ante o Pleno da Corporación para dar as explicacións pertinentes sobre a xestión que se está a facer sobre a potabilidade da auga na cidade e en especial nos centros de ensino públicos, e explicar por qué mentiu aos vigueses dicindo que a auga era 100% potable cando tiña informes na man que demostraban o contrario.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Hoxe traemos aquí unha moción que é absolutamente importante para o noso punto de vista, é unha moción na que estamos a pedir a comparecencia do Alcalde de Vigo para un tema de extraordinaria, insisto, importancia para tódolos vigueses/as. Un problema de da calidade da auga en Vigo que se destapou a raíz da seca que levamos a padecer durante os últimos meses, un problema de calidade da auga en Vigo que se nos tiña oculto a tódolos vigueses/as e que non tiveron máis remedio que sacalo á luz a raíz insisto da seca que vivimos, un problema de calidade da auga que é única e exclusivamente competencia do goberno municipal, de ninguén máis que do goberno municipal, porque é unha competencia dos Concellos o garantir a calidade de auga nas cidades, aquí non serve como se está a intentar pasar a pelota outra vez á Xunta de Galicia, non, aquí o problema se circunscribe e apunta directamente ao goberno municipal e ao Alcalde de Vigo, e con este problema tan grave que afecta a saúde dos vigueses, que ten que ver coa calidade da auga, que é o que nos estamos a atopar? Sorprendentemente nos estamos a atopar con escurantismo, con

opacidade, falla de información, con ocultar informes técnicos que acrediten os resultados dos controis da auga que se están a facer en Vigo, no se deu nin unha soa dato, non falou nin un só técnico de Aqualia para dar conta dos resultados dos informes, se estiveron tapando, e o que peor o Alcalde de Vigo non só impediu que saían á luz informes de Aqualia deses resultados, senón que está desacreditando os informes de técnicos de funcionarios públicos nada máis e nada menos cos resultados deste controis porque se desacreditou os informes dos técnicos da Xunta de Galicia que son funcionarios públicos no exercicio das súas funcións e porque tamén se atreveron incluso, algo increíble, a desacreditar os informes dos propios técnicos municipais, algo realmente insólito e que non pasa en ningunha administración, que o máximo responsable desacredite os informes dos seus propios técnicos do laboratorio, e por que? Porque non lle interesa os resultados que están a dar, porque cando este grupo municipal pediu os informes e se enviaron informes, por certo parcialmente, curiosamente e me gustaría que aproveitara o Sr. Regades para dicirnos cando nos van enviar os informes de Aqualia, de novembro e de decembro que curiosamente fallan nese envío de máis de 1.000 informes que nos enviaron con resultados dos controis de Aqualia, cando nolos van enviar e ata cando nolo van seguir ocultando, pois aí nos mandan informes do laboratorio municipal no que se reflicte un informe en concreto, cun dato absolutamente escandaloso dun resultado dun colexio en Vigo, un colexio en Canido. Sra. Alonso espero que estea vostede moi atenta e escoitando e extraordinariamente alarmada, cústame moito escoitala hoxe falar da educación, da importancia dos colexios e ter saltado por enriba da importancia de que os nosos nenos beban auga nos colexios que sexa potable, pois ben, en Vigo houbo nenos que beberon auga non potable, co coñecemento do Alcalde de Vigo e dese goberno municipal, cun dato dun informe do 12 de decembro do laboratorio municipal de 922 do límite do ferro cando o límite para ser potable son 600, un dato extraordinariamente grave, e a pregunta é, cando se coñeceu o día 12 de decembro este dato, que é o que fixo este goberno? Avisou a este colexio para que os nenos non beberan auga? Non, avisou á autoridade sanitaria? Non, avisou á autoridade educativa? Non, fixo o control de repetición que lle obriga a lei o día 13 de decembro? Non, o que fixo foi non facer nada, seguir saíndo na prensa, ese mesmo día 12 dicindo que a auga era 100% potable en Vigo e deixando que os

nenos beberan auga que non estivera en condicións, e só mandar aos técnicos volver o día 20, é dicir, oito días despois, permitindo que os nenos estiveran a beber auga non potable e tal foi o resultado que un funcionario do laboratorio chamou por teléfono ao colexio para dicirlles que non beberan auga da billa, un colexio que ten cociña e no que tamén se estaba a cociñar a auga dos nenos, isto é absolutamente escandaloso, imperdoable e queremos que o responsable desta situación dea a cara e a dea neste Pleno e compareza neste Pleno e por iso presentamos esta moción e esperemos sinceramente que se acepte.

SR. PÉREZ CORREA: A nós nos gustaría que este debate se trasladara non á cuestión competencial, porque nós queremos relatar tamén cales son as administracións que teñen competencia en materia de control da auga, que creo que son as dúas administracións, a autonómica e neste caso o Concello, independentemente de que teña concesionado a unha empresa privada o subministro de auga de consumo humano, esas analíticas tamén son obrigatorias, por que o digo? Porque o que ten acontecido, aí coincidimos co Partido Popular é grave, pero non é o debate de quen tiña responsabilidades, senón que non se producira un aviso, independentemente de que logo o problema sexa un problema da infraestrutura escolar ou sexa un problema da infraestrutura municipal, iso é un debate secundario senón quen ten que dar o aviso e porque teñen que dar o aviso, porque se é certo que Aqualia como concesionaria pública está obrigada pola normativa a facer análises, e eses análises teñen que subirse a unha plataforma, o sistema de información nacional de augas de consumo, información que durante tempo non estivo subida, ou polo menos as analíticas non eran completas, iso calquera cidadán pode ir ao Sinac e ver cales son as analíticas e en que período se subiron por parte da concesionaria, pero tamén nos preocupa porque a Lei de augas de Galicia coa que nós estamos radicalmente en contra que no seu día se arbitrou precisamente para cobrar aos concellos e aos particulares un canón da auga, di claramente “que la Comunidad Autónoma de Galicia ejercerá sus competencias en materia de agua y obras hidráulicas de conformidad a los principios siguientes; e) garantía en la calidad del suministro de agua urbana en defensa de la salud de los ciudadanos/as”, é dicir, esta alarma podería ser perfectamente tamén posta enriba da mesa pola Xunta de Galicia que fai

analíticas, por iso nós pedíamos un terceiro análise, sabendo que a Xunta de Galicia non cumpre as súas funcións e lembro aos inspectores farmacéuticos de saúde pública, dos que depende o laboratorio de referencia de Lugo, onde se fan as analíticas, estiveron en folga, pediron precisamente recursos porque non eran capaces de controlar todos e cada un das mostras que chegaban dos concellos de Galicia, tódolos concellos de Galicia están mandando un muestrario a un laboratorio único en Lugo cando podería ser perfectamente desbloqueado e lembro ademais que son os inspectores farmacéuticos de saúde pública, o corpo dos corpos da Xunta de Galicia onde existen menos persoal e estiveron en folga incluso parte da actividade que fan estes inspectores está privatiza. Polo tanto, a Xunta de Galicia tamén tiña esa posibilidade de poñer alarma sanitaria porque entendemos que tamén as analíticas as fai, como nós non nos fiamos da xestión da Xunta de Galicia e como nós non nos fiamos da xestión de Aqualia que queda obviamente retratada nestes análises que Aqualia funciona cun escurantismo, cun intento de esconder determinadas cuestións que teñen que ver coa rede do subministro, logo falaremos das cuestións da infraestruturas e dos investimentos que fai esta concesionaria privada. Nós pedíamos que tendo un laboratorio municipal con máis de 100 anos de existencia, que utilizáramos os recursos propios, que non utilizásemos os recursos dunha Xunta de Galicia que non quere poñer facultativos, recursos para un control directo das augas de consumo humano, para o Concello de Ferrol si que foi case inmediato declarar o non consumo de auga cando foi un problema de analíticas, para o Concello de Vigo tería que ter a mesma, polo menos para nós, a mesma celeridade coa que se previu no Concello de Ferrol nada máis chegar á Marea de Ferrol o goberno, co que se previu o consumo en Ferrol, como non nos fiamos de Aqualia e nós si que nos fiamos do laboratorio municipal e pedimos que independente do reparto competencial que é da Xunta de Galicia e que é do Concello de Vigo, tendo un organismo público como o laboratorio, as análises figuren dentro das funcións e do persoal adscrito ao laboratorio municipal, e teñamos polo menos publicamente un mecanismo de control ante os intereses políticos e comerciais que se teñen coa auga de consumo humano, de feito o laboratorio municipal case sen que ninguén lle dixera nada, foi capaz de detectar que pasaba isto, foi capaz de chamar ao colexio, de crear o que é normal nas administracións ante o suposto peloteo que ía haber. E outras cuestións que teñen

que ver con quen é o responsable a nós preocúpanos menos, a nós preocúpanos cal vai ser o protocolo a partires de agora, queremos saber cando se avisa, como se avisa, logo saberemos se a responsabilidade é dunha tubería de ferro oxidada ou é responsabilidade da propia rede pública, pero antes busquemos o mecanismo, porque que non teña que ser a iniciativa dun traballador público desta casa a que pon a alarma enriba da mesa precisamente para evitar o que di a lei.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade que é un tema que teremos que intentar todos manter a calma e ser rigorosos, cando o Sr. Pérez nos di que os análises da auga non son fiables, pois a verdade paréceme que non é rigoroso cando neste caso, cando vostede di que ten desleixo de funcións a Xunta de Galicia, as últimas probas que se tomaron nos últimos meses na cidade, se trouxo a mesma proba e a metade da proba levouna a Xunta de Galicia e a outra metade levouna o servizo de augas que neste momento está concesionado a Aqualia, e tódolos días sempre deron parámetros similares agás unha vez, que no medio dunha ponte saíu o Sr. López Cháves, non sei a que laboratorio levou a proba da auga, dicindo que daba 1.800 de ferro, e o Sr. López Cháves quedou completamente mundo a partires dese día cando tódolos contrastes dixeron que ese parámetro era completamente anormal, probas que son contrastadas por laboratorios que están completamente certificados e acreditados. Que é unha certificación? Pois unha certificación non a marca o propio laboratorio senón que o marca empresas autorizadas, neste caso Aenor e ten un procedemento para que se fagan esas probas.

Vostedes cando din que se ocultan as probas de análises que se fan na cidade de Vigo, tódalas analíticas, as máis de 1.000 analíticas que lles transmitimos aos medios de comunicación estes días e que lles transmitimos aos grupos que así o solicitaron, son transmitidas de forma directa e de maneira directa á autoridade sanitaria competente que é a consellería de Sanidade, a pesar das malas condicións nas que está a chegar a auga á cidade de Vigo, á potabilizadora, debido a seca que nestes momentos está a vivir, non só Vigo senón toda Galicia, e a pesares da falla de acción e de actividade por parte da Xunta de Galicia.

A cidade de Vigo está a vivir unha situación extraordinaria e única derivaba dun proceso de seca especialmente extraordinario e sobre o cal as xestións feitas pola sobra a Xunta de Galicia son completamente ineficaces e ineficientes. Dende a

declaración da alerta pola seca o Concello de Vigo a través do Alcalde, solicitou de maneira reiterada a necesidade de axustar o caudal ecolóxico, iso permitiría que o nivel da auga fose maior do que chegou a ser nos días nos que a análises daban peor resultados en ferro, como medida extraordinaria para garantir o caudal ecolóxico para garantir a necesidade da auga para o abastecemento da cidade de Vigo, misteriosamente tardou máis dun mes e medio en informarse e autorizarse esa redución do caudal ecolóxico. No ano 2011 tardou 1 día, solicitouse a cesión do caudal ecolóxico e tardou só un día en dalo, dende o Concello de Vigo o servizo municipal de abastecemento de auga se puxeron en marcha tódolos protocolos necesarios para garantir as mellores condicións de auga, incrementando as frecuencias das analíticas, houbo días en que o análise se facía cada catro horas e sempre garantindo que era apta para o consumo humano.

Vostedes falaban da analítica que daba no colexio Ría de Vigo e que daba dentro do colexio, como vostedes saben porque a mostra que fixemos fora do colexio tanto a levou o Concello de Vigo como a levou a Xunta de Galicia, dentro do colexio daba exceso de ferro e fora do colexio daba por debaixo dos 600, co cal quen ten responsabilidade se da mal dentro do colexio? Pois como vostedes saben a Xunta de Galicia ten competencias plenas en materia de educación o artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia di, “é competencia plena da comunidade autónoma galega a regulación, administración da ensinanza en tódalas súas extensión” e non é unha interpretación da lei senón que é a lectura literal da lei.

A Xunta de Galicia ten as competencias dentro dos colexios non só así senón que no ano 2011, cunha situación similar cando o ferro daba por enriba no colexio de Balaídos e no colexio de Matamá é a Xunta de Galicia quen fai o renovación desas instalacións e volveuse a ter acto o consumo para os nenos/as.

Queremos que a Xunta de Galicia non pode ver para outro lado, queremos que a Xunta de Galicia ten que facer investimentos reais xa dentro dos colexios.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que Sr. Regades non me estraña que a súa intervención fora tan titubeante porque cando non se vai a contestar nin unha soa das preguntas e das dúbidas que se poñen enriba da mesa non cabe outra que titubear, e sinceramente se vostede fora o pai dalgúns dos nenos que están estudando no colexio Ría de Vigo de Canido imaxínome que a contestación sería

moi diferente, porque como pai igual que eu como nai, igual que os que temos fillos cremos e queremos que os nosos fillos coa seguridade de que están nas mellores condicións, e vostedes sabían o día 12 de decembro que había un nivel excesivo de ferro na auga desa colexio e vostedes non fixeron nada, con independencia de se era un problema global ou era un problema localizado, os únicos que tiñan a información de que exceso de ferro era un feito eran vostede e foron vostedes os que ocultaron esa información porque nin avisaron ao colexio nin avisaron á consellería de Educación, nin a consellería de Sanidade esa é a realidade e ese é o feito grave que vostedes nunca encontrarán un motivo para explicalo, a realidade é que se calaron, e caláronse porque non querían engadir outro dato malo de ferro aos datos que xa estaban a dar na zona de Canido, porque iso houbera suposto declarar a auga non apta para o consumo, e iso houbera suposto que as afirmacións que estaba a facer o Sr. Caballero a bombo e pratillo na prensa eran mentira e tiña que ter declarado nunha zona de Vigo a auga non apta para o consumo, pero vostedes antepuxeron o seu interese político ao interese dos nenos dese colexio, antepuxeron o seu interese político á saúde dos veciños de Canido, e en definitiva, antepuxeron o seu interese á saúde de tódolos vigueses, e iso é algo que non se pode consentir, non se pode caer máis baixo en política, en política non vale todo, e se está a demostrar día si día tamén que con este tema están a descubrir que son un goberno indigno, un Alcalde que non é capaz de dar a cara é estar aquí para responder ás preguntas dos vigueses sobre a auga que están a beber día si día tamén, un Alcalde que di aos vigueses a bombo e pratillo que se beban a auga amarela, que a auga amarela a beba el, que seguro que está a beber auga mineral, a auga amarela para el pero isto que é? Un Alcalde que quere que os seus veciños beban auga en malas condicións, pero isto que é? Que é o que temos aquí, alguén que está obsesionado por pintar unha cidade que non existe, por esquecer tódalas necesidades e tódalas penurias que moitos vigueses están a vivir, e tamén por pintar unha auga que non é de calidade e que nos fai beber día si día tamén, vai ter que responder, aquí se poderá ocultar como sempre pero vai ter que responder porque imos ir ata o final porque aquí se puideron producir responsabilidades extraordinariamente graves e se puidera atentar contra a saúde pública dos vigueses e aí responderán Sr. Regades aí non se poderán ocultar.

PRESIDENCIA: Eu creo que merece a pena facer lectura de como se regula a auga co xeito de asegurar que a auga subministrada aos consumidores a través de calquera rede de distribución sexa apta para o consumo humano e para cumprir co establecido no artigo 27 do Real Decreto 140/2003, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga para o consumo humano deberán confirmar este incumprimento no prazo de 24-48 horas ou comunicar o resultado de xeito urxente á Xefatura Territorial de Sanidade, isto é o que regula que a auga é apta ou non apta, é dicir, non di o Alcalde de Vigo se é apta ou non apta para o consumo humano, está lexislado, dio o Real Decreto 140/2003, quen ten competencias é a Xunta de Galicia e ten que haber dúas probas consecutivas que digan que a auga está por enriba dos parámetros que están establecidos. Vemos aquí claramente quen ten aquí a competencia para que a auga sexa apta ou non apta para o consumo humano, e cando falamos dunha consideración eu creo que a Sra. Muñoz dicía, se vostede fose pai do Ría de Vigo, eu son pai dunha nena que no ano 2011 estudaba no colexio público de Matamá que viviu a mesma situación, esa é a diferenza, que os nosos fillos van aos colexios públicos e viven toda a problemática que estamos a vivir por falla das infraestruturas e por falla de investimento da Xunta de Galicia e naquel momento lle esiximos á Xunta de Galicia que cambiara tódalas tuberías do Colexio Público de Matamá e do de Balaídos e agora imos facer o mesmo, lle imos esixir á Xunta de Galicia que cambie as tuberías do Colexio Público Ría de Vigo, ímolo esixir e o imos conseguir porque ten competencias e ten que facelo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e trece votos en contra dos membros do

grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.12.2017 (Rex. Nº 1675/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(209).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ACOMETER DE XEITO URXENTE AS ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA MODERNIZAR A REDE DE ABASTECIMENTO DA AUGA, GARANTINDO A SÚA CALIDADE, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1676/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de decembro de 2017, número 1676/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Cada ano, os vigueses pagan á concesionaria da auga, Aqualia, arredor de 45 millóns de euros. Unha cifra da que, segundo recolle o informe da Dirección de ingresos municipais, o 40% se destina, supostamente, a investimentos no sistema.

Deste xeito, desde que Abel Caballero é alcalde de Vigo, os vigueses teñen pagado a Aqualia a través dos seus recibos arredor de 450 millóns de euros dos que, segundo esa porcentaxe, 180 millóns deberíanse ter investido na mellora do sistema hidráulico municipal.

Así mesmo, e no marco da suba orzamentaria do 2,2% imposta por este goberno para o 2018, o prezo da auga incrementárase unha vez máis en Vigo, polo que Aqualia percibirá 46 millóns de todos os vigueses durante o próximo exercicio, dos que 18 millóns terían que destinarse ao sistema segundo o citado informe.

Un sistema que, como temos comprobado nas últimas semanas, deixa moito que desexar. Basta con abrir unha billa para comprobar a escasa calidade da auga que consumen os vigueses e pola que pagan un prezo de ouro.

Non en van, un informe de Aqualia de febreiro deste mesmo ano urxe ao Concello a investir máis de 21 millóns de euros nesta infraestrutura; contía que xa se solicitaba noutro informe de 2010 da mesma empresa concesionaria. Un documento, o de 2017, no que tamén se determina que o ritmo de substitución da rede de abastecemento en Vigo é “totalmente insuficiente”, ao acometerse ao 0,12% anual fronte ao 2% recomendado.

Neste escenario, cómpre lembrar que a potabilizadora municipal é de competencia municipal, como recolle o inventario de bens do propio Concello e como determina a Lei de Bases de Réxime Local.

De feito, parece evidente que se os vigueses pagan o seu recibo da auga a unha empresa concesionaria, deben ser esta é o goberno municipal os que garantan a calidade da auga en Vigo. Unha evidencia e unha realidade que mesmo recoñecía o executivo local no Plan Xeral de Urbanismo do ano 2008, onde se delimitaba, para a modernización da ETAP do Casal, un investimento do 50% por parte da empresa concesionaria, do 30% polo Concello, e do 20% para a Xunta de Galicia.

Polo anteriormente exposto o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

- Instar ao Goberno a acometer de modo urxente as actuacións necesarias para modernizar a rede de abastecemento de Vigo, garantindo a calidade da auga que beben os vigueses.
- Instar ao goberno municipal a promover e executar o proxecto de modernización e mellora da potabilizadora municipal, en cumprimento dos informes da propia empresa concesionaria.
- Instar ao goberno municipal a entregar todos os informes e facturas que acrediten os investimentos de ata 180 millóns de euros feitos na mellora do sistema hidráulico municipal nos últimos 10 anos.
- Instar ao goberno municipal a entregar os documentos que acrediten a planificación de investimentos de 18 millóns de euros que, segundo o informe da Dirección de ingresos municipais, deberán investirse na mellora do sistema no 2018.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Regades, vostede pode facer aquí toda a demagogia que queira pero os feitos van na súa contra, en contra do goberno municipal e do Alcalde de Vigo, porque vostede pode lernos aquí o artigo que di que hai que facer un control de confirmación dun resultado que non é apto, e eu lle pregunto, onde está o control de confirmación no colexio Ría de Vigo? Mandaron vostedes a persoal do laboratorio municipal o día 13 de decembro para confirmar o mal dato que deu o día 12? mandárono? Cumpriron vostedes a lei? A resposta é que non, Sr. Regades, non mandaron facer o control de repetición que dicía a lei, non mandaron a un funcionario ata 8 días despois, vostedes incumpriron a lei que lles obriga a facer un control de repetición e a incumpriron porque sabían que lles estaban a dar datos por enriba de 600 nesa zona e non querían declarar a auga non apta para o consumo, por ese motivo Sr. Regades, a súa única e exclusiva responsabilidade, porque vostedes eran os que coñecían ese dato e ninguén máis, non queira botar balóns fora á Xunta de Galicia, non porque a Xunta de Galicia descoñecía o dato porque vostedes non llo mandaron, é máis a día de hoxe aínda non lle mandaron ao colexio o resultado que toman do control de 20 de decembro, que debe ser tan horroroso que os propios funcionarios chaman por teléfono ao colexio para dicir que non beban da auga do billa, oito días despois, non mandaron ese informe, onde está ese informe? Oito días despois, están vostedes ocultando a información, e o Sr. Caballero está dando a calada por resposta, agora onde hai que falar e dar a cara, non ante os medios de comunicación onde aceptan as preguntas que lle veñen ben e as que non lle veñen ben non as contesta, non aquí e iso é covardía política e iso é unha gran hipocrisía, iso é dicir unha cousa e facer a contraria, pero a realidade é que os datos dese colexio única e exclusivamente eran coñecidos por vostedes, que non fixeron o control de repetición e que non foi ata o día 20 de decembro cando volveron a mandar un técnico e o resultado foi tan espantoso que alarmado tivo que chamar ao colexio para que non utilizaran a auga da billa, esa é a realidade e eses son os seus oito días da vergoña, porque non queren recoñecer o que pasou e os problemas que tivemos de potabilidade nalgúns zonas na cidade, como tampouco queren recoñecer que temos un problema de calidade de auga na nosa cidade, por iso estaban vostedes tan nerviosos pedindo á Xunta de Galicia para que baixara o caudal ecolóxico cando a presa estaba ao 38%, non polo nivel da presa, non, porque moitos concellos teñen un nivel de presas moi inferior

e seguen podendo beber auga potable, non porque vostedes sabían que tiñan unha potabilizadora que non estaba cumprindo e que non estaba en condicións porque tiñan non un senón dous informes, un do 2010 e outro 2017 onde lles dicía que a potabilizadora non estaba en condicións, e sabían que con ese nivel da presa íamos ter graves problemas de potabilidade, por iso estaban vostedes tan nerviosos pedindo a redución do caudal ecolóxico e non mintan, a Xunta de Galicia non reduce o caudal ecolóxico polo nivel da presa, non, o reduce porque vostede Sr. Regades, nunha reunión con Augas de Galicia recoñece por fin acurralado polos acontecementos, que íamos ter un problema de potabilidade e por iso se reduce o caudal ecolóxico, co dano medio ambiental que iso está a causar, pero claro, iso a vostedes tampouco lles importa nada, iso é a única razón, non veñan vostedes aquí tamén a seguir mentíndonos porque os feitos están claros, non como a auga que bebemos en Vigo non, os feitos son claros e a auga está turbia, amarela e é de pouca calidade, vergoña a vostedes lles tiña que dar que queren poñerse medallas nesta cidade cando a auga que bebemos non é da mínima calidade esixible, é unha vergoña. A vostedes todo lles vale, porque os investimentos na auga non lles dar rédito político porque están baixo terra e non se pode facer unha foto e porque vostedes estiveron utilizando os cartos da auga dos vigueses en facer obras que nada teñen que ver coa auga e en poñer setos e plantas, iso é o que vostedes fixeron, non seguen a cobrar pola auga que non consumimos para a seu maior engrandecemento político, e iso é unha vergoña porque a súa responsabilidade é poñer a saúde dos cidadás, dos vigueses, por enriba de todo e para vostedes só lles importa primeiro vostedes, segundo vostedes e terceiro vostedes, e os vigueses están ao final da cola, son o medio para un fin e é ter o poder nunha cidade á que están a levar ao desastre.

SR. PÉREZ CORREA: Nos nos queremos circunscribir á moción e polo tanto queremos falar das cuestións que introduce a moción coas que estamos de acordo. Este é o contrato que hai 25 anos o Concello de Vigo asinou neste caso con Seragua, o contrato deixa claro as responsabilidades que ten a concesionaria, podemos dar 50.000 voltas a unha cousa que figura no contrato, "o concesionario debe asegurar a distribución da auga captada dentro os caudais recibidos e as instalacións de impulsión, tratamento, adición, acumulación e distribución que se

poñan a súa disposición garantindo o seu correcto aproveitamento”, é dicir, a estación do Casal que no seu día se lle pon á concesionaria é responsabilidade do Concello de Vigo, se vostedes queren facer outra, se se quere ampliar, se se quere buscar unha maior, pois aí eu no seu día o propio conselleiro o Sr. Agustín Hernández anunciaba un convenio entre o ministerio de Medio Ambiente e a Xunta de Galicia para ampliar ou mellorar a estación potabilizadora pero a que hai é responsabilidade exclusiva da concesionaria e terá que poñer as garantías que figuran no contrato. Nós non imos poñer, creo que xa falamos 50.000 veces dos motivos polos que ampliou cinco anos Aqualia, figuran aquí, e figuran tamén na memoria colectiva dos vigueses que foi que o último ano, o ano previo ás eleccións municipais, Vigo estaba completamente levantada por obras que pagaba a concesionaria, figuran aquí nas anualidades do ano 2014-2015, 9 millóns de euros que puxo a concesionaria enriba da mesa para que o Alcalde tivera tamén un pequeno impulso para gañar as eleccións municipais, como que non, a que ven 20 millóns de euros en humanizacións, porque vostedes dirán, non é que as humanizacións melloran a rede, calquera cidadá que vaia ao perfil do contratante verá e poñemos un exemplo, unha humanización de custe incluído o beneficio industrial e os gastos xerais da empresa que leva a concesión, unha humanización de 1.149.901 euros, a rede de saneamento supón 80.000 euros, a rede de abastecemento supón 73.000 euros e por exemplo a iluminación 125.000 euros, é dicir, nos estamos a gastar os cartos de Aqualia en cousas que non teñen nada que ver co subministro de auga, xa sei que hai unha parte que si pero hai que furar o 20% dun custe total, é dicir, unha concesionaria paga un 80% de cousas que non teñen nada que ver coa concesión? Eu creo que é discutible e vostedes van ter unha oportunidade que é 2020 que se acaba a concesión de Aqualia, pero aquí hai unha cláusula leonina neste contrato que di que se están vostedes de acordo e Aqualia está de acordo poden ir prorrogando en períodos de 5 anos ata un máximo de 40 anos, se vostedes nos din que van ter a cambio desas cousas que axudan a gañar as eleccións municipais, están dispostos a que os veciños de Vigo sigamos pagando 30 metros cúbicos aínda que non os consumamos porque figura aquí, lle digo que entón os responsables da seca nesta cidade serán vostedes porque se os vigueses non teñen unha cultura do aforro é porque hai un contrato que eu se teño a billa aberta cando lavo os dentes ou teño pechado, cústame exactamente igual,

se os veciños de Vigo miraran que hai un aforro cada vez que pechan unha billa por poñer un exemplo, este edificio onde as billas deste edificio non son pulsadores que creo que xa están en todos os grandes edificios públicos e non o que son billa de abrir de toda a vida, te vas, queda aberta esa billa durante todo un día e non pasa absolutamente nada, é dicir, esa cultura de aforro tamén está en eliminar esta concesión, e se vostedes nos din que podemos incluso discutir se efectivamente supuxo un aforro ampliar cinco anos Aqualia a cambio de que pagaran as expropiacións para a depuradora de Vigo, ao mellor aí había unha xustificación e podíamos discutir que Aqualia pagou as expropiacións e polo tanto, o Concello de Vigo aforrou nunha responsabilidade que tiña no convenio que asina co Ministerio de Medio Ambiente, pero no 2020 cal vai ser o argumento para ampliar 5 anos máis a Aqualia, que chegamos tendo tubería de fibrocemento por toda a cidade, que ten, por certo, amianto canceríxeno, está prohibido por unha Directiva Europea que aínda teñamos un montón de tubería aínda de ferro, iso vai ser o argumento para xustificar a ampliación a Aqualia, no 2020 compromiso de quitar a concurso e obviamente pelexar por remunicipalizar e volver ter unha empresa pública municipal de augas.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade é que eu hai cousas que me custa entender, por que o Partido Popular está empeñado en saquear á cidade, por que o Partido Popular está empeñado en que a cidade teña que pagar unha potabilizadora cando no resto das cidades de Galicia non as están a pagar os concellos, quen pagou a potabilizadora de Nigrán? A de Porriño? A Xunta de Galicia, quen pagou a potabilizadora de Ourense? Esta gran potabilizadora no Concello de Ourense quen a pagou? Este logotipo é o logotipo do Concello de Ourense? Porque vostedes lle dan sempre a razón ao Sr. Feijóo que o único que quere é matar a cidade de Vigo e ás viguesas/es, por que queren saquear á cidade de Vigo? Por que temos que pagar dúas veces a potabilizadora? Eu dicíao antes, non o podo entender, vemos como noutras cidades e noutras vilas están sendo obras e investimentos que fai outras administracións ou a Xunta de Galicia ou o goberno de España a través de convenios coa comunidade autónoma, en cambio no caso de Vigo non, a temos que facer dende Vigo e cada vez que o reclamamos por parte do goberno en vez de ter o voto favorable de Marea de Vigo e do Partido Popular para esixir á Xunta

de Galicia que invista en Vigo, sempre vos poñedes ao carón dos malos, ao carón do Sr. Feijóo e en contra de Vigo.

Exemplo de obras por parte do Partido Popular son as únicas obras que fixo o Partido Popular en Vigo, a Praza de Compostela que neste momento está adxudicada a súa remodelación e está adxudicada por unha orde xudicial, din que excede o ruído, que o pavimento non é un pavimento adecuado, esa é a herdanza que recibimos do Partido Popular, e a rúa Marqués de Valladares co seu afundimento, que atopamos cando se afundiou que estaban as tubaxes sen cambiar e que tiñamos unha taxa de pedra para a cometida e o saneamento da auga, Marqués de Valladares unha das grandes obras que fai o Partido Popular en Vigo. Vos diciades que se fai co plan de investimentos de Aqualia, pois con este plan e os investimentos do Concello nestes últimos anos exceden dos 67.284 metros lineais de abastecemento, 43.594 metros lineais de rede residual renovada, 88.134 redes de pluviais renovadas e todas estas rúas que non vou ler rúa Aragón, Alameda, Castelao, Cataluña, León, obras e obras, rúas e rúas, toda a cidadanía, toda a cidade, sabe que se fai co Plan de Investimento do Concello e co Plan de Investimento de Aqualia, o que non sabían era o que se facía antes, porque o Sr. Pérez dixo un dato que a verdade era moi acertado, que pasaba co investimento do Plan de Investimentos de Aqualia antes de que chegara este goberno á cidade? Vostedes saben que no ano 2006, dez anos antes de que acabara a concesión, un informe deste Concello di que xa estaba esgotado o Plan de Inversións de Aqualia, que se fixo antes de que chegáramos nós a este goberno e como se acabou o Plan de Investimentos que ten que ter tódolos anos investimentos na cidade, que se fixo por parte dos goberno anteriores, por parte dos gobernos do Partido Popular? Porque aí fora, na rúa, a xente non os coñece, aquí está un informe do Interventor Municipal. O que non podemos entender é que como no ano 2013 documento Augas de Galicia di que era necesario facer unha nova potabilizadora e a meten no orzamento, aquí está o documento da Xunta de Galicia e aquí está a partida orzamentaria, como pode ser que no ano 2013 tivese que facer a Xunta de Galicia o investimento da nova potabilizadora e agora os concelleiros do Partido Popular nos estean a dicir que o teñen que facer o Concello, non é entendible pero claro na cidade de Vigo do Partido Popular non é entendible nada. Cando chegamos non 2011, o Concello de Vigo, todos acordan cando rebentaban as tubaxes e había

géiser de máis de 10 metros, pregúntelle aos veciños de López Mora, aos da Avenida de Galicia ou aos de Camelias, iso xa non se sofre agora, eses eventos paranormais da falla de mantemento que tiña na cidade o Partido Popular, iso agora non pasa.

Investimento obrigatoria e que está a facer esta cidade, o que non podemos entender é por que estamos sendo castigados por parte do Partido Popular, non só da Xunta de Galicia senón tamén do Concello de Vigo. Eu non vou entrar en falar da calidade da auga doutros concellos que ten valores moito peores que nós, en ferro, aluminio, en trihalometanos, moito inferiores aos nosos pero eu non vou a entrar nas analíticas doutros concellos que eu coñezo e que vos coñecedes e o que si digo é que deixe de mentir Sra. Muñoz, e non diga que a auga non é apta para o consumo humano porque como xa lle dixen antes, a auga non apta ou apta para o consumo humano teno que determinar a Xunta de Galicia e de momento a Xunta de Galicia nunca determinou que a auga non era apta para o consumo humano e o ten que facer con dúas probas e dúas mostras consecutivas.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Efectivamente e non o puido facer porque vostedes lle ocultaron informes e lle ocultaron información, por iso non declarou en parte de Vigo auga non apta para o consumo, vostede ocultaron informes e o seguen a ocultar, onde están os informes de Aqualia Sr. Regades de novembro e decembro que non nos enviou? Onde están e nolo seguen ocultando? Eu simplemente a esa relación de obras que quitou vostede que só vostede terá porque claro cando fala vostede parece o director xeral de Aqualia pero non parece un concelleiro que ten que velar polos intereses dos veciños de Vigo senón polos intereses dunha empresa privada, pero xa que vostede está con esa lista de obras que só ten vostede, que ten ben escondida baixo chave, insisto, como director xeral de Aqualia, voulle ler o que di o informe de Aqualia “durante o ano 2016 a renovación das redes de transporte e distribución foi do 0,12%”, substitución anual totalmente insuficiente, temos unha rede abastecemento en Vigo absolutamente terceiro mundista, temos as tuberías de fibrocemento, que teñen amianto, as tuberías que teñen que ver coa calidade de auga absolutamente terceiro mundista, recoñéceo a propia Aqualia, temos depósitos oxidados, temos unha potabilizadora que está obsoleta e a calidade da auga e o abastecemento é competencia municipal, pero

non o digo eu, dino vostedes propiamente no Plan Xeral que lles anulou a xustiza no que recoñecían que os investimentos na potabilizadora do Casal tiña que ser ao 50% Aqualia, o 30% o Concello e o 20% a Xunta de Galicia, ese 80-20 non o di o Partido Popular, recoñecérono vostedes mesmos no Plan Xeral e agora nolo queren recoñecer porque prefiren botar balóns fora, a calidade de auga en Vigo é un desastre pola súa culpa e sabe onde están os cartos da Xunta de Galicia que lle pagamos na súa factura? Está na depuradora que se está a facer nesta cidade, máis de 100 millóns de euros investidos pola Xunta de Galicia na depuradora, máis de 100 millóns de euros, onde están os 450 millóns que lle pagamos a Aqualia nestes 10 anos dende que o Sr. Caballero é o Alcalde? Onde están os 450 millóns? Non o sabemos, dende logo na rede de abastecemento non están que é exactamente onde terían que estar, vostedes non cumpren coas súas funcións, gústalles culpar a outros do que son os seus propios fallos e están a deixar a esta cidade nun estado lamentable en cuestións que son da súa competencia porque o que lles gusta é a discusión, a confrontación e o que non lles gusta dende logo é traballar polos vigueses, a nós si e o seguiremos a facer.

PRESIDENCIA: Antes de pasar a ditaminar eu creo que hai varias acusacións graves, pero de feito o das mostras eu vólvolle a dicir, tódalas mostras que se fixeron nesta cidade foron trasladadas por parte do Concello á Xunta de Galicia, digo máis, que nestes momentos imos facer entrega a tódolos medios de comunicación e ao grupo do Partido Popular tamén das mostras de novembro e decembro, a min me costa que se lles entregou pero se lles volve a entregar sen ningún problema, a vostedes e aos medios de comunicación para que dean certeza de que lles estamos a entregar esas mostras.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Presidente)

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome

Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.12.2017 (Rex. Nº 1676/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

13(210).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO ÁS PERSOAS QUE ESTÁN ACAMPADAS EN FOLGA DE FAME.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Todos sabemos a situación en que se encontra a xente da acampada e en particular don Juan que está neste momento en folga de fame e entón rogaría que o tiveran en conta porque é unha persoa enferma e eu tamén quero que queda claro aquí que se algo sucede a esa persoa, o Partido Popular acusará directamente ao Sr. Alcalde desta cidade.

14(211).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO AO PLAN DE TRÁFICO PARA O NADAL.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Dende o Partido Popular queríamos facer un rogo que ten que ver co Plan de Tráfico improvisado que puxo en marcha o goberno municipal para o Nadal, o rogo é que se revise ese Plan de Tráfico e que se informe dese Plan de Tráfico improvisado.

PRESIDENCIA: Queda recollido o seu rogo.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

15(212).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO ÁS MULLERES QUE PRESENTARON NO REXISTRO DO CONCELLO UN ESCRITO ALERTANDO DA SÚA SITUACIÓN DE DESEMPREGO.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Aínda de recentes dúas mulleres, unha delas en avanzado estado de xestación, presentaron no rexistro do Concello un escrito alertando da súa situación de desemprego ante o inminente desafiuzamento, queríamos preguntarlle ao Alcalde, pero non está aquí, trasladádelles a pregunta, pensa o Alcalde facer valer a súa palabra de que os casos de desafiuzamento que eran notificados a este Concello non se producían e se negociaba directamente dende esta situación?.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

16(213).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO Á CANTIDADE DE PERSOAS QUE VIVEN SOAS NA CIDADE.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Quería saber, por favor, cando realmente comezaría nesta cidade a saberse a cantidade de persoas que viven soas para por fin poder facer un proxecto como Deus manda dende o seu goberno municipal.

PRESIDENCIA: Queda recollida a pregunta, contestaráselle por escrito.

PRESIDENCIA: Non habendo máis rogos nin preguntas e antes de finalizar este Pleno se lles desexa a tódolos veciños/as e concelleiros/as Felices Festas e boa entrada para o ano 2018,

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dezaseis minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.